Grupo Parlamentario da Alternativa Galega de Esquerda

Sánchez García, Antón

Sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego en relación coa situación do pequeno comercio e o impacto nel da implantación das grandes superficies comerciais

BOPG n.º 13, do 11.12.2012

Sométese a votación e resulta rexeitada por 33 votos a favor, 41 votos en contra e ningunha abstención.

- 2686 (09/PNP-000204)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Gallego Calvar, María Carmen e 2 máis

Sobre a posición do Parlamento de Galicia e as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego en relación cos recortes levados a cabo polo Ministerio de Sanidade, Servizos Sociais e Igualdade nos orzamentos destinados ao sostemento da rede de servizos sociais comunitarios para os anos 2012 e 2013

BOPG n.º 46, do 06.02.2013

Sométese a votación e resulta rexeitada por 33 votos a favor, 41 votos en contra e ningunha abstención.

- 2812 (09/PNP-000222)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

García García, Pablo e Fernández Fernández, Raúl

Sobre a posición que debe defender o Goberno de España na negociación da nova política agraria común

BOPG n.º 51, do 13.02.2013

Sométese a votación e resulta rexeitada por 33 votos a favor, 41 votos en contra e ningunha abstención.

- 2917 (09/PNP-000226)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Paz Franco, María Tereixa

Sobre a continuidade no cargo do delegado territorial da Xunta de Galicia en Ourense

BOPG n.º 51, do 13.02.2013

Sométese a votación e resulta rexeitada por 33 votos a favor, 41 votos en contra e ningunha abstención.

- 3109 (09/PNP-000229)

Grupo Parlamentario da Alternativa Galega de Esquerda

Díaz Pérez, Yolanda

Sobre a constitución polo Goberno galego dunha ponencia técnica para o estudo e a avaliación das necesidades dun futuro mapa xudicial de Galicia

BOPG n.º 51, do 13.02.2013

Sométese a votación e resulta rexeitada por 41 votos a favor, 33 votos en contra e ningunha abstención.

Santiago de Compostela, 28 de febreiro de 2013

Miguel Ángel Santalices Vieira

Vicepresidente 1.º

1.4. Procedementos de información**1.4.4. Preguntas****1.4.4.1. Preguntas orais en Pleno****Corrección de erros na execución dos acordos da Mesa do Parlamento do día 26 de febreiro de 2013 en relación coa omisión da admisión a trámite das preguntas orais en Pleno docs. núms. 3834 (09/POP-000332), 3836 (09/POP-000361) e 4020 (09/POP-000349).**

Advertido un erro material, por omisión, na relación das iniciativas admitidas a trámite pola Mesa do Parlamento na reunión do 26 de febreiro de 2013, publicadas no BOPG núm. 60, do 28 de febreiro de 2013, procédese á súa corrección nos seguintes termos:

No punto de procedementos de información debe engadirse:

Preguntas orais en Pleno

Admisión a trámite e publicación

- 3834 (09/POP-000332)

Grupo Parlamentario da Alternativa Galega de Esquerda

Díaz Pérez, Yolanda

Sobre as medidas de urxencia que vai levar a cabo a Xunta de Galicia para o saneamento integral da ría de Ferrol

- 3836 (09/POP-000361)

Grupo Parlamentario da Alternativa Galega de Esquerda

Díaz Pérez, Yolanda

Sobre as previsións da Xunta de Galicia respecto da execución da dragaxe da ría do Burgo, de xeito urxente

- 4020 (09/POP-000349)

Grupo Parlamentario da Alternativa Galega de Esquerda

Fernández Calviño, David

Sobre a posición do Goberno galego respecto da concesión de explotación mineira derivada do permiso de investigación Faramontaos nº 5089.1, situada nos concellos de Trasmiras e Xinzo de Limia

Santiago de Compostela, 1 de marzo de 2013

Miguel Ángel Santalices Vieira
Vicepresidente 1.º

A Mesa do Parlamento, na súa reunión do día 21 de febreiro de 2013, tivo coñecemento das respostas da Xunta de Galicia ás seguintes preguntas con resposta escrita:

1.4.4.3. Preguntas para resposta por escrito

Toma de coñecemento das respostas, remisión ás deputadas e aos deputados e publicación

- 3393 - 1198 (09/PRE-000293)

Grupo Parlamentario da Alternativa Galega de Esquerda

Sánchez García, Antón e Vázquez Díaz, Ramón

Sobre a valoración da Consellería de Traballo e Benestar das demoras existentes no pagamento das subvencións concedidas, ao abeiro da Orde do 30 de decembro de 2011, para o establecemento de traballadores autónomos

- 3395 - 1260 (09/PRE-000294)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Adán Villamarín, María do Carme e Prado Cores, María Montserrat

Sobre as medidas previstas polo Goberno galego para evitar a degradación das condicións laborais no sector da construción e, nomeadamente, na execución das obras da estación do AVE na cidade de Vigo

- 3396 - 1278 (09/PRE-000295)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Adán Villamarín, María do Carme e Pombo Rodríguez, Cosme Eladio

Sobre os investimentos levados a cabo polo Goberno galego na construción da residencia para persoas dependentes físicas do concello de Bóveda, as razóns da elección dunha empresa privada para a súa xestión, así como o orzamento destinado ao concerto de prazas

- 2651 - 1331 (09/PRE-000296)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Sestayo Doce, Beatriz e 3 máis

Sobre as medidas de choque previstas polo Goberno galego e, de xeito específico, dende o Plan Ferrol, para inverter as cifras de desemprego nas comarcas de Ferrolterra, Eume e Ortegal

- 2781 - 1434 (09/PRE-000299)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Acuña do Campo, María Carmen e 2 máis

Sobre as supostas irregularidades existentes na adxudicación das xefaturas de servizo dos centos hospitalarios galegos nos últimos catro anos

- 2780 - 1438 (09/PRE-000300)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Acuña do Campo, María Carmen e 2 máis

Sobre a aplicación en Galicia do Real decreto lei 16/2012, do 20 de abril, de medidas urxentes para garantir a sustentabilidade do Sistema Nacional de Saúde e mellorar a calidade e seguridade das súas prestacións

- 3173 - 1469 (09/PRE-000301)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Pontón Mondelo, Ana Belén e Aymerich Cano, Carlos Ignacio

Sobre a actuación da dirección do Complexo Hospitalario Universitario de Santiago de Compostela en relación coa folga xeral convocada o 14 de novembro de 2012

- 2551 - 1474 (09/PRE-000302)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Acuña do Campo, María Carmen e 2 máis

Sobre a situación na que se atopa a elaboración do VI Plan galego para a igualdade de mulleres e homes, as razóns da demora no cumprimento do acordo parlamentario ao respecto e o prazo previsto polo Goberno galego para a súa entrada en vigor, así como as conclusións e o balance do anterior plan

- 3150 - 556 (09/PRE-000304)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Prado Cores, María Montserrat

Sobre as xestións levadas a cabo, así como as actuacións previstas polo Goberno galego antes do 20 de decembro de 2012, para garantir o mantemento da actividade empresarial e os postos de traballo nas factorías da empresa conserveira Alfageme na comarca do Salnés

- 3469 - 572 (09/PRE-000305)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Prado Cores, María Montserrat

Sobre a incidencia no tecido comercial e nas competencias autonómicas de Galicia das modificacións que introducen os artigos 27 e 28 do Real decreto lei 20/2012, do 13 de xullo, de medidas para garantir a estabilidade orzamentaria e de fomento da competitividade, así como as xestións previstas polo Goberno galego diante do Goberno central para a súa anulación

- 3422 - 591 (09/PRE-000306)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Méndez Romeu, José Luis e Losada Álvarez, Abel Fermín
Sobre a situación, a actividade e o custo da delegación do Igape ou da Rede Pexga en São Paulo, os mecanismos de control existentes e a valoración do Goberno galego do desenvolvemento do convenio asinado coa Confederación de Empresarios de Galicia para a súa xestión, así como as razóns do incumprimento do acordo parlamentario ao respecto

- 3149 - 639 (09/PRE-000307)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Pombo Rodríguez, Cosme Eladio e 2 máis

Sobre a valoración do Goberno galego do posible peche da única fábrica de cemento existente en Galicia, situada no Oural, na comarca de Sarria, as xestións realizadas e as actuacións previstas para garantir a continuidade da actividade empresarial e do emprego nela

- 3131 - 654 (09/PRE-000308)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Paz Franco, María Tereixa

Sobre as razóns para a declaración de incidencia supramunicipal do proxecto de explotación dunha canteira no concello de Castrelo de Miño, a valoración do Goberno galego desta instalación, así como a súa incidencia na actividade agraria, no tecido produtivo e económico do contorno e as previsións ao respecto na tramitación do expediente

- 3399 - 703 (09/PRE-000309)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Aymerich Cano, Carlos Ignacio e Adán Villamarín, María do Carme

Sobre a posición da Xunta de Galicia respecto da promoción de instalación de novas industrias no concello de Cee e, nomeadamente, do mantemento do uso industrial dos terreos da antiga Sicar

- 3423 - 729 (09/PRE-000310)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Méndez Romeu, José Luis

Sobre os motivos e consecuencias da demora, así como o prazo previsto pola Consellería de Economía e Industria para o cumprimento do seu compromiso de regulación do sector da fontanería

- 3394 - 735 (09/PRE-000311)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Adán Villamarín, María do Carme

Sobre as actuacións e medidas previstas polo Goberno galego para a dispoñibilidade, por parte da industria naval galega, antes do remate do ano 2012, dun sistema de arrendamento fiscal, tax lease, para a contratación de buques, o mantemento do seu emprego, así como o fomento da construción de buques especializados e de alta tecnoloxía

- 3397 - 743 (09/PRE-000312)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego
Adán Villamarín, María do Carme e Jorquera Caselas, Francisco Xesús

Sobre as medidas previstas polo Goberno galego para o desenvolvemento da Lei 5/2010, do 23 de xuño, de fomento do sector naval de Galicia, o mantemento do emprego e o fomento da construción de buques especializados e de alta tecnoloxía

- 3700 - 781 (09/PRE-000313)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia
Méndez Romeu, José Luis e García García, Pablo
Sobre as razóns da demora e a data prevista para a posta en funcionamento das instalacións de produción de enerxía eléctrica a partir da biomasa forestal reguladas no Decreto 149/2008, a repotenciación dos proxectos adxudicados ante o novo marco regulador e a regulamentación dos cultivos enerxéticos, así como dos instrumentos de ordenación forestal, previstos na Lei 7/2012, do 28 de xuño, de montes de Galicia

- 3392 - 912 (09/PRE-000315)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia
Méndez Romeu, José Luis e 2 máis
Sobre as actuacións que vai levar a cabo a Xunta de Galicia para a apertura do Rexistro de preasignación de retribución de instalacións de enerxía eléctrica en réxime especial, así como o desenvolvemento da normativa autonómica que permita o aproveitamento da enerxía eléctrica producida mediante fontes renovables e, en particular, do balance neto para autoconsumo en pemes

- 3699 - 918 (09/PRE-000316)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia
Méndez Romeu, José Luis e 2 máis
Sobre a valoración do Goberno galego da baixada do número de viaxeiros nos aeroportos da Coruña e de Vigo e o impacto da supresión das axudas ás compañías de baixo custo que operaban neles, así como as medidas previstas para a recuperación dos tráfico aéreo nesas cidades

- 3133 - 953 (09/PRE-000317)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia
Méndez Romeu, José Luis e 3 máis
Sobre as razóns da declaración de interese público de carácter supramunicipal outorgada a unha concesión mineira no

concello de Castrelo de Miño e a súa compatibilidade coa actividade vitivinícola da zona

- 3168 - 976 (09/PRE-000318)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia
Méndez Romeu, José Luis e 2 máis
Sobre as previsións da Xunta de Galicia respecto da realización, para o ano 2012, da convocatoria anual das subvencións destinadas ás enerxías renovables

- 2783 - 1183 (09/PRE-000320)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia
Méndez Romeu, José Luis e 2 máis
Sobre as previsións do Goberno galego respecto da convocatoria, para o ano 2012, das subvencións destinadas aos proxectos de aforro e eficiencia enerxética, a súa contía económica e as súas liñas de actuación

- 2785 - 1284 (09/PRE-000323)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia
Méndez Romeu, José Luis e 2 máis
Sobre o rexeitamento pola Administración galega do proxecto de investimento da empresa Merkur para a produción dun autobús eléctrico, así como sobre as condicións que pode ofrecer para competir con outros territorios na captación de novos proxectos empresariais

- 2784 - 1392 (09/PRE-000326)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia
Méndez Romeu, José Luis e 2 máis
Sobre as iniciativas que vai adoptar o Goberno galego diante do Ministerio de Industria para garantir a viabilidade das plantas de biocombustible galegas e as que está a impulsar para introducir biocombustible de segunda xeración, así como a súa valoración do futuro destes carburantes en Galicia

- 2782 - 1404 (09/PRE-000327)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia
Méndez Romeu, José Luis e 2 máis
Sobre a actuación do Instituto Enerxético Galego en relación co borrador do Real decreto polo que se establece a regulación das condicións administrativas, técnicas e económicas da modalidade de subministración de enerxía eléctrica con balance neto e a valoración das propostas das empresas galegas de enerxía minieólica, así como as medidas de impulso previstas para o desenvolvemento deste sector

- 3171 - 1455 (09/PRE-000329)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Aymerich Cano, Carlos Ignacio e Adán Villamarín, María do Carme

Sobre o estado de tramitación da solicitude presentada por unha empresa canadense para a apertura dunha mina de ouro a ceo aberto en Corcoesto, no concello de Cabana de Bergantiños, e a actuación do Goberno galego ao respecto

- 3132 - 1467 (09/PRE-000330)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Adán Villamarín, María do Carme

Sobre a solución prevista para os terreos expropiados para o proxecto sectorial da plataforma loxística e industrial Salvaterra-As Neves, PLISAN, tras a súa anulación polo Tribunal Supremo, así como o plan industrial que vai desenvolver a Consellería de Economía e Industria ao respecto

- 3148 - 647 (09/PRE-000334)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Paz Franco, María Tereixa e Pombo Rodríguez, Cosme Eladio
Sobre os datos do Goberno galego respecto da situación da empresa Alimentos Lácteos, S.A., na súa factoría de Outeiro de Rei, as xestións realizadas e as actuacións previstas para garantir o mantemento da actividade empresarial e os postos de traballo nela

- 3881 - 669 (09/PRE-000335)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Paz Franco, María Tereixa

Sobre os motivos e obxectivos do Goberno galego para modificar o nivel de cofinanciamento do Fondo Europeo Agrícola de Desenvolvemento Rural, Feader, no Plan de desenvolvemento rural de Galicia 2007-2013, e os datos referidos ao seu impacto para os grupos de desenvolvemento rural, así como na xeración de actividade económica e emprego nese medio

- 3879 - 681 (09/PRE-000336)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Paz Franco, María Tereixa

Sobre os motivos e obxectivos do Goberno galego para modificar o nivel de cofinanciamento do Fondo Europeo Agrícola de Desenvolvemento Rural, Feader, no Plan de desenvolvemento rural de Galicia 2007-2013, así como o seu impacto

- 3696 - 708 (09/PRE-000337)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Aymerich Cano, Carlos Ignacio e Paz Franco, María Tereixa
Sobre o prazo previsto polo Goberno galego para estender a acta de reorganización da propiedade da concentración parcelaria da zona de Cereixo-Carnés, no concello de Vimianzo, así como para o inicio do proceso nas parroquias de Castrelo, Carantoña e Berdoias dese municipio

- 3963 - 928 (09/PRE-000339)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

García García, Pablo e 2 máis

Sobre as medidas adoptadas e previstas pola Xunta de Galicia en relación cos prezos do leite e as prácticas fraudulentas e abusos na cadea de produción, así como a negociación entre produtores e industrias, e a base territorial das explotacións galegas

- 3460 - 944 (09/PRE-000340)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Paz Franco, María Tereixa e Pontón Mondelo, Ana Belén

Sobre o estado de tramitación e o prazo previsto polo Goberno galego para a probación do Plan de ordenación dos recursos naturais do Lugar de Interese Comunitario e da Zona de Especial Protección para as Aves de Pena Trevinca, así como as actuacións levadas a cabo ou que vai desenvolver para evitar e reparar a destrución dos seus valores

- 3398 - 1043 (09/PRE-000341)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Paz Franco, María Tereixa e Adán Villamarín, María do Carme

Sobre o estado de tramitación do expediente da solicitude de concesión da explotación dun aproveitamento mineiro nos concellos de Xinzo de Limia e Trasmiras e a valoración do Goberno galego do seu posible impacto, nomeadamente, na zona de especial protección para as aves e na actividade agraria da comarca, así como as previsións ao respecto

- 3878 - 1492 (09/PRE-000342)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Paz Franco, María Tereixa

Sobre as xestións realizadas e as actuacións previstas polo Goberno galego respecto dos requirimentos que están a recibir diversas explotacións lácteas para o pagamento de dife-

rentes cantidades por sobreproducción de cota na campaña 1996-1997

- 3909 - 826 (09/PRE-000343)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Prado Cores, María Montserrat

Sobre a avaliación da situación na que se atopa, así como as medidas adoptadas e previstas polo Goberno galego para defender os intereses da frota galega afectada pola non renovación do acordo pesqueiro con Mauritania, e a información que posúe respecto dos recursos deste caladoiro, así como a política do Goberno central en relación ao acceso ás axudas polo amarre forzoso

- 3912 - 858 (09/PRE-000349)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Prado Cores, María Montserrat

Sobre a proposta aprobada no Parlamento europeo pola que se elimina a obrigatoriedade de incluír na súa etiquetaxe a orixe dos produtos procedentes do mar, e a súa incidencia para o sector extractivo galego

- 3177 - 816 (09/PRE-000353)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Pontón Mondelo, Ana Belén e Prado Cores, María Montserrat

Sobre as razóns polas que non se retransmitiu en directo pola CRTVG a valoración dos portavoces parlamentarios da sesión de investidura do presidente da Xunta de Galicia

- 3884 - 938 (09/PRE-000354)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Gallego Lomba, José Manuel e 2 máis

Sobre as liñas de actuación que se van incluír no Plan estratéxico da náutica recreativa 2012/2020 e a súa incidencia nos investimentos previstos na actualidade polo ente público Portos de Galicia, así como os datos referidos ao seu financiamento

- 3889 - 1011 (09/PRE-000355)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Val Alonso, José Ramón e 2 máis

Sobre as actuacións levadas a cabo e as medidas previstas pola Xunta de Galicia en relación co recente acordo de pesca entre a Unión Europea e Mauritania e a súa incidencia na frota cefalopodeira galega

- 3694 - 1016 (09/PRE-000356)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Val Alonso, José Ramón e 2 máis

Sobre os motivos da demora da execución da dragaxe da ría de Foz, a existencia dalgunha partida orzamentaria para ese fin e a situación na que se atopa o estudo para solucionar os seus problemas de calado, de xeito definitivo, así como as previsións do ente público Portos de Galicia respecto da ampliación do número de amarres e de servizos nas dársenas

- 3701 - 1188 (09/PRE-000358)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Val Alonso, José Ramón e 2 máis

Sobre a situación na que se atopan os mariñeiros galegos afectados polo remate do anterior acordo de pesca entre a Unión Europea e Mauritania, as xestións que está levar a cabo o Goberno galego para axilizar o pagamento das axudas pactadas, así como as medidas previstas para a súa extensión a todos eles

- 3176 - 1362 (09/PRE-000360)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Méndez Romeu, José Luis e Quintas Álvarez, María Remedios

Sobre a valoración da CRTVG do concurso para a contratación do servizo de dobraxe en lingua galega e sonorización de diversos tipos de obras audiovisuais para TVG, S.A., adxudicado o 23 de marzo de 2012, así como o desenvolvemento en futuros concursos de criterios de compra pública innovadora

- 3873 - 922 (09/PRE-000367)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

García García, Pablo e 2 máis

Sobre as medidas que está a adoptar o Goberno galego para evitar o peche das explotacións no sector lácteo

- 3910 - 2253 (09/PRE-000370)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Pontón Mondelo, Ana Belén e Aymerich Cano, Carlos Ignacio

Sobre o destino da partida orzamentaria correspondente ao ano 2012 para a construción dun novo centro de saúde no concello de Melide

BOPG n.º 38, do 25.01.2013

- 3432 - 2255 (09/PRE-000371)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego
Pontón Mondelo, Ana Belén e Adán Villamarín, María do Carme

Sobre as razóns da Xunta de Galicia para non executar o orzamento existente para o ano 2012 na ampliación da residencia da terceira idade no concello de Melide, o seu destino e as previsións ao respecto para o ano 2013

BOPG n.º 38, do 25.01.2013

- 3157 - 2279 (09/PRE-000379)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia
Acuña do Campo, María Carmen e 2 máis

Sobre as intencións da Consellería de Sanidade respecto da dotación dunha única praza de medicina de atención primaria e doutra de enfermaría a todos aqueles centros con menos de 12.000 tarxetas sanitarias individuais

BOPG n.º 38, do 25.01.2013

- 3902 - 2281 (09/PRE-000380)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia
Acuña do Campo, María Carmen e 2 máis

Sobre as previsións do Goberno galego respecto da supresión dunha das dúas prazas de facultativo existentes no centro de saúde do concello de Muíños, na provincia de Ourense, as razóns desta medida e as medidas levadas a cabo desde a alcaldía e a deputación provincial para defender este servizo

BOPG n.º 38, do 25.01.2013

- 3693 - 2287 (09/PRE-000383)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego
Pontón Mondelo, Ana Belén

Sobre os datos referidos aos convenios asinados pola Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Infraestruturas co concello de Melide nos anos 2009, 2010, 2011 e 2012

BOPG n.º 38, do 25.01.2013

- 3868 - 2370 (09/PRE-000397)

Grupo Parlamentario da Alternativa Galega de Esquerda
Solla Fernández, Eva

Sobre a incidencia que vai ter a redución que presenta, no proxecto de lei de orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2013, a partida destinada á Escola Galega de Administración Sanitaria

BOPG n.º 42, do 31.01.2013

- 3864 - 2403 (09/PRE-000401)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego
Aymerich Cano, Carlos Ignacio e Jorquera Caselas, Francisco Xesús

Sobre a situación de saturación existente no Servizo de Urgencias do Complexo Hospitalario Universitario da Coruña o día 18 de xaneiro de 2013, as medidas previstas polo Goberno galego ao respecto e, en concreto, para o cumprimento das recomendacións realizadas no Informe do Consello de Contas de Galicia referido ao ano 2010

BOPG n.º 42, do 31.01.2013

- 3416 - 2486 (09/PRE-000403)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego
Paz Franco, María Tereixa

Sobre as razóns para a declaración de incidencia supramunicipal do proxecto de explotación dunha canteira no concello de Castrelo de Miño, a valoración do Goberno galego desta instalación, así como a súa incidencia na actividade agraria, no tecido produtivo e económico do contorno e as previsións ao respecto na tramitación do expediente

BOPG n.º 42, do 31.01.2013

- 3858 - 2560 (09/PRE-000412)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego
Aymerich Cano, Carlos Ignacio

Sobre as razóns e o impacto que van ter nas listas de espera, nomeadamente de Vigo e Ourense, os recortes orzamentarios previstos para o ano 2013 na actividade cirúrxica, de cardioloxía intervencionista e oncoloxía radioterápica, así como de diagnóstico por imaxe do Sergas

BOPG n.º 47, do 07.02.2013

- 3862 - 2584 (09/PRE-000414)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego
Paz Franco, María Tereixa e Aymerich Cano, Carlos Ignacio

Sobre o despedimento e anuncio de non substitución de dous facultativos no Hospital Comarcal de Valdeorras, os motivos e as consecuencias desta decisión, así como as actuacións previstas en relación coas especialidades que perderon facultativos nos últimos meses e a execución do seu plan director

BOPG n.º 47, do 07.02.2013

- 3863 - 2596 (09/PRE-000416)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Paz Franco, María Tereixa e Aymerich Cano, Carlos Ignacio
Sobre as previsións do Goberno galego respecto do pechamento do punto de atención continuada de Trives, se é o caso os motivos desta decisión, e as súas repercusións para as persoas usuarias e a calidade dos servizos
BOPG n.º 47, do 07.02.2013

- 3869 - 2600 (09/PRE-000417)

Grupo Parlamentario da Alternativa Galega de Esquerda
Solla Fernández, Eva

Sobre o recorte que presentan no Proxecto de lei de orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2013, os recursos destinados á construción do novo centro de saúde de Marín e as previsións do Goberno galego para a construción do proxecto inicial

BOPG n.º 47, do 07.02.2013

- 506 (09/PRE-000001)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Aymerich Cano, Carlos Ignacio

Sobre as razóns dos problemas no abastecemento de vacinas contra a gripe que se están a producir na campaña de 2012

BOPG n.º 5, do 28.11.2012

- 515 (09/PRE-000002)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Aymerich Cano, Carlos Ignacio e Pombo Rodríguez, Cosme Eladio

Sobre as medidas previstas polo Goberno galego para garantir as familias o dereito de acceso ao servizo de comedor nos centros públicos de ensino do concello de Oleiros e, nomeadamente, no Colexio de Educación Infantil e Primaria da Rabadeira

BOPG n.º 5, do 28.11.2012

- 565 (09/PRE-000005)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Méndez Romeu, José Luis e Losada Álvarez, Abel Fermín

Sobre a decisión da Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria respecto dun recurso presentado por un alumno excluído do servizo de comedor do colexio da Rabadeira, no concello de Oleiros, as razóns que impiden a súa ampliación a todos os solicitantes, así como o prazo previsto para a restauración do normal funcionamento dos órganos do centro

BOPG n.º 5, do 28.11.2012

- 838 (09/PRE-000025)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Pontón Mondelo, Ana Belén

Sobre o xuízo que se vai celebrar o día 30 de novembro de 2012 nos xulgados da Coruña con motivo dunha denuncia presentada contra o presidente da Mesa pola Normalización Lingüística

BOPG n.º 10, do 05.12.2012

- 872 (09/PRE-000027)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Pombo Rodríguez, Cosme Eladio

Sobre as actuacións previstas polo Goberno galego para o restablecemento do programa Preescolar na Casa

BOPG n.º 10, do 05.12.2012

- 943 (09/PRE-000033)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Paz Franco, María Tereixa e Pontón Mondelo, Ana Belén

Sobre o estado de tramitación e o prazo previsto polo Goberno galego para a aprobación do Plan de ordenación dos recursos naturais do Lugar de Interese Comunitario e da Zona de Especial Protección para as Aves de Pena Trevinca, así como as actuacións levadas a cabo ou que vai desenvolver para evitar e reparar a destrución dos seus valores

BOPG n.º 15, do 13.12.2012

- 1021 (09/PRE-000038)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Pontón Mondelo, Ana Belén e 2 máis

Sobre a catalogación e a realización pola Xunta de Galicia dalgún estudo do estado de conservación no que se atopa o mural pintado por Urbano Lugrís nunha cafetaría da cidade da Coruña, así como as actuacións previstas para garantir a súa conservación e protección

BOPG n.º 15, do 13.12.2012

- 1034 (09/PRE-000039)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Soneira Tajés, María Soledad

Sobre os datos referidos ás alegacións presentadas polos veciños ao proxecto inicial da travesía que se está a construír na localidade de Coristanco, e as razóns do incumprimento dos prazos previstos para a súa execución

BOPG n.º 15, do 13.12.2012

- 1067 (09/PRE-000042)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Aymerich Cano, Carlos Ignacio

Sobre a data prevista para o inicio das obras de mellora da seguridade viaria na estrada PO-841, no acceso ao Centro de Saúde de Souto de Veá, no concello da Estrada, e as razóns da demora do cumprimento do acordo parlamentario ao respecto

BOPG n.º 15, do 13.12.2012

- 1094 (09/PRE-000043)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Aymerich Cano, Carlos Ignacio

Sobre a data prevista para o inicio das obras de mellora da seguridade viaria na estrada PO-841, no acceso ao Centro de Saúde de Souto de Veá, no concello da Estrada, e as razóns da demora do cumprimento do acordo parlamentario ao respecto

BOPG n.º 15, do 13.12.2012

- 1120 (09/PRE-000047)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Paz Franco, María Tereixa e Pontón Mondelo, Ana Belén

Sobre a avaliación do Goberno galego das consecuencias da sentenza ditada en relación co trazado da AG-53 ao seu paso por Santa Cruz de Arrabaldo e as actuacións levadas a cabo para promover algún acordo cos demandantes, así como as alternativas que propón para solucionar a situación xerada

BOPG n.º 15, do 13.12.2012

- 1130 (09/PRE-000049)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Méndez Romeu, José Luis e 2 máis

Sobre as previsións do Goberno galego respecto do desenvolvemento de iniciativas de transporte colectivo aos polígonos empresariais galegos desde os núcleos de poboación do seu contorno, os impedimentos que hai, así como o estado no que se atopa o plan de aparcamentos disuasorios

BOPG n.º 15, do 13.12.2012

- 1166 (09/PRE-000053)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Aymerich Cano, Carlos Ignacio e Pombo Rodríguez, Cosme Eladio

Sobre as previsións do Goberno galego respecto do remate, antes do inicio do curso escolar 2013-2014, das obras de

ampliación do Colexio de Educación Infantil e Primaria Sada e os seus Contornos, no concello de Sada

BOPG n.º 15, do 13.12.2012

- 1325 (09/PRE-000076)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Méndez Romeu, José Luis e 2 máis

Sobre as previsións do Goberno galego para a posta en valor do Mosteiro de Santa Cristina de Ribas de Sil e das tumbas antropomorfas de San Víctor, así como a creación dun centro de interpretación

BOPG n.º 19, do 20.12.2012

- 1443 (09/PRE-000088)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Pontón Mondelo, Ana Belén

Sobre os datos referidos aos gastos en publicidade e propaganda realizados durante o ano 2012 pola Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Infraestruturas e polos organismos dependentes dela

BOPG n.º 19, do 20.12.2012

- 1446 (09/PRE-000089)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Pontón Mondelo, Ana Belén

Sobre a colaboración da Xunta de Galicia con Gas Natural Fenosa e a difusión de campañas que exclúen a lingua galega

BOPG n.º 19, do 20.12.2012

- 1573 (09/PRE-000100)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Adán Villamarín, María do Carme e Pontón Mondelo, Ana Belén

Sobre o plan de traballo e os recursos orzamentarios que vai consignar a Secretaría Xeral de Cultura para o ano 2013 co fin de garantir a viabilidade do Museo de Arte Contemporánea de Vigo

BOPG n.º 26, do 04.01.2013

- 1269 (09/PRE-000220)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Docasar Docasar, Ricardo Vicente e 2 máis

Sobre a implicación do profesorado no bo funcionamento do sistema educativo, tras a adopción de medidas que afectan negativamente a súa situación profesional

- 1294 (09/PRE-000223)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Gallego Calvar, María Carmen e 3 máis

Sobre o prazo previsto polo Goberno galego para o cumprimento do compromiso de desdoblamento do corredor do Morrazo

- 1424 (09/PRE-000233)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Méndez Romeu, José Luis e 2 máis

Sobre a valoración do Goberno galego do estado dos proxectos industriais asociados ao Plan eólico

- 1029 (09/PRE-000270)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Sestayo Doce, Beatriz e 2 máis

Sobre a política prevista polo Goberno galego en relación co Plan Ferrol

- 1270 (09/PRE-000280)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Docasar Docasar, Ricardo Vicente e 2 máis

Sobre a implicación do profesorado no bo funcionamento do sistema educativo, tras a adopción de medidas que afectan negativamente a súa situación profesional

- 2277 (09/PRE-000377)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Pontón Mondelo, Ana Belén e Aymerich Cano, Carlos Ignacio

Sobre os datos referidos aos convenios asinados pola Consellería de Sanidade co concello de Melide nos anos 2009, 2010, 2011 e 2012

BOPG n.º 38, do 25.01.2013

Santiago de Compostela, 27 de febreiro de 2013

Miguel Ángel Santalices Vieira

Vicepresidente 1.º

A MESA DO PARLAMENTO GALEGO

Yolanda Díaz Pérez, deputada do Grupo Parlamentar da **Alternativa Galega de Esquerda (EU-ANOVA)**, ao abeiro do disposto no artigo 155 do regulamento da cámara presenta a seguinte **pregunta para a súa resposta oral no Pleno, sobre as medidas de urxencia para recuperar a ría de Ferrol**

O Grupo Parlamentar de Alternativa Galega de Esquerda acredita na preocupación e valoración moi crítica feita onte pola comisión parlamentar europea que xirou visita a algúns dos buratos negros da xestión da Xunta de Galicia, caso da falla de saneamento das rías galegas. As rías do Burgo, Ferrol ou Vigo amosan o fracaso integral do goberno galego en materia de saneamento das rías, que esta semana constatou a comisión europea.

Alternativa Galega de Esquerda chama a atención unha vez máis sobre os riscos para a saúde pública derivados da situación da ría de Ferrol, que sofre o moi severo proceso de degradación ambiental, que lastra as potencialidades económicas, de emprego e para o lecer que acubilla esta ría. A falla do saneamento causa a progresiva perda de riqueza extractiva da ría así como do emprego asociado a ela, e a constante agresión cotián que se deriva dos verquidos da planta de gas de Reganosa xogan en contra do futuro da ría, que padece o desinterese ou complicidade da Xunta para pór fin a estas situacións agresivas e ilegais.

Cómpre unha reacción do goberno galego diante dunha situación que vulnera a lexislación medioambiental da Unión Europea. O propio presidente da delegación parlamentar europea certifica tanto a lexitimidade das denuncias canto o atraso das autoridades públicas do PP en cumprimentar as esixencias medioambientais comunitarias.

O informe definitivo que vai redactar a comisión podría aparellar sancións a causa das vulneracións cometidas, outrosí dos moitos interrogantes que restan por clarexar. Xa que logo, a Xunta ten que adoptar medidas inmediatas que corrixan a situación e impidan que se continúe a degradar un valor clave do futuro de Ferrol, a súa ría.

En atención a estes motivos, o Grupo parlamentar de Alternativa Galega de Esquerda formula a seguinte **PREGUNTA para a súa resposta oral no Pleno:**

Que medidas de urxencia vai realizar a Xunta de Galicia para sanear de xeito integral a ría de Ferrol?

Compostela, 18 de febreiro de 2013.



Asdo: Yolanda Díaz Pérez

Vicevoceira do GP de AGE

Asinado dixitalmente por:

Yolanda Díaz Pérez na data 18/02/2013 09:50:10

A MESA DO PARLAMENTO GALEGO

Yolanda Díaz Pérez, deputada do Grupo Parlamentar da **Alternativa Galega de Esquerda (EU-ANOVA)**, ao abeiro do disposto no artigo 155 do regulamento da cámara presenta a seguinte **pregunta para a súa resposta oral no Pleno, sobre as medidas de urxencia para recuperar a ría do Burgo.**

O Grupo Parlamentar de Alternativa Galega de Esquerda acredita na preocupación e valoración moi crítica feita onte pola comisión parlamentar europea que xirou visita nesta semana algúns dos buratos negros da xestión da Xunta de Galicia, caso da falla de saneamento das rías galegas e das agresións que seguen a sufrir de cote.

A esixencia vertida pola delegación europea relativa a que se precisa un dragado urxente e inmediato da ría do Burgo merece unha resposta dilixente e colaboradora da administración pública competente, o goberno galego. Basta xa de mentiras e de deixacións. Urxe unha fonda rectificación da política da Xunta de xeito que sexa unha prioridade o cumprimento da lei que prescribe o saneamento das rías, o saneamento da ría do Burgo.

As opinións interesadas do director de Augas de Galicia negando a situación de degradación case absoluta da ría e negando a veracidade das fotografías son elocuentes da cegueira e desinterese dese mal traballador do interese público que é Francisco Menéndez.

Alternativa Galega de Esquerda chama a atención unha vez máis sobre os riscos para a saúde pública derivados da situación da ría do Burgo: a saúde pública, o medio ambiente, a calidade de vida da poboación residente na contorna e a calidade da auga, que sofre pola contaminación que emana dos lodos, son motivos abondo para forzar a reacción inmediata da Xunta e xa que logo proceder ao dragado urxente da ría do Burgo.

En atención a estes motivos, o Grupo parlamentar de Alternativa Galega de Esquerda formula a seguinte **PREGUNTA para a súa resposta oral no Pleno:**

Vai a Xunta de Galicia a proceder a dragar de maneira urxente a ría do Burgo?

Compostela, 18 de febreiro de 2013.

Asdo: Yolanda Díaz Pérez

Vicevoceira do GP de AGE



Asinado dixitalmente por:

Yolanda Díaz Pérez na data 18/02/2013 09:58:25

Á MESA DO PARLAMENTO

David Fernández Calviño, deputado pertencente ao **Grupo Parlamentar da Alternativa Galega de Esquerda**, ao abeiro do disposto no artigo 155 do Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Pregunta** para a súa resposta oral en **Pleno**, relativa ó Estudo de Impacto Ambiental do Proxecto de Explotación da concesión Faramontaos Nº 5089.

Actualmente está a ser tramitado o proxecto de explotación, estudo de impacto ambiental e plan de restauración da concesión de explotación derivada do permiso de investigación Faramontaos, número 5089.1, situada nos concellos de Trasmiras e Xinzo de Limia, da provincia de Ourense, e promovido por Minecer, S.L.

Segundo a memoria presentada, o proxecto transformaría de xeito irreversible 61 hectáreas de terreo de elevada produtividade agraria a lagoas. A propia memoria reconece que os terreos sobre os que se asentará a explotación foron obxecto de concentración parcelaria e están sometidos a un plan de regadío. A perda de 61 ha de terra de elevada produtividade agraria supoñería a perda de cando menos 8 postos de traballo que non poderán ser recuperados unha vez remate a explotación, mentres que este proxecto proporcionaría un máximo de 10 postos de traballo durante como moito 30 anos.

Respecto á segunda transformación dos produtos, a empresa reconece que o material extraído será exportado a fabricas de fora de Galiza, mentres que os produtos agrarios da Limia son transformados en gran medida na comarca, contribuíndo a que a industria manufactureira sexa a máis destacada do sector secundario tal como recolle a propia memoria.

Polo dito, formúlase a seguinte Pregunta para a súa resposta oral en Pleno

Cal é a posición do goberno galego a respecto desta explotación mineira?

Santiago de Compostela, 19 de febreiro de 2013.

Asdo.: David Fernández Calviño

Deputado do G.P. da AGE.

Asinado dixitalmente por:

David Fernández Calviño na data 19/02/2013 17:49:17



XUNTA DE GALICIA

CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA,
ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS
E XUSTIZA


Dirección Xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

galicia

RS/mc

8 FEB. 2013

3393



En relación coa pregunta con resposta oral en Comisión **número: 1198**, formulada polo Grupo Parlamentario Alternativa Galega de Esquerda, a iniciativa de don Antón Sánchez García e don Ramón Vázquez Díaz, sobre **“a valoración da Consellería de Traballo e Benestar das demoras existentes no pagamento das subvencións concedidas, ao abeiro da Orde do 30 de decembro de 2011, para o establecemento de traballadores autónomos”**, (publicada no BOPG número 15, do 13 de decembro de 2012), convertida en **pregunta con resposta escrita** por finalización do período de sesións setembro-decembro de 2012 (BOPG número 30 do 14 de xaneiro de 2013), teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Traballo e Benestar**, que ten o seguinte contido:

“A finalidade do programa de promoción do emprego autónomo é promover e axudar a financiar aqueles proxectos empresariais que faciliten a creación do seu propio posto de traballo ás persoas desempregadas que pretendan desenvolver a súa actividade empresarial ou profesional en Galicia como traballadores ou traballadoras autónomos/as ou por conta propia.

A actual situación económica esixe desenvolver programas que favorezan o crecemento e o emprego, en especial para as persoas desempregadas. Por iso o programa de promoción do emprego autónomo constitúe un apoio da Consellería de Traballo e Benestar ás persoas que apostan por saír da situación de desemprego mediante a ilusión e o esforzo pola creación do seu propio posto de traballo.

Para apoiar o autoemprego dos autónomos e das autónomas galegas a prioridade desta Consellería foi poder atender o maior número posible de solicitudes con cargo aos créditos orzamentarios do exercicio de 2012.

Con esta finalidade foi publicada no Diario Oficial de Galicia, o día 20 de decembro de 2012 unha orde de ampliación de crédito para poder conceder máis subvencións solicitadas no ano 2012 ao abeiro deste programa, concretamente por un importe total de 1.040.380,14 euros.

O elevado número de solicitudes presentadas ao abeiro deste programa de axudas, así como as esixencias procedimentais que implica a tramitación administrativa e contable dos fondos públicos: verificación da documentación presentada e do cumprimento dos requisitos, requirimento da documentación, proposta de resolución e a súa fiscalización, resolución e a súa notificación, verificación da documentación esixida para o seu pagamento, fan que esta xestión leve un tempo de tramitación.


En todo caso, sempre se procede á tramitación do seu aboamento coa maior celeridade posible.

De xeito que esta iniciativa seguirá cumprindo a súa finalidade: axudar a financiar o proxecto empresarial e o mantemento do seu propio posto de traballo dos autónomos e das autónomas galegas que crearon o seu propio posto de traballo, na crucial etapa de inicio da súa actividade económica ou profesional.”

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela, 5 de febreiro de 2013

O director xeral de Relacións Institucionais
e Parlamentarias



Gonzalo José Ordóñez Puime

Excma. Sra. Presidenta do Parlamento de Galicia




XUNTA DE GALICIA

CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA,
ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS
E XUSTIZA PARLAMENTO DE GALICIA
Dirección Xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

RS/mc

8 FEB 2013

3395



galicia

En relación coa pregunta con resposta oral en Comisión **número: 1260**, formulada polo Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, a iniciativa de dona María do Carme Adán Villamarín e dona María Montserrat Prado Cores, sobre **“as medidas previstas polo Goberno galego para evitar a degradación das condicións laborais no sector da construción e, nomeadamente, na execución das obras da estación do AVE na cidade de Vigo”**, (publicada no BOPG número 19, do 20 de decembro de 2012), convertida en **pregunta con resposta escrita** por finalización do período de sesións setembro-decembro de 2012 (BOPG número 30 do 14 de xaneiro de 2013), teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Traballo e Benestar**, que ten o seguinte contido:

“A Consellería de Traballo e Benestar ten un plan de actuación, en colaboración coa Inspección de Traballo e Seguridade Social, para o control e seguimento das situacións ilegais en todos os sectores e, en especial nas obras de construción; así figura especificamente contemplado no Plan de Actuación da Inspección de Traballo para o ano 2013:

Neste sector continuarase desenvolvendo unha actuación permanente e cuantitativamente relevante, reflectíndose, non só na comprobación das condicións materiais, senón ao exame e comprobación da efectividade real dos plans e estudos de seguridade, totalizando en Galicia unha programación de 2.335 ordes de servizo, mais do 69% do total da actividade planificada do área.

As visitas ás obras seleccionaranse preferentemente a través das Comunicacións de Apertura e Avisos Previos que traslada a Autoridade Laboral Autonómica, anotacións en libros de incidencias, así como outras fontes de coñecemento: sindicatos, Colexios de Arquitectos, etc.

A maior parte das actuacións van dirixidas á comprobación das condicións materiais de seguridade que inclúe a vixilancia do cumprimento das disposicións mínimas de seguridade e saúde do RD 1627/1997 e outros Regulamentos de desenvolvemento da Lei 31/1995.


Outra parte das actuacións será destinada a vixiar o cumprimento das obrigacións da Lei 32/2006, comprende fundamentalmente as obrigacións referidas a acreditación e rexistro de empresas subcontratistas, formación de traballadores e persoal directivo e réxime de subcontratación contido no Art. 5 da Lei 32/2006, e demais obrigacións cuxo incumprimento está tipificado dentro das infraccións en materia de prevención de riscos laborais

Dentro deste apartado continuaranse as campañas desenvolvidas no ano 2012.”

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela, 5 de febreiro de 2013

O director xeral de Relacións Institucionais
e Parlamentarias



Gonzalo José Ordóñez Puime



O investimento total do proxecto ascende a 3.121.900 euros, dos cales a Comisión Europea contribúe cunha axuda no reembolsable do 65% e a Comunidade Autónoma de Galicia achega o restante 35%, sendo este cofinanciamento asumido conxuntamente pola Consellería de Traballo e Benestar e pola Consellería de Economía e Industria.

O obxectivo deste proxecto é o de poder proporcionar, aos beneficiarios, un conxunto de actuacións que dean resposta urxente e palíen a situación que se produciu en Galicia neste sector.

Na actualidade, o Proxecto FEAG da Industria da Construción Naval en Galicia, Empreganav, está sendo executado de forma conxunta pola Xunta de Galicia, en colaboración cos axentes sociais participantes na mesa sectorial do sector naval do Diálogo Social en Galicia: a Asociación de Industriais Metalúrxicos de Galicia- ASIME en representación da CEG, a Federación de Industria de CCOO Galicia, e a Federación de Industria, Metal, Construción e Afíns de UXT, MCA-UXT.

Para levar a cabo o proxecto Empreganav, deseñouse un Plan Integrado de Medidas feito a medida dos traballadores afectados do sector, para que se lles poida acompañar persoal e individualizadamente no proceso que comprende desde o despedimento ata a súa reinserción no mercado laboral. Este divídese en 7 fases:

1. Acolida e diagnóstico inicial
2. Programa de formación
3. Medidas de sensibilización
4. Programa de inserción
5. Programa de orientación
6. Medidas de acompañamento
7. Programa de incentivos

Actuacións anualidade 2012.

As accións emprendidas, no período comprendido entre o 1 de xullo do 2012 e o 31 de decembro do 2012, téñense centrado na acollida e diagnóstico inicial, medidas de sensibilización, orientación laboral por conta allea e formación (formación en activación laboral e formación transversal).

Nesta primeira etapa do proxecto os esforzos foron encamiñados a localización e contacto coas persoas desempregadas procedentes do sector do metal e auxiliar do naval, nas datas elixibles.

Ao mesmo tempo, durante este período, realizouse unha investigación, que servirá de base no deseño dos itinerarios, para detectar as ocupacións cun maior potencial de inserción, nos territorios de procedencia da poboación desempregada.

Actuacións anualidade 2013.

Tras unha análise en profundidade das ocupacións con maior potencial de inserción, dentro do sector do metal e auxiliar do naval e en novas tecnoloxías, deseñáronse unha serie de accións formativas, adaptadas ás necesidades formativas e as competencias da poboación participante.

A formación é unha das ferramentas máis eficaces das que se serven as persoas e as organizacións para adaptarse as novas circunstancias e as diferentes situacións que se van sucedendo. Unha adecuada formación é un requisito imprescindible que a poboación traballadora debe de acreditar para poder competir no mercado laboral.

Por este motivo, de forma complementaria ás accións de orientación, asesoramento, acompañamento e inserción, cumpre sinalar que realizárase un plan de formación co fin de dotar os traballadores dunha maior empleabilidade, ben mediante unha recualificación profesional ou ben mediante un incremento das súas competencias:

- **Formación en competencias básicas:** Tratarase dun programa de formación para a adquisición de competencias e coñecementos correspondentes á educación básica, co fin de adquirir e actualizar a formación básica das persoas participantes ata a obtención do título de Graduado en Educación Secundaria.



Previsese que se levarán a cabo 5 cursos, eminentemente prácticos, de 100h de duración respectivamente, onde participarán aproximadamente uns 191 usuarios/as.

- **Formación en activación laboral:** Realizaranse cursos de contido eminentemente práctico e de curta duración como continuación dos xa realizados durante o ano 2012, destinados a activar aos usuarios no seu proceso de procura de emprego.

Previsese que participen nesta acción aproximadamente 185 usuarios/as, polo que realizaranse 5 cursos de formación de 60 h. cada un, nas cidades de A Coruña, Ferrol, Santiago de Compostela, Ourense e Vigo.

- **Formación transversal:** Como continuación das accións levadas a cabo durante o ano 2012, realizaranse cursos de formación transversal segundo as necesidades específicas de cada un dos participantes, detectadas no proceso de definición do seu itinerario personalizado.

Entre os cursos que se realizarán o longo do 2013 cabe destacar, os cursos de Autocad, Interpretación de planos, Operador de carretillas elevadoras, Adquisición da Tarxeta Profesional de Construción, Informática, Inglés, etc...

- **Formación de especialización dentro do sector:** Este programa estará composto por diferentes cursos destinados a proporcionar unha mellora na súa cualificación profesional dentro do sector en base á ampliación de coñecementos relacionados coas súas tarefas desenvolvidas no sector naval e mesmo a novas técnicas dentro do sector en puntos de nova empleabilidade como consecuencia de avances tecnolóxicos.

Levaranse a cabo cursos de formación en relación a: Procesos de corte e reparación de bordes, soldadura, interpretación de planos, etc...

Actuacións previstas anualidade 2014.

Ao longo do ano 2014, previsese realizar fundamentalmente accións de formación que complementen a formación levada a cabo nos anos 2012 e 2013, e ofrecer apoio á recolocación, mediante a realización dunha análise continuada do tecido industrial da zona de influencia para detectar necesidades de persoal nas empresas e posterior xestión das ofertas de emprego, co fin de trasladalas aos diferentes usuarios en cuxos itinerarios profesionais encaixe a oferta de emprego localizada.

A Xunta de Galicia sempre colaborou co sector fomentando e apoiado aos nosos estaleiros na construción de buques especializados e de alta tecnoloxía nos que se atopan altamente especializados e son referencia mundial, e continuará colaborando principalmente con dúas medidas:

1º Participación da Consellería de Economía e Industria e do IGAPE no novo Fondo Naval de Garantías (FNG) xestionado pola entidade Pymaval Garantías, S.A.U. (PYMAVAL), sociedade que foi creada para tal fin no seo de PYMAR.


2º Constitución de un Fondo de Apoio á Construción Naval no seo do IGAPE.

Por outra parte, o Presidente e o Conselleiro de Economía e Industria continuaran favorecendo a internacionalización do noso sector tal e como fixeron na anualidade 2012 actuado como interlocutores e pondo en contacto aos nosos estaleiros coas armadoras que teñen as principais frota do mundo (Pemex, Petrobras...) e que xa frutificaron coa contratación de varios buques."

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela, 5 de febreiro de 2013

O director xeral de ~~Relacións Institucionais~~
e Parlamentarias





Gonzalo José Ordóñez Puime

Excma. Sra. Presidenta do Parlamento de Galicia



RS/mc



En relación coa pregunta con resposta oral en Comisión **número: 1278**, formulada polo Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, a iniciativa de dona María do Carme Adán Villamarín e don Cosme E. Pombo Rodríguez, sobre “**os investimentos levados a cabo polo Goberno galego na construción da residencia para persoas dependentes físicas do concello de Bóveda, as razóns da elección dunha empresa privada para a súa xestión, así como o orzamento destinado ao concerto de prazas**”, (publicada no BOPG número 19, do 20 de decembro de 2012), convertida en **pregunta con resposta escrita** por finalización do período de sesións setembro-decembro de 2012 (BOPG número 30 do 14 de xaneiro de 2013), teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Traballo e Benestar**, que ten o seguinte contido:

“Respecto á construción da residencia de Bóveda, debemos ter en conta que estamos a falar dun centro privado no que a Consellería de Traballo e Benestar Social non achegou ningunha cantidade para este fin, é dicir, non financiou nada que teña que ver coa construción ou co equipamento deste centro. A Consellería de Traballo e Benestar non financiou ningunha actividade no centro de referencia, nin á indicada empresa, antes da sinatura do contrato de xestión de prazas destinadas á atención residencial da discapacidade física.

A Xunta de Galicia non tiña preferencia por entidades con ou sen ánimo de lucro. Ata que se puxeron en marcha as prazas concertadas de atención residencial a persoas con discapacidade física de Bóveda, non existía na nosa Comunidade Autónoma ningún servizo público desta natureza, nin en centros propios nin a través de concertos con entidades privadas, nin sequera no ámbito asociativo. A isto había que sumar a falta de recursos tamén no ámbito privado, o que estaba a provocar que o colectivo de referencia se atopase nunha situación na que lle resultaba practicamente imposible atopar apoios e atención ás súas necesidades.

O número de persoas diagnosticadas en Galicia con discapacidade física supera as 150.000 persoas. Por outra banda, cando se decidiu poñer en marcha esta contratación, a porcentaxe de persoas que solicitaron recoñecemento de dependencia e que estaban á espera de asignación de recurso público, representaba preto dun 30% do total, fronte a outros colectivos de discapacidade nos que a porcentaxe de espera era notablemente inferior ou inexistente. En calquera caso, ese 30% de casos (que era o máis alto dentro dos colectivos de discapacidade), tiña, antes de por en marcha este centro, nulas posibilidades de que a Administración lles outorgase un recurso público residencial, dado que, como queda exposto, non existía. Isto motivou a necesidade de afrontar a posta en marcha dun recurso axeitado e, por suposto, acudiuse ao marco legal que rexe en materia de contratación pública.

A razón de ser do procedemento empregado atopámola no artigo 172 do Real Decreto Lexislativo 3/2011, do 14 de novembro, polo que se aproba o texto refundido da Lei de Contratos do Sector Público que establece que poderá acudirse ao procedemento negociado para adxudicar contratos de xestión de servizos públicos nos seguintes casos: ... a) Cando se trate de servizos públicos respecto dos cales non sexa posible promover concorrência na oferta.

Consultado o Rexistro de Entidades Prestadoras de Servizos Sociais, a única entidade da Comunidade Autónoma que, contaba cun centro residencial autorizado e apto para atender a persoas con discapacidade física gravemente afectadas era a entidade “Asistencia Integral Personalizada S.L.”, da que constaba que cumpría os requisitos de prazas dispoñibles, axeitadas e suficientes para atender a este tipo de usuarios.

Polo tanto, non existían outros operadores, con ou sen ánimo de lucro, en condicións de realizar esta prestación de servizo e non era posible promover a concorrência na licitación, polo que se iniciou o procedemento indicado e cursouse unha invitación a esta entidade para presentar oferta, cousa que fixo.

A parte que aporta a Consellería de Traballo e Benestar son 10,1 millóns que se destinarán ao mantemento das prazas desde o ano 2012 ata o 2016.”



XUNTA DE GALICIA

CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA,
ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS
E XUSTIZA

Dirección Xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

galicia

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela, 5 de febreiro de 2013

O director xeral de Relacións Institucionais
e Parlamentarias

Gonzalo José Ordóñez Puime




XUNTA DE GALICIA

CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA,
ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS
E XUSTIZA
Dirección Xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

RS/mc

29 XAN 2013

2651



En relación coa pregunta con resposta oral en Comisión **número: 1331**, formulada polo Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, a iniciativa de dona Beatriz Sestayo Doce e varios/as deputados/as máis, sobre **“as medidas de choque previstas polo Goberno galego para inverter as cifras de desemprego nas comarcas de Ferrolterra, Eume e Ortegal”**, (publicada no BOPG número 19, do 20 de decembro de 2012), convertida en **pregunta con resposta escrita** por finalización do período de sesións setembro-decembro de 2012 (BOPG número 30 do 14 de xaneiro de 2013), teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consejería de Economía e Industria**, que ten o seguinte contido:

“A principal medida para o estímulo do emprego é o compromiso de manter as axudas ao investimento nestas comarcas establecendo para a súa concesión criterios específicos que benefician aos proxectos investidores destinados ás mesmas. Debemos destacar as seguintes liñas de axudas que priorizan ás comarcas de Ferrolterra:

- Programa REINDUS do MITYC, que mantén as súas condicións de financiamento con 45'7 M€ para o ano 2013
- Liñas de axuda do IGAPE: Nas mesmas priorízase a localización dos proxectos nas comarcas de Ferrol, Eume e Ortegal: increméntase a porcentaxe das axudas, redúcese o investimento mínimo para acollerse a elas, e garántese unha porcentaxe sobre o total investido. Dentro destas liñas hase de salientar unha específica para estas comarcas, Re-Inviste Ferrol, destinada ás pemes dos sectores de hostalería, comercio, turismo e servizos que promovan investimentos nestas comarcas.
- Fondo Xes-Impulsa Ferrol: Trátase dun fondo de capital-risco específico que pretende desenvolver e consolidar o tecido empresarial e a creación de emprego.

O sector naval, despois de anos de parálise, o peche do acordo de colaboración con Pemex para establecer unha alianza estratéxica permitirá a construción de dous floteis e a posibilidade de ampliar esta colaboración. A firma de senllos contratos co estaleiro privado Barreras e co

estaleiro público Navantia, para a construción de barcos suporá un investimento de 290 millóns de euros e permitirá dotar de carga de traballo ás dúas factorías.


O porto exterior e o compromiso co seu desenvolvemento é tamén un dos piares para a creación de emprego. O pasado ano 2012 superou os 13 millóns de toneladas, sendo o segundo de maior crecemento en España. Ademais deste crecemento continuado e sostido as súas actividades estanse a diversificar e, recentemente, outra actividade--dentro desta diversificación e que colleu gran pulo este ano é a inclusión do porto ferrolán na rede cruceirística europea

Polo que respecta á formación para o emprego, a Consellería de Traballo e Benestar continuará impartindo nas comarcas un amplo abano de accións formativas dirixidas tanto a persoas desempregadas como a traballadores ocupados que xa ten beneficiado a un elevado número de persoas. Destacamos entre estes programas pola súa especificidade 'Empreganav', orientado a reinserción laboral de traballadores do sector naval. Canto ás políticas activas de emprego, continuarase coas iniciativas de escolas obradoiro, programas de cooperación con entidades locais, medidas de apoio á contratación, aos emprendedores e ao traballo autónomo."

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela, 28 de xaneiro de 2013

O director xeral de Relacións Institucionais
e Parlamentarias



Gonzalo José Ordóñez Puime

Excma. Sra. Presidenta do Parlamento de Galicia




XUNTA DE GALICIA

CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA,
ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS
E XUSTIZA

Dirección Xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias
DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS

galicia



RS/ms

31 XAN. 2013

2781

En relación coa pregunta con resposta oral en Comisión **número.: 1434**, formulada polo Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, a iniciativa de dona María Carmen Acuña do Campo e varios/as deputados/as máis, sobre **“as supostas irregularidades existentes na adxudicación das xefaturas de servizo dos centos hospitalarios galegos nos últimos catro anos”**, (publicada no BOPG núm.: 19, do 20 de decembro de 2012), convertida en **pregunta con resposta escrita** por finalización do período de sesións setembro-decembro de 2012 (BOPG número 31 do 15 de xaneiro de 2013) teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Sanidade**, que ten o seguinte contido:

“Na provisión de xefaturas de servizo no Servizo Galego de Saúde séguese o procedemento regulado no Decreto 206/2005. Na Consellería temos constancia das denuncias presentadas que, unha vez revisadas conforme ao establecido na regulamentación vixente, foron contestadas en tempo e forma.

Tras estas revisións efectuadas non consta a existencia de irregularidades nas convocatorias realizadas.”

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela, 30 de xaneiro de 2013

O director xeral de Relacións Institucionais
e Parlamentarias

Gonzalo José Ordóñez Puime

Excma. Sra. Presidenta do Parlamento de Galicia



XUNTA DE GALICIA

CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA,
ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS
E XUSTIZA

Dirección Xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

galicia

DEPRESIDENCIA E CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA, ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS E XUSTIZA DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS
31 XAN. 2013
SAIDA
Num. 84

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA

31 XAN. 2013

2780

RS/ms

En relación coa pregunta con resposta oral en Comisión **número.: 1438**, formulada polo Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, a iniciativa de dona María Carmen Acuña do Campo e varios/as deputados/as máis, sobre **"a aplicación en Galicia do Real decreto lei 16/2012, do 20 de abril, de medidas urxentes para garantir a sustentabilidade do Sistema Nacional de Saúde e mellorar a calidade e seguridade das súas prestacións"**, (publicada no BOPG núm.: 19, do 20 de decembro de 2012), convertida en **pregunta con resposta escrita** por finalización do período de sesións setembro-decembro de 2012 (BOPG número 31 do 15 de xaneiro de 2013) teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Sanidade**, que ten o seguinte contido:

"Galicia cumpre a legalidade, complementando e mellorando as vías para o acceso ao regulamento sanitario público.

Todos os cidadáns residentes en Galicia teñen acceso á sanidade pública.

As medidas adoptadas permiten loitar contra o fraude e o turismo sanitario dunha forma máis efectiva, ao tempo que se favorece a protección aos máis desfavorecidos."

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela, 30 de xaneiro de 2013

O director xeral de Relacións Institucionais
e Parlamentarias



Gonzalo José O'Donnell Puime

Excma. Sra. Presidenta do Parlamento de Galicia



XUNTA DE GALICIA

CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA,
ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS
E XUSTIZA

Dirección Xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

galicia

EPRESIDENCIA E CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA, ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS E XUSTIZA DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS
- 4 FEB. 2013
SAIDA
Num. 192

RS/mc

5 FEB. 2013

3173

En relación coa pregunta con resposta oral en Comisión **número: 1469**, formulada polo Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, a iniciativa de don Carlos I. Aymerich Cano e dona Ana B. Pontón Mondelo, sobre **"a actuación da dirección do Complexo Hospitalario Universitario de Santiago de Compostela en relación coa folga xeral convocada o 14 de novembro de 2012"**, (publicada no BOPG número 19, do 20 de decembro de 2012), convertida en **pregunta con resposta escrita** por finalización do período de sesións setembro-decembro de 2012 (BOPG número 30 do 14 de xaneiro de 2013), teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Sanidade**, que ten o seguinte contido:

"Non temos constancia da existencia da denuncia que mencionan. O pasado día 14 de novembro non se realizou ningunha actividade extraordinaria de tarde no CHUS .

A nosa responsabilidade, e tamén prioridade, é atender aos pacientes coa mellor calidade e seguridade e respectar os seus dereitos da mesma forma que respectamos os de todos os traballadores."

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela, 1 de febreiro de 2013



O director xeral de Relacións Institucionais
e Parlamentarias

Gonzalo José Ordóñez Puime

Excma. Sra. Presidenta do Parlamento de Galicia



RS/ms



En relación coa pregunta con resposta oral en Comisión **núm.: 1474**, formulada polo Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, a iniciativa de dona María Carmen Acuña do Campo e varios/as deputados/as mais, sobre **“a situación na que se atopa a elaboración do VI Plan galego para a igualdade de mulleres e homes, as razóns da demora no cumprimento do acordo parlamentario ao respecto e o prazo previsto polo Goberno galego para a súa entrada en vigor, así como as conclusións e o balance do anterior plan”**, (publicada no BOPG núm.: 19, do 20 de decembro de 2012), convertida en **pregunta con resposta escrita** por finalización do período de sesións setembro-decembro de 2012 (BOPG núm. 30, do 14 xaneiro de 2013), teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Secretaría Xeral de Igualdade**, que ten o seguinte contido:

“No mes de febreiro de 2012 comezaron os traballos de elaboración do VI Plan, unha vez avaliado o plan anterior con vixencia 2007/2010.

Os traballos de elaboración do VI Plan tiveron lugar entre os meses de marzo a xuño de 2012, manténdose reunións con todos os departamentos da Xunta de Galicia.

No mes de xullo de 2012 procedeuse a redación do documento e estivo a consulta pública na páxina web da Secretaría Xeral da Igualdade dende o día 7 de agosto ata o 7 de setembro de 2012.

Con motivo de terse disolto o Parlamento de Galicia por mor das eleccións autonómicas, e co obxecto de non demorar os traballos que faltaban para poder proceder a súa publicación, continuouse a traballar.

PARLAMENTO DE GALICIA REXISTRO XERAL ENTRADA
25 XAN. 2013
Núm. 2551


A obriga de remitilo ao Parlamento viña dada pola dita Resolución nº 48 aprobada por unanimidade no Parlamento de Galicia, na anterior lexislatura. Non existe previsión legal algunha que estableza a obrigatoriedade de ter que remitir ao Parlamento de Galicia para

a súa aprobación o Plan de igualdade, e toda vez que era un compromiso da anterior lexislatura.”

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela, 25 de xaneiro de 2013

O director xeral de Relacións Institucionais
e Parlamentarias



Gonzalo José Ordóñez Puime

Excm. Sra. Presidenta do Parlamento de Galicia



XUNTA DE GALICIA

CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA,
ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS
E XUSTIZA

Dirección Xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias


galicia

RS/ms

PARLAMENTO DE GALICIA
DIRECCIÓN XERAL ENTRADA

4 FEB. 2013

3150



En relación coa pregunta con resposta oral en Comisión **núm.: 556**, formulada polo Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, a iniciativa de dona María Monserrat Prado Cores, sobre **“as xestións levadas a cabo, así como as actuacións previstas polo Goberno galego antes do 20 de decembro de 2012, para garantir o mantemento da actividade empresarial e os postos de traballo nas factorías da empresa conserveira Alfageme na comarca do Salnés”**, (publicada no BOPG núm.: 5, do 28 de novembro de 2012), convertida en **pregunta con resposta escrita** por finalización do período de sesións setembro-decembro de 2012 (BOPG núm. 30, do 14 xaneiro de 2013), teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Economía e Industria**, que ten o seguinte contido:

“Durante os pasados catro anos, O Goberno galego traballou arreo e de xeito constante na procura de solucións para garantir a continuidade da empresa Alfageme e o mantemento do emprego na maior medida do posible.

Desde maio de 2009 ata a actualidade, a Xunta de Galicia impulsou numerosas iniciativas que tiñan un único obxectivo prioritario: a continuidade do proxecto industrial baixo a dirección dun novo grupo empresarial solvente e o mantemento do emprego asociado á empresa. Desafortunadamente, como é sabido, aínda non se puido dar cunha solución satisfactoria para cubrir eses retos.

Como unha das últimas iniciativas, e xa no marco do proceso concursal ao que se viu abocada a conserveira, o Goberno de Galicia abriu, a través do Igape, un proceso informativo destinado á recepción de ofertas de empresas do sector conserveiro como trámite previo a adquisición de determinados bens de Bernardo Alfageme S.A.


A este procedemento informativo concorreron tres grupos empresariais. Logo da exhaustiva análise realizada pola correspondente mesa técnica, o consello do Igape celebrado o pasado quince de novembro informou que ningunha das ofertas presentadas para facerse cargo da empresa conserveira Alfageme cumpría os requisitos mínimos esixidos, nin de mantemento de emprego nin de compromiso económico, nos pregos publicados para localizar un grupo solvente que tomase as rendas da empresa.

No futuro inmediato, a Xunta de Galicia seguirá a facer, como ata hoxe, todo o que estea dentro das súas posibilidades para procurar a continuidade do emprego e da actividade da conserveira Alfageme.”

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela, 31 de xaneiro de 2013

O director xeral de Relacións Institucionais
e Parlamentarias

A handwritten signature in black ink, appearing to read 'Gonzalo', is written over a faint, circular official stamp. The signature is fluid and cursive.

Gonzalo José Ordóñez Puime

Excma. Sra. Presidenta do Parlamento de Galicia





XUNTA DE GALICIA

CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA,
ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS
E XUSTIZA

Dirección Xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

galicia

RS/mc



En relación coa pregunta con resposta oral en Comisión **número: 572**, formulada polo Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, a iniciativa de dona María Montserrat Prado Cores, sobre **“a incidencia no tecido comercial e nas competencias autonómicas de Galicia das modificacións que introducen os artigos 27 e 28 do Real decreto lei 20/2012, do 13 de xullo, de medidas para garantir a estabilidade orzamentaria e de fomento da competitividade, así como as xestións previstas polo Goberno galego diante do Goberno central para a súa anulación”**, (publicada no BOPG número 5, do 28 de novembro de 2012), convertida en **pregunta con resposta escrita** por finalización do período de sesións setembro-decembro de 2012 (BOPG número 30 do 14 de xaneiro de 2013), teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Economía e Industria**, que ten o seguinte contido:

“O comercio ten efectivamente unha importancia fundamental para o desenvolvemento das nosas vilas e cidades contribuíndo a mellorar a súa imaxe, favorecendo a seguridade das nosas rúas e potenciando o seu atractivo, a afluencia de visitantes e, en definitiva, o seu dinamismo. O seu papel, no marco da economía galega está fora de toda dúbida. Os comerciantes galegos melloran a economía cotiá das nosas vilas e cidades.

Por todo isto, a Xunta de Galicia puxo en marcha unha estratexia de axuda á dinamización do comercio de Galicia articulado por primeira vez en torno a un Plan estratéxico, o Plan Agora, que estableceu medidas para incentivar o consumo e potenciar a actividade empresarial e comercial. O Plan Agora ven así desenvolvendo dende o ano 2009 diferentes liñas de actuación coa finalidade de impulsar o sector do pequeno comercio e mellorar a súa competitividade fronte a outros formatos comerciais cunha inversión que rolda os 92 millóns de euros dende o ano 2009.

A peculiar estruturación da xeografía da nosa Comunidade Autónoma nun entramado de comarcas inflúe no modelo comercial perfilado no noso territorio, caracterizado por unha presenza da pequena e mediana empresa comercial nas chamadas cabeceiras de comarca que abastecen e dan servizo á poboación con independencia da dispersión presente nos seus asentamentos e ubicación.

O modelo comercial galego presenta así unhas características propias baseadas na dispersión dos asentamentos no territorio e na estrutura comarcal.

O contido do Real Decreto-lei 20/2012, está fundamentado en recomendacións reiteradas de organismos internacionais como o Fondo Monetario Internacional e a Organización para a Cooperación e o Desenvolvemento Económicos que buscan un incremento da competitividade ao tempo que perseguen melloras para as persoas consumidoras.

Mais estas decisións contidas no Real Decreto -lei 20/2012 precisan dunha adaptación ás peculiaridades do modelo comercial do noso territorio.

A situación económica que estamos a atravesar a nivel estatal, e que afecta dun modo transversal a todos os sectores produtivos, incide dunha maneira especialmente gravosa na actividade do tecido comercial.

Non obstante, a Xunta de Galicia, a través do Plan estratéxico posto en marcha dende a Consellería de Economía e Industria, está a apostar polo incremento da competitividade do sector comercial, prestando especial atención ao comercio de proximidade. Así, destináronse 92 millóns de euros a fortalecer as estruturas comerciais e realizar actuacións de dinamización do consumo.

O comercio galego conta con ferramentas para adaptarse aos tempos e posicionarse dun xeito competitivo fronte aos grandes formatos mediante o fortalecemento da proximidade, da calidade, da atención ao cliente e da exclusividade dos produtos e dos servizos ofrecidos.”



XUNTA DE GALICIA

CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA,
ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS
E XUSTIZA

Dirección Xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

galicia

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela, 5 de febreiro de 2013

O director xeral de Relacións Institucionais
e Parlamentarias

Gonzalo José Ordóñez Puime


Excma. Sra. Presidenta do Parlamento de Galicia



XUNTA DE GALICIA

CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA,
ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS
E XUSTIZA

Dirección Xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias



RS/ms

3422

En relación coa pregunta con resposta oral en Comisión **número.: 591**, formulada polo Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, a iniciativa de don Abel Fermín Losada Álvarez e don José Luis Méndez Romeu, sobre **“a situación, a actividade e o custo da delegación do Igape ou da Rede Pexga en São Paulo, os mecanismos de control existentes e a valoración do Goberno galego do desenvolvemento do convenio asinado coa Confederación de Empresarios de Galicia para a súa xestión, así como as razóns do incumprimento do acordo parlamentario ao respecto”**, (publicada no BOPG núm.: 5, do 28 de novembro de 2012), convertida en **pregunta con resposta escrita** por finalización do período de sesións setembro-décembro de 2012 (BOPG número 31 do 15 de xaneiro de 2013) teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Economía e Industria**, que ten o seguinte contido:

“A rede Rede Pexga, impulsada pola Xunta de Galicia mediante un convenio coa Confederación de Empresarios de Galicia, dispón dunha plataforma ao servizo dos empresarios galegos en São Paulo, Brasil, desde marzo de 2011.

O persoal destacado nesta oficina desde a súa apertura promoveu numerosas accións e facilitou máis de 1.600 servizos a empresas galegas interesadas en exportar ou implantarse comercialmente nese mercado, cun alto potencial de crecemento; ata a data, a de São Paulo é a segunda plataforma máis demandada polo empresariado galego, con case un 21% dos servizos totais prestados pola rede Pexga.

Paralelamente, para reducir os custos sen unha diminución na calidade do servizo e dar cumprida resposta ás demandas das empresas galegas, a Rede Pexga está en vías de facer efectivo o traslado da oficina de São Paulo a locais cedidos pola oficina comercial española nesa cidade, no marco do acordo asinado pola Xunta de Galicia e o Ministerio de Economía e Competitividade.

O Goberno galego mantén a dirección, coordinación, supervisión e o control das actuacións e os investimentos e gastos da rede PEXGA, que xestiona, no día a día, a CEG, que –non se debe esquecer– representa a máis de 100.000 empresas. O seguimento das actuacións é permanente.

A Xunta fai unha valoración positiva do desenvolvemento e funcionamento da Rede Pexga, que vai ter un custos sensiblemente inferiores aos previstos inicialmente, cubrindo os obxectivos fixados sobre incremento no número de empresas exportadoras e das exportacións. Deste xeito, estanse aplicando fórmulas de redución de custos como o traslado, onde é posible, a oficinas comerciais do Goberno de España, o que permite que o orzamento máximo de 17,9 millóns de euros nun período de catro anos (dos que 16,8 correspondían a rede Pexga e 1,1 ao servizo de licitacións internacionais SALT) se vexa reducido ao redor dun 40%.


Os principais indicadores de seguimento do convenio son os referidos ao número de accións realizadas e servizos facilitados ás empresas atendidas e os custos dos mesmos.

A información sobre os procedementos internos abertos para depurar posibles responsabilidades entre o persoal do Igape foi facilitada en sede parlamentaria, en diferentes debates. A información demandada na moción citada non puido ser achegada nos prazos previstos por tratarse de expedientes incurso no procedemento xudicial aberto ao abeiro do chamado Caso Campeón. Sobre a Rede Pexga informou o director xeral do Igape en comisión, en decembro de 2011, e estaba prevista unha nova comparecencia, solicitada en xuño de 2012 polo Grupo Parlamentario Popular, que nun puido celebrarse pola disolución da Cámara previa ás eleccións autonómicas.”

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela, 7 de febreiro de 2013

O director xeral de Relacións Institucionais
e Parlamentarias



Gonzalo José Ordóñez Puime

Excma. Sra. Presidenta do Parlamento de Galicia



XUNTA DE GALICIA

CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA,
ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS
E XUSTIZA

Dirección Xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias


galicia

RS/ms

XUNTA DE GALICIA
DIRECCIÓN XERAL DE ENTRADA

4 FEB. 2013

3149



En relación coa pregunta con resposta oral en Comisión núm.: 639, formulada polo Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, a iniciativa de don Cosme Eladio Pombo Rodríguez e varios/as deputados/as máis, sobre **“a valoración do Goberno galego do posible peche da única fábrica de cemento existente en Galicia, situada no Oural, na comarca de Sarria, as xestións realizadas e as actuación previstas para garantir a continuidade da actividade empresarial e do emprego nela”**, (publicada no BOPG núm.: 5, do 28 de novembro de 2012), convertida en **pregunta con resposta escrita** por finalización do período de sesións setembro-decembro de 2012 (BOPG núm. 30, do 14 xaneiro de 2013), teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Economía e Industria**, que ten o seguinte contido:

“Desde que se coñeceron as dificultades que atravesaba a empresa, a Consellería de Economía e Industria está a facer, especialmente a través do Igape, un seguimento detallado da situación actual e das perspectivas de futuro de Cementos Cosmos.

Este seguimento inclúe reunións e contactos cos traballadores e con directivos da multinacional brasileira Votorantim, á que pertence a empresa, para coñecer en profundidade as dificultades e as perspectivas de futuro da planta galega.

Desde o primeiro momento, a Xunta é plenamente consciente da importancia de Cementos Cosmos para a comarca de Sarria e para toda a provincia de Lugo. Por iso, o conselleiro de Economía e Industria xa se reuniu con membros do comité de empresa de Cementos Cosmos para transmitirles a vontade do Goberno galego de empregar todos os instrumentos ao seu alcance para tratar de garantir a continuidade da empresa e o mantemento do emprego en Galicia.


Neste sentido, o conselleiro manifestou o compromiso de manter o diálogo tanto cos traballadores como coa Multinacional Votorantim, grupo empresarial do que depende a fábrica de cemento, co obxectivo de achegar posturas entre todas as partes implicadas e facer todo o que sexa posible para dar continuidade en Galicia ao proxecto e os postos de traballo.

Existe, xa que logo, unha total implicación e apoio da Xunta de Galicia aos traballadores e á continuidade da produción de Cementos Cosmos en Galicia; con ese obxectivo, o Goberno galego seguirá promovendo unha comunicación fluída entre todas as partes para intentar atopar unha solución conxunta traballando na procura de instrumentos que poidan garantir a continuidade da fábrica.”

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela, 31 de xaneiro de 2013

O director xeral de Relacións Institucionais
e Parlamentarias

A handwritten signature in black ink, appearing to read 'Gonzalo José Ordóñez Puime', is written over a faint, circular official stamp. The signature is fluid and cursive, with a large loop at the end.

Gonzalo José Ordóñez Puime

Excma. Sra. Presidenta do Parlamento de Galicia



XUNTA DE GALICIA

CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA,
ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS
E XUSTIZA


Dirección Xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

PARLAMENTO DE GALICIA

REGISTRO XERAL ENTRADA

- 5 FEB. 2013

3131



RS/mc

En relación coa pregunta con resposta oral en Comisión **número: 654**, formulada polo Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, a iniciativa de dona María Tereixa Paz Franco, sobre **“as razóns para a declaración de incidencia supramunicipal do proxecto de explotación dunha canteira no concello de Castrelo de Miño, a valoración do Goberno galego desta instalación, así como a súa incidencia na actividade agraria, no tecido produtivo e económico do contorno e as previsións ao respecto na tramitación do expediente”**, (publicada no BOPG número 5, do 28 de novembro de 2012), convertida en **pregunta con resposta escrita** por finalización do período de sesións setembro-décembro de 2012 (BOPG número 30 do 14 de xaneiro de 2013), teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Economía e Industria**, que ten o seguinte contido:

“A referencia do Consello da Xunta de Galicia do pasado 20 de setembro de 2012, no que se acordou a declaración de supramunicipalidade do proxecto de explotación, recolle que se trata dun proxecto que podería beneficiar tanto ao municipio no que se asentará como a toda a bisbarra, ao estar prevista a creación de máis de 30 postos de traballo e un investimento para o primeiro ano de actividade próximo a 250.000 euros, deixando constancia do apoio do Goberno Galego ao desenvolvemento de proxectos mineiros innovadores, ambiental e economicamente sostibles, modernos e eficientes como este, sustentado nun plan industrial que, entre outras cuestións, pretende empregar maquinaria innovadora (ata agora non utilizada nas explotacións de granito galegas) e un método que permitirá reducir consumos enerxéticos e custos de produción, minimizando, ademais, a utilización de explosivos.

No marco de tramitación da concesión de explotación que se segue pola Consellería de Economía e Industria, na súa condición de órgano substantivo, tense coñecemento da oposición veciñal e do propio Concello de Castrelo de Miño ao proxecto polas numerosas alegacións recibidas e o informe emitido no procedemento que se está a levar a cabo, e que serán valorados na resolución que se adopte. Complementariamente, representantes da Xunta

de Galicia xa mantiveron contactos co Alcalde do Concello de Castrelo de Miño e varios veciños e veciñas.


Non obstante, a falta de completar todos os informes sectoriais para emitir un xuízo rigoroso, a valoración do Goberno Galego, á vista do informe do órgano con competencias agrarias, da escasa superficie a ocupar pola explotación e da obriga de acometer un plan de restauración, é a de apoiar proxectos que permitan compatibilizar os usos instaurados e existentes con outros que conduzan a diversificar a estrutura económica da zona en favor da creación de emprego.

En canto á compatibilidade da tipificación do solo no que se pretende abrir a canteira e a propia actividade cabe indicar que, tal e como queda recollida na normativa de aplicación, os instrumentos de ordenación do territorio (plans sectoriais e proxectos sectoriais) permiten levar a cabo actuacións como esta en solo rústico de especial protección de espazos naturais sempre que, a través dos devanditos instrumentos, quede garantida que non se produce a transformación da súa natureza rústica e a integridade dos valores obxecto de protección.”

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela, 31 de xaneiro de 2013

O director xeral de Relacións Institucionais
e Parlamentarias




Gonzalo José Ordóñez Puime



RS/mc

8 FEB 2013

3399



En relación coa pregunta con resposta oral en Comisión **número: 703**, formulada polo Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, a iniciativa de dona María do Carme Adán Villamarín e don Carlos I. Aymerich Cano, sobre **“a posición da Xunta de Galicia respecto da promoción de instalación de novas industrias no concello de Cee e, nomeadamente, do mantemento do uso industrial dos terreos da antiga Sicar”**, (publicada no BOPG número 6, do 29 de novembro de 2012), convertida en **pregunta con resposta escrita** por finalización do período de sesións setembro-decembro de 2012 (BOPG número 30 do 14 de xaneiro de 2013), teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada polas **consellerías de Economía e Industria e a do Medio Rural e do Mar**, que ten o seguinte contido:

“A Xunta de Galicia está especialmente comprometida coa promoción do desenvolvemento económico e empresarial dos concellos da Costa da Morte –entre os que se atopa Cee–, como pon de manifesto a vixencia do Plan Revive, que inclúe un marco de discriminación positiva para incentivar a realización de novos investimentos nestas comarcas.

Como medida principal, o Plan Revive habilita subvencións destinadas a apoiar investimentos empresariais a partir de 200.000 euros (fronte ao mínimo xeral subvencionable de 500.000€) que se realicen nesas comarcas; estes proxectos de investimento poderán contar con subvencións mínimas garantidas do 20% se corresponden a primeiras implantacións en Galicia, e do 15% se se trata de proxectos de ampliación ou modernización de instalacións existentes. E préstamos directos complementarios.

Por outro lado, o marco xeral de axudas do Igape contemplará en 2013, como en anos anteriores, subvencións de maior intensidade ou tratamento preferente para as comarcas da Costa da Morte nas diferentes convocatorias de axudas do Igape:

- IG100, subvencións a grandes investimentos empresariais.
- Axudas para a mellora da competitividade
- Axudas para a internacionalización

- Proxectos impulsados por novos emprendedores, no marco do programa ReEmprende
- Servizos avanzados do programa ReAcciona

Pola súa banda, a Consellería do Medio Rural e do Mar, a través do ente público Portos de Galicia, no seu afán e obriga de poñer a disposición as súas instalación portuarias tanto para os usuarios que así as soliciten como para as empresas que desexan instalarse nelas, sempre que cumpran os requisitos establecidos, facilitará no posible a instalación de novas industrias en Cee.

É evidente que a Xunta de Galicia aposta por todas as iniciativas que supoñan o desenvolvemento portuario e económico e que, ademais, xeren riqueza e emprego. Como exemplo basta analizar o importante incremento dos tráfico no porto de Brens desde a súa ampliación e posta en servizo no mes de febreiro do pasado ano.


No caso da empresa que ten previsto solicitar a instalación dunha fábrica de tubaxes de grandes dimensións, o ente público soamente pode remitirse á petición de información solicitada ao mesmo, e ao acordo e consenso entre as administracións.

Portos de Galicia non pode opinar sobre a conveniencia ou non da instalación desa industria nese porto por non ser da súa competencia, xa que soamente corresponde a este organismo portuario facilitar no posible os terreos solicitados para a súa actividade.”

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela, 6 de febreiro de 2013

O director xeral de Relacións Institucionais
e Parlamentarias



Gonzalo José Ordóñez Puime

Excma. Sra. Presidenta do Parlamento de Galicia



XUNTA DE GALICIA


CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA,
ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS
E XUSTIZA

Dirección Xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

PARLAMENTO DE GALICIA
DIRECCIÓN XERAL DE RELACIONES INSTITUCIONALES E PARLAMENTARIAS

- 8 FEB. 2013

3423



RS/ms

En relación coa pregunta con resposta oral en Comisión **número.: 729**, formulada polo Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, a iniciativa de don José Luis Méndez Romeu , sobre **“os motivos e consecuencias da demora, así como o prazo previsto pola Consellería de Economía e Industria para o cumprimento do seu compromiso de regulación do sector da fontanería”**, (publicada no BOPG núm.: 6, do 29 de novembro de 2012), convertida en **pregunta con resposta escrita** por finalización do período de sesións setembro-decembro de 2012 (BOPG número 31 do 15 de xaneiro de 2013) teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Economía e Industria**, que ten o seguinte contido:

“O acordo do conselleiro de Industria co sector da fontanería cumpriuse dando lugar ao inicio dos traballos para a aprobación da ‘Orde de creación do rexistro de instalación interiores de subministración de auga de Galicia e a habilitación das empresas instaladoras mais consultada a asesoría xurídica da Xunta esta indicou a súa inviabilidade xurídica establecendo que no contexto xurídico actual, as instalacións interiores de subministro de auga e as empresas autorizadas para executalas non están sometidas a ningunha regulamentación de seguridade industrial, e polo tanto é unha actividade liberalizada á que se lle aplica na súa integridade a Directiva 2006/123/CE do Parlamento Europeo e do Consello de 12 de decembro de 2006, relativa aos servizos no mercado interior.”

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela, 7 de febreiro de 2013

O director xeral de Relacións Institucionais
e Parlamentarias

Gonzalo José Ordóñez Puime


Excma. Sra. Presidenta do Parlamento de Galicia



RS/mc

8 FEB 2013

3394



En relación coa pregunta con resposta oral en Comisión **número: 735**, formulada polo Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, a iniciativa de dona María do Carme Adán Villamarín, sobre **“as actuacións e medidas previstas polo Goberno galego para a dispoñibilidade, por parte da industria naval galega, antes do remate do ano 2012, dun sistema de arrendamento fiscal, tax lease, para a contratación de buques, o mantemento do seu emprego, así como o fomento da construción de buques especializados e de alta tecnoloxía”**, (publicada no BOPG número 10, do 5 de decembro de 2012), convertida en **pregunta con resposta escrita** por finalización do período de sesións setembro-decembro de 2012 (BOPG número 30 do 14 de xaneiro de 2013), teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Economía e Industria**, que ten o seguinte contido:

“A Xunta de Galicia, a pesar de que recoñece que para o tema do Tax-Lease non é interlocutor, conxuntamente coa Mesa do Dialogo Social xa veu executando accións directas tanto coa Comisión da Competencia como co Goberno Central pondo no seu coñecemento as propostas que elaborou e que serviron de base para a formulación da proposta que finalmente foi aprobada pola Comisión Europea da Competencia e que xa entrou en vigor a principios do ano 2013.

O goberno Galego desde que escomenzou a crise veu traballando na implantación de programas destinados ao mantemento de emprego e reter a man de obra cualificada.

Así, no ano 2012 e en colaboración coa Xerencia do Sector da Construción Naval, púxose en marcha unha Convocatoria de Axudas a Formación da Industria Auxiliar do Sector da Construción Naval de Galicia, para a realización de proxectos e actuacións orientadas á formación continua dos traballadores e traballadoras da industria naval, no ámbito da Comunidade Autónoma de Galicia, que se atopaban incluídos nun expediente de regulación de emprego que conleve suspensión do contrato de traballo, e excepcionalmente a traballadores do Sector en situación de desemprego coas seguintes características e previsións.

Beneficiarios: Empresas e Entidades sen ánimo de lucro que prestasen servizos de formación.

Obxectivos:

- Manter o emprego no sector.
- Mellorar a cualificación dos traballadores en situación de ERTE e en paro.
- Formar a uns 500 traballadores dos cales 300 estarían en situación de ERTE
- Financiar uns 30 cursos cunha duración media de 300 h.

Financiamento:

- Custo Total estimado do Plan 2.000.000 €.
- Achega da Xerencia do Sector da Construción Naval a través do Fondo Social Europeo 1.340.000 €.
- Achega da Xunta de Galicia 260.000 €.
- Achega das empresas e/ou centros de formación 400.000 €.

Asimesmo, e conscientes de que esta situación, está a ter unha especial repercusión no sector do metal e auxiliar do naval en Galicia, por parte da Xunta de Galicia deseñouse o proxecto **Empreganav**, sendo os seus beneficiarios, as persoas desempregadas provenientes de empresas de Galicia do CNAE 25, de Fabricación de produtos metálicos, excepto maquinaria e equipo, cuxo despido fora motivado por causas obxectivas entre o 23 de marzo e o 23 de decembro de 2011.

En base ao anterior, a Xunta de Galicia presentou, en data 28 de decembro de 2011, unha solicitude, EGF/2001/019 ES/Galicia Metal, de cofinanciamento deste proxecto ao Fondo Europeo de Adaptación á Globalización (en adiante FEAG) (Regulamento CE N.º 1927/2006 do Parlamento Europeo e do Consello, do 20 de decembro de 2006, polo que se crea o Fondo Europeo de Adaptación á Globalización). En data 25 de outubro de 2012 ditouse Decisión do Parlamento Europeo e do Consejo Europeo relativa á mobilización do FEAG para proporcionar o importe solicitado de 2.029.235 €.



O investimento total do proxecto ascende a 3.121.900 euros, dos cales a Comisión Europea contribúe cunha axuda no reembolsable do 65% e a Comunidade Autónoma de Galicia achega o restante 35%, sendo este cofinanciamento asumido conxuntamente pola Consellería de Traballo e Benestar e pola Consellería de Economía e Industria.

O obxectivo deste proxecto é o de poder proporcionar, aos beneficiarios, un conxunto de actuacións que dean resposta urxente e palíen a situación que se produciu en Galicia neste sector.

Na actualidade, o Proxecto FEAG da Industria da Construción Naval en Galicia, Empreganav, está sendo executado de forma conxunta pola Xunta de Galicia, en colaboración cos axentes sociais participantes na mesa sectorial do sector naval do Diálogo Social en Galicia: a Asociación de Industriais Metalúrxicos de Galicia- ASIME en representación da CEG, a Federación de Industria de CCOO Galicia, e a Federación de Industria, Metal, Construción e Afíns de UXT, MCA-UXT.

Para levar a cabo o proxecto Empreganav, deseñouse un Plan Integrado de Medidas feito a medida dos traballadores afectados do sector, para que se lles poida acompañar persoal e individualizadamente no proceso que comprende desde o despedimento ata a súa reinserción no mercado laboral. Este divídese en 7 fases:

1. Acollida e diagnóstico inicial
2. Programa de formación
3. Medidas de sensibilización
4. Programa de inserción
5. Programa de orientación
6. Medidas de acompañamento
7. Programa de incentivos

Actuacións anualidade 2012.

As accións emprendidas, no período comprendido entre o 1 de xullo do 2012 e o 31 de decembro do 2012, téñense centrado na acollida e diagnóstico inicial, medidas de sensibilización, orientación laboral por conta allea e formación (formación en activación laboral e formación transversal).

Nesta primeira etapa do proxecto os esforzos foron encamiñados a localización e contacto coas persoas desempregadas procedentes do sector do metal e auxiliar do naval, nas datas elixibles.

Ao mesmo tempo, durante este período, realizouse unha investigación, que servirá de base no deseño dos itinerarios, para detectar as ocupacións cun maior potencial de inserción, nos territorios de procedencia da poboación desempregada.

Actuacións anualidade 2013.

Tras unha análise en profundidade das ocupacións con maior potencial de inserción, dentro do sector do metal e auxiliar do naval e en novas tecnoloxías, deseñaranse unha serie de accións formativas, adaptadas ás necesidades formativas e as competencias da poboación participante.

A formación é unha das ferramentas máis eficaces das que se serven as persoas e as organizacións para adaptarse as novas circunstancias e as diferentes situacións que se van sucedendo. Unha adecuada formación é un requisito imprescindible que a poboación traballadora debe de acreditar para poder competir no mercado laboral.

Por este motivo, de forma complementaria ás accións de orientación, asesoramento, acompañamento e inserción, cumpre sinalar que realizárase un plan de formación co fin de dotar os traballadores dunha maior empleabilidade, ben mediante unha recualificación profesional ou ben mediante un incremento das súas competencias:

- **Formación en competencias básicas:** Tratarase dun programa de formación para a adquisición de competencias e coñecementos correspondentes á educación básica, co fin de adquirir e actualizar a formación básica das persoas participantes ata a obtención do título de Graduado en Educación Secundaria.



Previsese que se levarán a cabo 5 cursos, eminentemente prácticos, de 100h de duración respectivamente, onde participarán aproximadamente uns 191 usuarios/as.

- **Formación en activación laboral:** Realizaranse cursos de contido eminentemente práctico e de curta duración como continuación dos xa realizados durante o ano 2012, destinados a activar aos usuarios no seu proceso de procura de emprego.

Previsese que participen nesta acción aproximadamente 185 usuarios/as, polo que realizaranse 5 cursos de formación de 60 h. cada un, nas cidades de A Coruña, Ferrol, Santiago de Compostela, Ourense e Vigo.

- **Formación transversal:** Como continuación das accións levadas a cabo durante o ano 2012, realizaranse cursos de formación transversal segundo as necesidades específicas de cada un dos participantes, detectadas no proceso de definición do seu itinerario personalizado.

Entre os cursos que se realizarán o longo do 2013 cabe destacar, os cursos de Autocad, Interpretación de planos, Operador de carretillas elevadoras, Adquisición da Tarxeta Profesional de Construción, Informática, Inglés, etc...

- **Formación de especialización dentro do sector:** Este programa estará composto por diferentes cursos destinados a proporcionar unha mellora na súa cualificación profesional dentro do sector en base á ampliación de coñecementos relacionados coas súas tarefas desenvolvidas no sector naval e mesmo a novas técnicas dentro do sector en puntos de nova empleabilidade como consecuencia de avances tecnolóxicos.

Levaranse a cabo cursos de formación en relación a: Procesos de corte e reparación de bordes, soldadura, interpretación de planos, etc...

Actuacións previstas anualidade 2014.

Ao longo do ano 2014, previsese realizar fundamentalmente accións de formación que complementen a formación levada a cabo nos anos 2012 e 2013, e ofrecer apoio á recolocación, mediante a realización dunha análise continuada do tecido industrial da zona de influencia para detectar necesidades de persoal nas empresas e posterior xestión das ofertas de emprego, co fin de trasladalas aos diferentes usuarios en cuxos itinerarios profesionais encaixe a oferta de emprego localizada.

A Xunta de Galicia sempre colaborou co sector fomentando e apoiado aos nosos estaleiros na construción de buques especializados e de alta tecnoloxía nos que se atopan altamente especializados e son referencia mundial, e continuará colaborando principalmente con dúas medidas:

1º Participación da Consellería de Economía e Industria e do IGAPE no novo Fondo Naval de Garantías (FNG) xestionado pola entidade Pymaval Garantías, S.A.U. (PYMAVAL), sociedade que foi creada para tal fin no seo de PYMAR.


2º Constitución de un Fondo de Apoio á Construción Naval no seo do IGAPE.

Por outra parte, o Presidente e o Conselleiro de Economía e Industria continuaran favorecendo a internacionalización do noso sector tal e como fixeron na anualidade 2012 actuado como interlocutores e pondo en contacto aos nosos estaleiros coas armadoras que teñen as principais frota do mundo (Pemex, Petrobras...) e que xa frutificaron coa contratación de varios buques."

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela, 5 de febreiro de 2013

O director xeral de ~~Relacións Institucionais~~
e Parlamentarias



Gonzalo José Ordóñez Puime

Excma. Sra. Presidenta do Parlamento de Galicia



XUNTA DE GALICIA

CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA,
ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS
E XUSTIZA

Dirección Xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

galicia

RS/mc

2013

3397

CEPRESIDENCIA E CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA, ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS E XUSTIZA DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS
- 8 FEB. 2013
SAIDA
Num. 197

En relación coa pregunta con resposta oral en Comisión **número: 743**, formulada polo Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, a iniciativa de dona María do Carme Adán Villamarín e don Francisco X. Jorquera Caselas, sobre “**as medidas previstas polo Goberno galego para o desenvolvemento da Lei 5/2010, do 23 de xuño, de fomento do sector naval de Galicia, o mantemento do emprego e o fomento da construción de buques especializados e de alta tecnoloxía**”, (publicada no BOPG número 10, do 5 de decembro de 2012), convertida en **pregunta con resposta escrita** por finalización do período de sesións setembro-decembro de 2012 (BOPG número 30 do 14 de xaneiro de 2013), teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Economía e Industria**, que ten o seguinte contido:

“De acordo coa Lei, 5/2010, o sector da construción naval e un sector estratéxico para a economía galega e así aparece reflectido no Plan Estratéxico 2010 – 2014 Horizonte 2020.

Así, as medidas a adoptar para o desenvolvemento da mesma irán encamiñadas a acadar o obxectivo global e os obxectivos estratéxicos que o plan establece para este sector estratéxico. Así no eixo da dinamización económica, crecemento e emprego as medidas irán encamiñadas a, internacionalizar a economía galega e fomentar o investimento empresarial o espírito emprendedor e a innovación nas empresas, a potenciar a competitividade deste sector estratéxico mediante a política de clústers e o fomento da innovación e cooperación empresarial e a acadar emprego de calidade mediante a cualificación dos traballadores e a mellora das condicións de empregabilidade a través do fomento das políticas activas e preventivas no mercado laboral galego e no eixo da economía do coñecemento a construír unha sociedade competitiva baseada na investigación, o desenvolvemento tecnolóxico e a innovación empresarial como garantía de crecemento.

Así propiciárase:

- A especialización da oferta: Ferrol, en estaleiros públicos, de gran tamaño e con inclinación ao sector militar, ampliar a actividade cara a construción naval civil; Vigo, estaleiros privados de tamaño mediano, consolidado no sector privado.
- O reforzo do clúster do sector naval, aumentar a dimensión e implicación dos axentes, e contribuír a poñer en marcha novos proxectos dinamizadores, completárase cunha unificación dos servizos que se prestan no mar mellorarán a xestión ambiental e a seguridade.
- Ser un referente na I+D+i

O Goberno galego desde que escomenzou a crise veu traballando na implantación de programas destinados ao mantemento de emprego e reter a man de obra cualificada.

Así, no ano 2012 e en colaboración coa Xerencia do Sector da Construción Naval, púxose en marcha unha Convocatoria de Axudas a Formación da Industria Auxiliar do Sector da Construción Naval de Galicia, para a realización de proxectos e actuacións orientadas á formación continua dos traballadores e traballadoras da industria naval, no ámbito da Comunidade Autónoma de Galicia, que se atopaban incluídos nun expediente de regulación de emprego que conleve suspensión do contrato de traballo, e excepcionalmente a traballadores do Sector en situación de desemprego coas seguintes características e previsións.

Beneficiarios: Empresas e Entidades sen ánimo de lucro que prestasen servizos de formación.

Obxectivos:

- Manter o emprego no sector.
- Mellorar a cualificación dos traballadores en situación de ERTE e en paro.
- Formar a uns 500 traballadores dos cales 300 estarían en situación de ERTE
- Financiar uns 30 cursos cunha duración media de 300 h.

Financiamento:

- Custo Total estimado do Plan 2.000.000 €.



- Achega da Xerencia do Sector da Construción Naval a través do Fondo Social Europeo 1.340.000 €.
- Achega da Xunta de Galicia 260.000 €.
- Achega das empresas e/ou centros de formación 400.000 €.

Asimesmo, e conscientes de que esta situación, está a ter unha especial repercusión no sector do metal e auxiliar do naval en Galicia, por parte da Xunta de Galicia deseñouse o proxecto **Empreganav**, sendo os seus beneficiarios, as persoas desempregadas provenientes de empresas de Galicia do CNAE 25, de Fabricación de produtos metálicos, excepto maquinaria e equipo, cuxo despido fora motivado por causas obxectivas entre o 23 de marzo e o 23 de decembro de 2011.

En base ao anterior, a Xunta de Galicia presentou, en data 28 de decembro de 2011, unha solicitude, EGF/2001/019 ES/Galicia Metal, de cofinanciamento deste proxecto ao Fondo Europeo de Adaptación á Globalización (en adiante FEAG) (Regulamento CE N.º 1927/2006 do Parlamento Europeo e do Consello, do 20 de decembro de 2006, polo que se crea o Fondo Europeo de Adaptación á Globalización). En data 25 de outubro de 2012 ditouse Decisión do Parlamento Europeo e do Consejo Europeo relativa á mobilización do FEAG para proporcionar o importe solicitado de 2.029.235 €.

O investimento total do proxecto ascende a 3.121.900 euros, dos cales a Comisión Europea contribúe cunha axuda no reembolsable do 65% e a Comunidade Autónoma de Galicia achega o restante 35%, sendo este cofinanciamento asumido conxuntamente pola Consellería de Traballo e Benestar e pola Consellería de Economía e Industria.

O obxectivo deste proxecto é o de poder proporcionar, aos beneficiarios, un conxunto de actuacións que dean resposta urxente e palíen a situación que se produciu en Galicia neste sector.

Na actualidade, o Proxecto FEAG da Industria da Construción Naval en Galicia, **Empreganav**, está sendo executado de forma conxunta pola Xunta de Galicia, en colaboración cos axentes sociais participantes na mesa sectorial do sector naval do Diálogo Social en Galicia: a Asociación de Industriais Metalúrxicos de Galicia- ASIME en representación da CEG, a

Federación de Industria de CCOO Galicia, e a Federación de Industria, Metal, Construción e Afíns de UXT, MCA-UXT.

Para levar a cabo o proxecto Empreganav, deseñouse un Plan Integrado de Medidas feito a medida dos traballadores afectados do sector, para que se lles poida acompañar persoal e individualizadamente no proceso que comprende desde o despedimento ata a súa reinserción no mercado laboral. Este divídese en 7 fases:

1. Acollida e diagnóstico inicial
2. Programa de formación
3. Medidas de sensibilización
4. Programa de inserción
5. Programa de orientación
6. Medidas de acompañamento
7. Programa de incentivos

Actuacións anualidade 2012.

As accións emprendidas, no período comprendido entre o 1 de xullo do 2012 e o 31 de decembro do 2012, téñense centrado na acollida e diagnóstico inicial, medidas de sensibilización, orientación laboral por conta allea e formación (formación en activación laboral e formación transversal).

Nesta primeira etapa do proxecto os esforzos foron encamiñados a localización e contacto coas persoas desempregadas procedentes do sector do metal e auxiliar do naval, nas datas elixibles.

Ao mesmo tempo, durante este período, realizouse unha investigación, que servirá de base no deseño dos itinerarios, para detectar as ocupacións cun maior potencial de inserción, nos territorios de procedencia da poboación desempregada.



Actuacións anualidade 2013.

Tras unha análise en profundidade das ocupacións con maior potencial de inserción, dentro do sector do metal e auxiliar do naval e en novas tecnoloxías, deseñaranse unha serie de accións formativas, adaptadas ás necesidades formativas e as competencias da poboación participante.

A formación é unha das ferramentas máis eficaces das que se serven as persoas e as organizacións para adaptarse as novas circunstancias e as diferentes situacións que se van sucedendo. Unha adecuada formación é un requisito imprescindible que a poboación traballadora debe de acreditar para poder competir no mercado laboral.

Por este motivo, de forma complementaria ás accións de orientación, asesoramento, acompañamento e inserción, cumpre sinalar que realizarase un plan de formación co fin de dotar os traballadores dunha maior empleabilidade, ben mediante unha recualificación profesional ou ben mediante un incremento das súas competencias:

- **Formación en competencias básicas:** Tratarase dun programa de formación para a adquisición de competencias e coñecementos correspondentes á educación básica, co fin de adquirir e actualizar a formación básica das persoas participantes ata a obtención do título de Graduado en Educación Secundaria.

Previsese que se levarán a cabo 5 cursos, eminentemente prácticos, de 100h de duración respectivamente, onde participarán aproximadamente uns 191 usuarios/as.

- **Formación en activación laboral:** Realizaranse cursos de contido eminentemente práctico e de curta duración como continuación dos xa realizados durante o ano 2012, destinados a activar aos usuarios no seu proceso de procura de emprego.

Previsese que participen nesta acción aproximadamente 185 usuarios/as, polo que realizaranse 5 cursos de formación de 60 h. cada un, nas cidades de A Coruña, Ferrol, Santiago de Compostela, Ourense e Vigo.

- **Formación transversal:** Como continuación das accións levadas a cabo durante o ano 2012, realizaranse cursos de formación transversal segundo as necesidades específicas de cada un dos participantes, detectadas no proceso de definición do seu itinerario personalizado.

Entre os cursos que se realizarán o longo do 2013 cabe destacar, os cursos de Autocad, Interpretación de planos, Operador de carretillas elevadoras, Adquisición da Tarxeta Profesional de Construción, Informática, Inglés,etc...

- **Formación de especialización dentro do sector:** Este programa estará composto por diferentes cursos destinados a proporcionar unha mellora na súa cualificación profesional dentro do sector en base á ampliación de coñecementos relacionados coas súas tarefas desenvolvidas no sector naval e mesmo a novas técnicas dentro do sector en puntos de nova empleabilidade como consecuencia de avances tecnolóxicos.

Levaranse a cabo cursos de formación en relación a: Procesos de corte e reparación de bordes, soldadura, interpretación de planos,etc...

Actuacións previstas anualidade 2014.

Ao longo do ano 2014, previse realizar fundamentalmente accións de formación que complementen a formación levada a cabo nos anos 2012 e 2013, e ofrecer apoio á recolocación, mediante a realización dunha análise continuada do tecido industrial da zona de influencia para detectar necesidades de persoal nas empresas e posterior xestión das ofertas de emprego, co fin de trasladalas aos diferentes usuarios en cuxos itinerarios profesionais encaixe a oferta de emprego localizada.

A Xunta de Galicia sempre colaborou co sector fomentando e apoiado aos nosos estaleiros na construción de buques especializados e de alta tecnoloxía nos que se atopan altamente especializados e son referencia mundial, e continuará colaborando principalmente con dúas medidas:

1º Participación da Consellería de Economía e Industria e do IGAPE no novo Fondo Naval de Garantías (FNG) xestionado pola entidade Pymaval Garantías, S.A.U. (PYMAVAL), sociedade que foi creada para tal fin no seo de PYMAR.

2º Constitución de un Fondo de Apoio á Construción Naval no seo do IGAPE.



Por outra parte, o Presidente e o Conselleiro de Economía e Industria continuaran favorecendo a internacionalización do noso sector tal e como fixeron na anualidade 2012 actuado como interlocutores e pondo en contacto aos nosos estaleiros coas armadoras que teñen as principais frota do mundo (Pemex, Petrobras...) e que xa frutificaron coa contratación de varios buques..”

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela, 5 de febreiro de 2013

O director xeral de Relacións Institucionais
e Parlamentarias

Gonzalo José Ordóñez Puime



XUNTA DE GALICIA

CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA,
ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS
E XUSTIZA

Dirección Xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

XUNTA DE GALICIA
DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS
13 FEB. 2013

3700

galicia

CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA, ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS E XUSTIZA DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS
13 FEB. 2013
SAÍDA
Num. 251

RS/ms

En relación coa pregunta con resposta oral en Comisión **número.: 781**, formulada polo Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, a iniciativa de don Pablo García García e don José Luis Méndez Romeu, sobre **“as razóns da demora e a data prevista para a posta en funcionamento das instalacións de produción de enerxía eléctrica a partir da biomasa forestal reguladas no Decreto 149/2008, a repotenciación dos proxectos adxudicados ante o novo marco regulador e a regulamentación dos cultivos enerxéticos, así como dos instrumentos de ordenación forestal, previstos na Lei 7/2012, do 28 de xuño, de montes de Galicia”**, (publicada no BOPG núm.: 10, do 5 de decembro de 2012), convertida en **pregunta con resposta escrita** por finalización do período de sesións setembro-decembro de 2012 (BOPG número 31 do 15 de xaneiro de 2013) teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Economía e Industria, e a Consellería do Medio Rural e do Mar** que ten o seguinte contido:

“Na actualidade dúas das instalacións de produción de enerxía eléctrica a partir de biomasa forestal, aprobadas ao abeiro Resolución do 30 de abril de 2010 pola que se aproba a relación de anteprojectos de instalación de centrais de biomasa seleccionados consonte a Orde do 14 de novembro de 2008 pola que se determina o obxectivo de potencia máxima en megavatios para tramitar no período 2008-2012 e se abre o prazo para a presentación de solicitudes de autorización de centrais de biomasa (DOG nº 121, 28/06/2012) contan coa correspondente resolución de autorización administrativa e aprobación do proxecto de execución.

Outras dúas plantas de biomasa non serán executadas xa que nun caso o promotor renunciou a súa concesión e noutro a Consellería de Economía e Industria resolveu acordar a caducidade do expediente e o seu arquivo ao non aportar a empresa promotora a totalidade documentación contemplada no Decreto 149/2008, do 26 de xuño, a pesar dos diversos requirimentos.

No que se refire ás restantes oito plantas admitidas a trámite ao abeiro da mencionada resolución do 30 de abril de 2010, encóntranse en diferentes fases do procedemento de autorización, estando na maior parte dos casos tramitando unha modificación do emprazamento inicialmente previsto, ou pendente da confirmación do punto de conexión da planta de biomasa á rede eléctrica onde se prevé evacuar a enerxía producida, este punto é básico xa que afectará de forma importante aos ratios de rendibilidade da futura planta de biomasa.

O artigo 15 do Decreto 149/2008, do 26 de xuño establece un prazo para a presentación da solicitude posta en marcha das plantas de produción de enerxía eléctrica a partir de biomasa forestal por parte da empresa promotora de 18 meses, prorrogable por causas xustificadas nun prazo non superior á metade ao inicialmente previsto, polo que atendendo aos mencionados prazos e ao grao de desenvolvemento das tramitacións administrativas, aínda que non é posible determinar unha data concreta de inicio do funcionamento das plantas, poderíamos estimar que no período comprendido entre os anos 2014 e 2015 poderían atoparse xa plantas de biomasa desenvolvendo a súa actividade de produción de enerxía eléctrica.

Respecto de se se vai permitir a repotenciación dos proxectos para mellorar a súa rendibilidade, diante do novo marco regulatorio, dicir que cómpre unha modificación do Real Decreto 149/2008 do 26 de xuño.

Por último, respecto de como se van regulamentar os cultivos enerxéticos e os instrumentos de ordenación forestal previstos na lei 7/2012, de montes de Galicia, dicir que a Consellería do Medio Rural e do Mar, indica que se van regulamentar consonte ao disposto na disposición derradeira primeira do Decreto 149/2008, do 26 de xuño, polo que se regula o procedemento de autorización das instalacións de produción de enerxía eléctrica a partir da valorización enerxética da biomasa forestal primaria na Comunidade Autónoma de Galicia e os instrumentos de ordenación forestal consonte o disposto no artigo 78 da Lei 7/2012, do 28 de xuño, de montes de Galicia.”



XUNTA DE GALICIA

CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA,
ADMINISTRACIÓN PÚBLICA
E XUSTIZA

Dirección Xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

PARLAMENTO DE GALICIA
CENTRO XERAL ENTRADA

19 FEB. 2013

3700

galicia

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela, 12 de febreiro de 2013

O director xeral de Relacións Institucionais
e Parlamentarias

Gonzalo José Ordóñez Puime

Excma. Sra. Presidenta do Parlamento de Galicia



XUNTA DE GALICIA

CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA,
ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS
E XUSTIZA


Dirección Xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

RS/mc

XUNTA DE GALICIA
DIRECCIÓN XERAL DE RELACIONES INSTITUCIONALES E PARLAMENTARIAS

8 FEB. 2013

3392



En relación coa pregunta con resposta oral en Comisión **número: 912**, formulada polo Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, a iniciativa de don José L. Méndez Romeu e varios/as deputados/as máis, sobre **“as actuacións que vai levar a cabo a Xunta de Galicia para a apertura do Rexistro de preasignación de retribución de instalacións de enerxía eléctrica en réxime especial, así como o desenvolvemento da normativa autonómica que permita o aproveitamento da enerxía eléctrica producida mediante fontes renovables e, en particular, do balance neto para autoconsumo en pemes”**, (publicada no BOPG número 10, do 5 de decembro de 2012), convertida en **pregunta con resposta escrita** por finalización do período de sesións setembro-decembro de 2012 (BOPG número 30 do 14 de xaneiro de 2013), teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Economía e Industria**, que ten o seguinte contido:

“A Xunta de Galicia levará a cabo todas as accións que contribúan ao desenvolvemento de instalacións de produción de enerxía eléctrica en Galicia a través de fontes renovables e eficientes, como é o caso do recurso de inconstitucionalidade. En todo caso, o dito recurso de inconstitucionalidade é a ferramenta xurídica de maior rango que pode empregar este Goberno, polo tanto, a acción máis importante das que se poden levar a cabo contra a aprobación do Real decreto-lei 1/2012, polo que entendemos que no caso concreto da suspensión do rexistro de preasignación cumprimos co noso deber, defender Galicia e defender os investimentos na Comunidade Autónoma. Neste senso, a nova da admisión a trámite do devandito recurso é valorado moi positivamente. Demóstrase una vez máis que este Goberno defende os intereses de Galicia dentro do ordenamento xurídico e de acordo coas competencias propias da Comunidade Autónoma.


Por outra banda, o Balance Neto encádrase dentro das competencias básicas do Estado por afectar ao réxime económico das instalacións de xeración en réxime especial. En todo caso, este Goberno estará vixiante ás posibilidades de desenvolvemento para este tipo de instalacións unha vez que se regulen as condicións administrativas, técnicas e económicas do

consumo da enerxía eléctrica producida no interior da rede dun consumidor para o seu propio consumo, de acordo co previsto na disposición adicional segunda do Real decreto 1699/2011, do 18 de novembro, polo que se regula a conexión a rede de instalacións de produción de enerxía eléctrica de pequena potencia.”

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela, 5 de febreiro de 2013

O director xeral de ~~Relacións Institucionais~~
e Parlamentarias

A large, stylized handwritten signature in black ink, consisting of several loops and a long horizontal stroke at the bottom.

Gonzalo José Ordóñez Puime


Excma. Sra. Presidenta do Parlamento de Galicia




XUNTA DE GALICIA

CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA,
ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS
E XUSTIZA

Dirección Xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias



galicia



RS/ms

En relación coa pregunta con resposta oral en Comisión **número.: 918**, formulada polo Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, a iniciativa de don José Luis Méndez Romeu e varios/as deputados/as máis, sobre **“a valoración do Goberno galego da baixada do número de viaxeiros nos aeroportos da Coruña e de Vigo e o impacto da supresión das axudas ás compañías de baixo custo que operaban neles, así como as medidas previstas para a recuperación dos tráfico aéreo nesas cidades”**, (publicada no BOPG núm.: 10, do 5 de decembro de 2012), convertida en **pregunta con resposta escrita** por finalización do período de sesións setembro-decembro de 2012 (BOPG número 31 do 15 de xaneiro de 2013) teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Infraestruturas**, que ten o seguinte contido:

“A diferenza do que se manifesta na pregunta, a Xunta de Galicia non subvenciona voos, senón campañas de promoción turística. A este respecto, non pode afirmarse que o actual Goberno discrimine aos aeroportos da Coruña e Vigo con relación ao Santiago de Compostela, como se ten feito noutra época nas que se centraron practicamente todas as accións no aeroporto de Lavacolla.

A Xunta de Galicia respecta o contrato de promoción turística que ten subscrito cunha empresa aérea ata decembro de 2013. A partir desa data, como xa se ten anunciado publicamente, o aeroporto de Santiago de Compostela terá o mesmo tipo de promoción turística en destino como a que xa se está a realizar nos casos de Vigo e A Coruña.


Respecto do descenso de tráfico que se sinala, é sabido que o comportamento do sector transporte caracterízase por manter un paralelismo coa evolución da economía dun país. Nunha situación de bonanza económica, as persoas viaxan máis e ao demandarse máis bens, é preciso que o transporte de mercadorías, ben de materias primas ou ben de produtos elaborados, tamén aumente. Pola contra, nunha situación de crise económica, as persoas adoitan desprazarse menos, con independencia do motivo da viaxe, e tamén descende o transporte de mercadorías.

Con respecto ao comportamento diferente entre o aeroporto de Santiago e os da Coruña e Vigo, non se debe esquecer o feito de que estes dous últimos serven ás principais áreas industriais de Galicia e boa parte das viaxes gardan relación con esta actividade. No caso de Lavacolla, os usuarios teñen un perfil máis diverso. Este feito, unido ao mantemento ao longo de 2012 dunha serie de operadores cualificables como de baixo custe, vinculados cos desprazamentos turísticos, pode explicar a menor caída no número de viaxeiros que tivo o aeroporto de Santiago de Compostela.”

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela, 12 de febreiro de 2013

O director xeral de ~~Relacións Institucionais~~
e Parlamentarias

A handwritten signature in black ink, consisting of a large, stylized 'G' followed by a series of loops and a long horizontal stroke extending to the right.

Gonzalo José Ordóñez Puime



XUNTA DE GALICIA

CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA,
ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS
E XUSTIZA
Dirección Xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

GOBIERNO DE GALICIA
GOBIERNO DE GALICIA
GOBIERNO DE GALICIA

RS/mc

5 FEB. 2013

3133

GOBIERNO DE GALICIA CONSEJO DE PRESIDENCIA, ADMINISTRACIONES PÚBLICAS Y JUSTICIA DIRECCIÓN XERAL DE RELACIONES INSTITUCIONALES Y PARLAMENTARIAS - 4 FEB. 2013 S A I D A Num.99.....

En relación coa pregunta con resposta oral en Comisión **número: 953**, formulada polo Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, a iniciativa de don José L. Méndez Romeu e varios/as deputados/as máis, sobre **“as razóns da declaración de interese público de carácter supramunicipal outorgada a unha concesión mineira no concello de Castrelo de Miño e a súa compatibilidade coa actividade vitivinícola da zona”**, (publicada no BOPG número 15, do 13 de decembro de 2012), convertida en **pregunta con resposta escrita** por finalización do período de sesións setembro-decembro de 2012 (BOPG número 30 do 14 de xaneiro de 2013), teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Economía e Industria**, que ten o seguinte contido:

“A referencia do Consello da Xunta de Galicia do pasado 20 de setembro de 2012, no que se acordou a declaración de supramunicipalidade do proxecto de explotación, recolle que se trata dun proxecto que podería beneficiar tanto ao municipio no que se asentará como a toda a comarca, ao estar prevista a creación de máis de 30 postos de traballo e un investimento para o primeiro ano de actividade próxima a 250.000 euros, deixando constancia do apoio do Goberno Galego ao desenvolvemento de proxectos mineiros innovadores, ambiental e economicamente sostibles e modernos e eficientes como este, sustentado nun plan industrial que, entre outras cuestións, pretende empregar maquinaria innovadora (non empregada nas explotacións de granito galegas ata o de agora) e un método que permitirá reducir consumos enerxéticos e custos de produción, evitando, ademais, a utilización de explosivos, que será practicamente nula. Esta declaración de supramunicipalidade, do primeiro proxecto sectorial (non plan sectorial) de incidencia supramunicipal que se tramita para unha actividade mineira, permite compatibilizar a tipificación do solo coa instalación que se pretende (que legalmente leva implícita a declaración de interese público), garantindo a través deste instrumento de ordenación territorial que non se produce a transformación da natureza rústica do solo e que, ao mesmo, se respecta a integridade dos valores obxecto de protección.

No marco de tramitación da concesión de explotación que se segue pola Consellería de Economía e Industria, en su condición de órgano substantivo, tense coñecemento da oposición

veciñal e do propio concello de Castrelo de Miño ao proxecto polas numerosas alegacións recibidas e o informe emitido no procedemento que se está levando a cabo, e que serán valorados na resolución que se adopte. Non obstante, a falta de completar todos os informes sectoriais para emitir un xuízo rigoroso, a valoración do Goberno Galego, á vista do informe do órgano con competencias agrarias, da escasa superficie a ocupar pola explotación e da obrigación de acometer un plan de restauración, é a de apoiar proxectos que permitan compatibilizar os usos instaurados e existentes con outros que conduzan a diversificar a estrutura económica da zona en favor da creación de emprego.

En canto á compatibilidade do uso coa especialización da actividade produtiva na produción vitivinícola, á marxe de que os datos aportados non son homoxéneos, dado que se pretende comparar a incidencia a nivel comarcal de todo un sector económico (o vitivinicultor) cunha única unidade de produción de outro sector diferente (o mineiro), e dada a escasa incidencia superficial da explotación mineira, (que non afecta a viñedos e debe respectar todos os condicionantes ambientais, incluída a non contaminación das augas subterráneas), non se aprecian indicios para poñer, a priori, en dúbida a compatibilidade dos usos e a especialización da actividade produtiva na produción vitivinícola, máxime cando a afección ao terreo é temporal e existen antigas explotacións a ceo aberto recuperadas para produción de kiwis, mazás e outros cultivos.”

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela, 31 de xaneiro de 2013

O director xeral de Relacións Institucionais
e Parlamentarias



Gonzalo José Ordóñez Puime

Excma. Sra. Presidenta do Parlamento de Galicia




RS/mc

PARLAMENTO DE GALICIA
DIRECCIÓN XERAL DE ENTRADA

5 FEB. 2013

3168



En relación coa pregunta con resposta oral en Comisión **número: 976**, formulada polo Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, a iniciativa de don José L. Méndez Romeu e varios/as deputados/as máis, sobre **“as previsións da Xunta de Galicia respecto da realización, para o ano 2012, da convocatoria anual das subvencións destinadas ás enerxías renovables”**, (publicada no BOPG número 15, do 13 de decembro de 2012), convertida en **pregunta con resposta escrita** por finalización do período de sesións setembro-decembro de 2012 (BOPG número 30 do 14 de xaneiro de 2013), teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Economía e Industria**, que ten o seguinte contido:


“No diario oficial de Galicia do 13 de decembro de 2011, como sinala na pregunta parlamentaria, publicouse a Resolución de 1 de decembro de 2011 pola que se establecen as bases reguladoras e se anuncia a convocatoria anticipada de subvencións a proxectos de enerxías renovables. O prazo de presentación de solicitudes era de 45 días naturais, contados a partir do día seguinte ao da publicación, polo que finalizou o día 27 de xaneiro do ano 2012. Como se pode ver a tramitación, resolución e pago de estas subvencións correu ao longo do ano 2012, consumíndose o orzamento previsto; non podendo, por tanto, proceder a unha nova convocatoria nese ano.

Para o ano actual, 2013, está prevista una nova convocatoria de subvencións de enerxías renovables, con conceptos subvencionables semellantes aos de anteriores convocatorias e orzamento pendente de establecer.”

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela, 1 de febreiro de 2013

O director xeral de Relacións Institucionais
e Parlamentarias

A handwritten signature in black ink, appearing to read 'Gonzalo José Ordóñez Puime', is written over a faint, circular official stamp.

Gonzalo José Ordóñez Puime

Excma. Sra. Presidenta do Parlamento de Galicia



XUNTA DE GALICIA

CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA,
ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS
E XUSTIZA
Dirección Xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

PARLAMENTO DE GALICIA
DIRECCIÓN XERAL DE ENTRADA

31 XAN. 2013

2783

galicia

PRESIDENCIA E CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA, ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS E XUSTIZA DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS
31 XAN. 2013
SAÍDA
Num. 87

RS/ms

En relación coa pregunta con resposta oral en Comisión **número.: 1183**, formulada polo Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, a iniciativa de don José Luis Méndez Romeu e varios/as deputados/as máis, sobre **“as previsións do Goberno galego respecto da convocatoria, para o ano 2012, das subvencións destinadas aos proxectos de aforro e eficiencia enerxética, a súa contía económica e as súas liñas de actuación”**, (publicada no BOPG núm.: 15, do 13 de decembro de 2012), convertida en **pregunta con resposta escrita** por finalización do período de sesións setembro-decembro de 2012 (BOPG-número 31 do 1º de xaneiro de 2013) teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Economía e Industria**, que ten o seguinte contido:

“No diario oficial de Galicia do 14 de setembro de 2011, publicouse a Resolución do 2 de setembro de 2011 pola que se establecen ás bases reguladoras e se anuncia a convocatoria de subvención a proxectos de aforro e eficiencia enerxética para o exercicio 2011. O prazo de presentación de solicitudes foi de 2 meses, contados desde o seguinte a aquel en que se publicaron as bases no Diario Oficial de Galicia, polo que finalizou o día 15 de novembro de 2011.


A tramitación, resolución e pago de estas subvencións correu ao longo do ano 2012, consumíndose o orzamento previsto, non podendo, por tanto, proceder a unha nova convocatoria nese ano.

Para o ano actual, 2013, está prevista unha nova convocatoria de subvencións de aforro e eficiencia enerxética. Procederase en primeiro lugar á convocatoria de subvencións de aforro y eficiencia de renovación das instalacións de iluminación pública exterior existentes (ILE) dos concellos, co obxecto de apoiar a estes nun momento en que as necesidades económicas os están a afogar, cumprindo así co compromiso deste Goberno de colaboración con outras institucións para o cumprimento dos seus fins.”

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela, 30 de xaneiro de 2013

O director xeral de Relacións Institucionais
e Parlamentarias

A handwritten signature in black ink is written over a circular official stamp. The signature is fluid and cursive. The stamp is partially obscured by the signature but appears to contain some text and a central emblem.

Gonzalo José Ordóñez Puime

Excma. Sra. Presidenta do Parlamento de Galicia



XUNTA DE GALICIA

CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA,
ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS
E XUSTIZA


Dirección Xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

PORTO XERAL ENTRADA

31 XAN. 2013

RS/ms

2785



En relación coa pregunta con resposta oral en Comisión **número.: 1284**, formulada polo Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, a iniciativa de don José Luis Méndez Romeu e varios/as deputados/as máis, sobre **“o rexeitamento pola Administración galega do proxecto de investimento da empresa Merkum para a produción dun autobús eléctrico, así como sobre as condicións que pode ofrecer para competir con outros territorios na captación de novos proxectos empresariais”**, (publicada no BOPG núm.: 19, do 20 de decembro de 2012), convertida en **pregunta con resposta escrita** por finalización do período de sesións setembro-decembro de 2012 (BOPG número 31 do 15 de xaneiro de 2013) teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Economía e Industria**, que ten o seguinte contido:

“A Xunta de Galicia dispón, especialmente a través do Igape, dun amplo marco de servizos para facilitar a localización do solo industrial idóneo, e dun completo marco de apoios co que pode contar calquera proxecto empresarial viable que decida implantarse na comunidade. O instituto adscrito á Consellería de Economía e Industria ofrece tamén servizos de acompañamento para a localización de aliados, se é o caso, e fai un seguimento dos procesos de implantación en Galicia de novos proxectos empresariais viables, sexan promovidos por grupos estranxeiros, ou doutros lugares de España.


O Goberno galego dispón dun amplo e variado marco de apoios, principalmente subvencións a fondo perdido, préstamos ou participación en capital de novas sociedades que impulsen novos investimentos empresariais, sexan promovidos por grupos foráneos ou por empresarios galegos que amplían ou diversifican as súas actividades.

No Igape, o organismo idóneo para apoiar á empresa, non se recibiu ningún proxecto da empresa Merkum referido á fabricación dun autobús eléctrico.”

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela, 30 de xaneiro de 2013

O director xeral de Relacións Institucionais
e Parlamentarias

A circular stamp with a central emblem is partially obscured by a large, fluid handwritten signature in black ink. The signature appears to be 'Gonzalo José Ordóñez Puime'.

Gonzalo José Ordóñez Puime

Excm. Sra. Presidenta do Parlamento de Galicia



XUNTA DE GALICIA

CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA,
ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS
E XUSTIZA


Dirección Xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

PARLAMENTO DE GALICIA
REGISTRO XERAL ENTRADA

31 XAN. 2013

RS/ms

2784



En relación coa pregunta con resposta oral en Comisión **número.: 1392**, formulada polo Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, a iniciativa de don José Luis Méndez Romeu e varios/as deputados/as máis, sobre **“as iniciativas que vai adoptar o Goberno galego diante do Ministerio de Industria para garantir a viabilidade das plantas de biocombustible galegas e as que está a impulsar para introducir biocombustible de segunda xeración, así como a súa valoración do futuro destes carburantes en Galicia”**, (publicada no BOPG núm.: 19, do 20 de decembro de 2012), convertida en **pregunta con resposta escrita** por finalización do período de sesións setembro-decembro de 2012 (BOPG número 31 do 15 de xaneiro de 2013) teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Economía e Industria**, que ten o seguinte contido:

“As iniciativas de apoio as plantas de biodiesel galegas realizadas desde a Consellería de Economía e Industria consistiron en:

1. Celebráronse varias reunións en Madrid entre o director xeral de Industria, Enerxía e Minas e o director general de Política Energética y Minas, nas que se fixo unha exposición da problemática asociada as plantas galegas como consecuencia da importación de biodiesel de terceiros países e formuláronse alegacións, defendendo a produción das plantas galegas.
2. Así mesmo, contestáronse no período de alegacións todas as propostas normativas que se promoven desde o Goberno do Estado.
3. Fixéronse xestións coa refinería de Repsol na Coruña para promocionar a utilización do biodiesel fabricado en plantas galegas.
4. Na Orde IET/2736/2012, do 20 de decembro, dise que a asignación anual de produción de biodiesel para o cómputo do cumprimento das obrigacións de biocarburantes é independente da ubicación xeográfica das plantas de biodiesel.

Por este motivo, vanse manter novas reunións coa Secretaría de Estado de Enerxía para solicitar que á hora de adxudicar cantidades de produción de biodiesel para o cómputo do cumprimento dos obxectivos obrigatorios de biocarburantes, se teñan en conta unha serie de indicadores obxectivos que eviten calquera tipo de discrecionalidade. En concreto, se debería dar prioridade, entre outros, a criterios como a seguridade da subministración, a trazabilidade do produto ou a reciclaxe de residuos locais para xerar biocarburantes.

5. Posto que a produción destas fábricas compite nun mercado global sometido ás leis da oferta e da demanda, a Xunta de Galicia velará para que estas empresas podan acceder aos mercados nunhas condición de xusta competencia.

Entre as iniciativas que impulsa a Consellería de Economía e Industria para impulsar os biocombustibles de segunda xeración cabe salientar:

1. A participación a través do Inega no proxecto EnerBioAlgae, dentro do ámbito do Programa Operativo de Cooperación Territorial do Suroeste Europeo (SUDOE) 2007-2013. O orzamento do proxecto ascende a 666.731,99 euros, os cales se financian nun 75% mediante achegas do Fondo Europeo de Desenvolvemento Rexional (FEDER) e o 25% restante mediante contribucións dos socios. En concreto, o orzamento do Inega acadará os 153.335 euros.

O EnerBioalgae trata de analizar as posibilidades de aproveitamento enerxético de biomasa en recursos hídricos degradados aptos para cultivar microalgas coas que producir biocombustibles.

Este proxecto botou a andar en maio de 2011 e está prevista a súa finalización en abril de 2013. Desde xullo de 2012 estase a facer o seguimento da produción de microalgas nun biorreactor tipo race-way de 160 m² instalado na EDAR de Guillarei en Tui. Este biorreactor emprega a auga da depuradora para favorecer o crecemento das microalgas ao mesmo tempo que se diminúe a súa carga contaminante.



2. Fomento da utilización da biocombustibles procedentes da primeira e segunda transformación da madeira para usos térmicos en edificios públicos (hospitais, centros de saúde, colexios, centros administrativos, ...) e no sector doméstico.
3. Apoio a iniciativas empresariais para a fabricación de combustibles biomásicos a partir de subproductos da cadea monte-industria que substitúan aos combustibles derivados do petróleo, co obxectivo de reducir a nosa dependencia enerxética do exterior, mellorar a calidade ambiental e xerar unha actividade económica asociada á valorización da biomasa forestal residual que contribúa a xerar emprego no rural .

Existe unha partida de 200.000€ de axudas ao sector do transporte e de 400.000€ ao sector industrial nos que terían cabida este tipo de proxectos.

A Xunta considera que nestes intres convén centrar os esforzos en desenvolver aínda máis a utilización da biomasa para uso térmico.

En canto aos cultivos enerxéticos salienta que aínda que requiren grandes superficies de cultivo, das que non se dispón no noso territorio, tamén poden resultar unha boa oportunidade para xerar riqueza e emprego en determinadas comarcas da nosa Comunidade Autónoma.

Ademais, a Xunta de Galicia seguirá participando, dentro das súas posibilidades económicas, en proxectos que traten de obter biocombustibles de segunda xeración a prezos competitivos, xa que o obxectivo da UE é que no ano 2020, o 5% do consumo no sector do transporte se realice mediante biocombustibles de segunda xeración.


Pero neste intre, o prioritario para Galicia é o aproveitamento da biomasa forestal para obter combustibles (astelas, pellets, briquetas,...) que se poidan empregar para calentamento de fluídos (auga, vapor, aire,...) en substitución de combustibles fósiles (gasóleo, GLP,...). Considérase que con estas medidas máis a xeración de electricidade de orixe renovable se poden reducir as emisións de CO₂ de xeito máis rápido e de forma máis eficiente, tanto desde o punto de vista económico como ambiental.”

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela, 30 de xaneiro de 2013

O director xeral de Relacións Institucionais

• Parlamentarias

A handwritten signature in black ink is written over a circular official stamp. The stamp features a central emblem, likely the coat of arms of Galicia, surrounded by text in a circular border. The signature is fluid and extends across the stamp.

Gonzalo José Ordóñez Puime

Excma. Sra. Presidenta do Parlamento de Galicia



XUNTA DE GALICIA

CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA,
ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS
E XUSTIZA


Dirección Xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA

31 XAN. 2013

RS/ms

2782



En relación coa pregunta con resposta oral en Comisión **número.: 1404**, formulada polo Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, a iniciativa de don José Luis Méndez Romeu e varios/as deputados/as máis, sobre **“a actuación do Instituto Enerxético Galego en relación co borrador do Real decreto polo que se establece a regulación das condicións administrativas, técnicas e económicas da modalidade de subministración de enerxía eléctrica con balance neto e a valoración das propostas das empresas galegas de enerxía min-eólica, así como as medidas de impulso previstas para o desenvolvemento deste sector”**, (publicada no BOPG núm.: 19, do 20 de decembro de 2012), convertida en **pregunta con resposta escrita** por finalización do período de sesións setembro-decembro de 2012 (BOPG número 31 do 15 de xaneiro de 2013) teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Economía e Industria**, que ten o seguinte contido:

“Tal e como se indicou na resposta á pregunta parlamentaria formulada polo Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia o 02/05/2012 (núm. rexistro 81736) sobre este mesmo tema, así como se indica na resposta á pregunta parlamentaria formulada polo Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia o 12/12/2012 (núm. rexistro 1404), a Consellería de Economía e Industria formulou alegacións en decembro de 2011 ao proxecto de Real Decreto polo que se establece a regulación das condicións administrativas, técnicas e económicas da modalidade de subministro de enerxía eléctrica con balance neto.

Fixéronse achegas en cuestións tan relevantes como o Plan de substitución de contadores, peaxes de acceso ou limitación de potencia a 100 kW, entre outras, polo que é evidente que a Consellería de Economía e Industria, e dentro dela o Inega, tiñan opinión formada sobre o texto.

Evidentemente, a Consellería de Economía e Industria está en continuo contacto coas empresas dos distintos sectores produtivos galegos, o que lle permite estar ao día sobre as

súas propostas e inquiredanzas, e colaborar na resolución dos seus problemas. Dentro destes sectores, atópase o que agrupa as empresas que se adican á enerxía minieólica.

Con respecto a estas empresas, tendo en conta o escaso número de instalacións executadas anualmente en Galicia e a baixa demanda por parte da poboación, é lóxico que polo momento non exista un sector consolidado.

Periodicamente, membros da Dirección Xeral de Industria, Enerxía e Minas e do Instituto Enerxético de Galicia mantiveron reunións cos representantes tanto de AEMGA como de AGAEN, co fin de analizar as súas propostas de colaboración e tratar de solventar as barreiras que estas asociacións se atopan no desenvolvemento da enerxía minieólica en Galicia. Está previsto seguir mantendo estes contactos e posibles colaboracións.

Cómpre salientar que os obxectivos que se pretenden acadar coas propostas feitas pola Asociación AEMGA, e máis recentemente polo Clúster AGAEN, son coherentes e lóxicos desde un punto de vista empresarial aínda que sería conveniente unha representatividade maior destas asociacións dentro do conxunto das empresas de enerxías renovables de Galicia.

Evidentemente, no mesmo sentido que se realiza con outras enerxías renovables, a Consellería de Economía e Industria leva a cabo actualmente e desenvolverá no futuro diferentes actuacións para fomentar o desenvolvemento da enerxía minieólica en Galicia. Con estas actuacións trátase de colaborar no avance desta tecnoloxía, co fin de que nun futuro poda ser rendible, o cal non se pode dicir de forma xeral, agás en condicións moi concretas.

Entre as medidas que xa na actualidade se están a desenvolver, ou incluso xa se levaron a cabo, atópanse as seguintes:

- Axudas a fondo perdido a proxectos de enerxía minieólica, sempre que contén cun 25% de potencia fotovoltaica (requirimento debido á orixe dos fondos, FEDER 2007-2013), nas convocatorias anuais de axudas a proxectos de enerxías renovables xestionadas polo Instituto Enerxético de Galicia.
- Elaboración dun estudo técnico sobre a enerxía minieólica, que ten por obxectivo a determinación do potencial real dos portos galegos para a instalación deste tipo de



tecnoloxía detectando as posibles barreiras que esta tecnoloxía pode ter para o seu desenvolvemento, fundamentalmente as de viabilidade económica tendo en conta o prezo de venda da enerxía e a tramitación administrativa. O Inega, IDAE e Portos de Galicia asinaron un Convenio para tal fin, achegando 27.500 € cada un dos dous primeiros organismos para este estudo, así como recursos técnicos para o desenvolvemento do mesmo.

Por outra banda, agárdase que a futura aprobación do Real Decreto que regule o denominado mecanismo de balance neto, tamén axude a mellorar a rendibilidade destas instalacións, o que poderá aumentar a demanda de implantación deste tipo de sistemas.

Con respecto ás axudas a proxectos de enerxía renovables, no ano 2013 convocarase unha liña de axudas dotada de máis de 2 millóns de euros e, dentro dela, poderanse solicitar axudas, entre outras tecnoloxías, para este tipo de proxectos.”

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela, 30 de xaneiro de 2013

O director xeral de Relacións Institucionais
e Parlamentarias

Gonzalo José Ordóñez Puime

Excma. Sra. Presidenta do Parlamento de Galicia



RS/mc

5 FEB. 2013

3171

PRESENCIA E CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA, ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS E XUSTIZA DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS
- 4 FEB. 2013
SAÍDA
Num. 141

En relación coa pregunta con resposta oral en Comisión **número: 1455**, formulada polo Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, a iniciativa de dona María do Carme Adán Villamarín e don Carlos I. Aymerich Cano, sobre **“o estado de tramitación da solicitude presentada por unha empresa canadense para a apertura dunha mina de ouro a ceo aberto en Corcoesto, no concello de Cabana de Bergantiños, e a actuación do Goberno galego ao respecto”**, (publicada no BOPG número 19, do 20 de decembro de 2012), convertida en **pregunta con resposta escrita** por finalización do período de sesións setembro-decembro de 2012 (BOPG número 30 do 14 de xaneiro de 2013), teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Economía e Industria**, que ten o seguinte contido:

“Mineira de Corcoesto, S. L. ‘ presentou o proxecto de explotación da mina de ouro e solicitou a súa tramitación como proxecto industrial estratéxico ao abeiro da Lei de política industrial de Galicia. A solicitude foi admitida a trámite pola Consellería de Economía e Industria ao constatar que o proxecto reunía os requisitos esixidos para a devandita tramitación (creación de máis de 250 postos de traballo e un investimento superior a 100 millóns de euros) e que ía acompañado pola documentación formal esixida pola lexislación para a súa tramitación. A continuación abriuse un período de información pública por un prazo de 30 días hábiles e, simultaneamente, solicitáronse informes ás distintas administracións públicas para pronunciarse sobre as diferentes materias da súa competencia, en particular, aos concellos nos que está situado o proxecto e aos órganos ambiental, urbanístico e agrario da Comunidade Autónoma, cuxos informes son preceptivos e determinantes. Tras a emisión por parte do órgano ambiental do ditame que declara ao proxecto mineiro ambientalmente viable, estanse a estudar e valorar as alegacións e achegas cidadás (de contido non ambiental) formuladas no procedemento, e os informes recibidos, para proceder a redactar a correspondente proposta de resolución. Todo iso pon de manifesto que o Goberno de

Galicia actúa con responsabilidade plena e con total transparencia, fomentando a participación cidadá para garantir a protección ambiental, paisaxística, patrimonial e dos demais bens xurídicos en xogo (sen abreviar trámites e cumprindo estritamente os prazos legalmente establecidos), na súa obriga de dinamizar a economía para xerar emprego e riqueza e xestionar, con plena eficiencia e sostibilidade, os recursos minerais escasos e cuxo ciclo produtivo se pecha en Galicia.

En canto ao interese que pode suscitar o proxecto para o Goberno Galego e para o seu Presidente non é outro que o de calquera proxecto que poida reportar un beneficio para a nosa comunidade. Obviamente, un proxecto como este, que pode xerar durante a súa vida 271 empregos directos na actividade (138 propios máis 143 subcontractados), tal como declara Mineira de Corcoesto no seu proxecto de explotación, e 1100 indirectos (como tamén manifesta Mineira de Corcoesto na documentación achegada e que se crearían como consecuencia da diversificación da estrutura económica que require a zona para a posta en marcha e o bo funcionamento da mina) considérase, polo menos, susceptible de admitir a trámite para valorar se a xestión do proxecto, incluída a ambiental e social deste, se corresponde coa doutros tempos e outras latitudes (que carecen de lexislación nesas materias e, en consecuencia, efectivamente supoñería a espoliación dos recursos en contra dos intereses do país), ou, se pola contra, cumpre cos estándares de seguridade, de medio e de responsabilidade social legalmente establecidos.

Por último, sinalar que, á marxe da casualidade temporal producida entre a solicitude de Mineira de Corcoesto e a entrada en vigor da Lei de política industrial de Galicia, coincidencia que é constatable no expediente, a solicitude responde ás oportunidades que a devandita lei ofrece aos proxectos de investimento desa envergadura.

O resumo da tramitación do expediente é o que segue:

12/05/11: Presentación documento inicial segundo Real decreto lexislativo 1/2008, do 11 de xaneiro.

24/06/11: Consultas previas.



16/12/11: Informe Secretaría Xeral de Calidade e Avaliación Ambiental sobre o alcance do estudo de impacto ambiental, documentación a requirir ao promotor (proxecto de explotación, plan de restauración e estudo de impacto ambiental).

30/12/11: Presentación do proxecto de explotación e plan de restauración.

09/02/12: Presentación do estudo ambiental.

23/02/12: Solicitud de declaración do proxecto como industrial estratéxico.

15/03/12: Admisión a trámite da solicitude.

21/03/12: Remisión do proxecto á Secretaría Xeral de Calidade e Avaliación Ambiental, para a súa tramitación ambiental.

04/04/12: Informe favorable ao proxecto, dos servizos técnicos da Xefatura Territorial da Consellería de Economía e Industria da Coruña sobre a documentación presentada.

12/04/12: Informe de Secretaría Xeral de Calidade e Avaliación Ambiental polo que se determina a tramitación ambiental do proxecto e se indican os organismos que deben ser consultados.

20/04/12: Presentación da prospección arqueolóxica intensiva realizada entre novembro de 2011 e xaneiro de 2012.

25/04/12: Consulta sobre o proxecto aos seguintes organismos:

- Dirección Xeral de Patrimonio Cultural.
- Dirección Xeral de Conservación da Natureza.
- Secretaría Xeral de Ordenación do Territorio e Urbanismo.
- Instituto de Estudos do Territorio.
- Dirección Xeral de Montes.

- Dirección Xeral de Producción Agropecuaria.
- Dirección Xeral de Innovación e Xestión da Saúde Pública.
- Augas de Galicia.
- Concello de Cabana de Bergantiños.
- Concello de Coristanco.
- Concello de Ponteceso.

02/05/12: Información pública do proxecto.

30/04/12: Informe favorable da Dirección Xeral de Innovación e Xestión da Saúde Pública.

02/05/12: Informe favorable do Concello de Cabana de Bergantiños.

16/05/12: Informe da Dirección Xeral Producción Agropecuaria que indica as recomendacións que debe de ter en conta o promotor na restauración.

21/05/12: Informe favorable da Secretaría Xeral do Medio Rural e Montes.

05/06/12: Informe de Augas de Galicia con indicación de actuacións e estudos e propostas de medidas compensatorias.

08/06/12: Informe favorable do Concello de Coristanco.

27/06/2012: Informe da Dirección Xeral de Patrimonio Cultural indicando que a documentación está incompleta e solicitando emendas.

12/07/12: Informe favorable da área de autorizacións e concesións de Augas de Galicia.

23/07/12: Presentación de estudo de avaliación de impacto sobre patrimonio cultural e emenda de emendas.



20/09/12: Informe favorable da Dirección Xeral de Patrimonio Cultural, incluíndo medidas protectoras e correctoras.

22/08/12: Informe favorable da Secretaría Xeral de Ordenación del Territorio e Urbanismo.

02/10/12: Informe favorable do Instituto de Estudos do Territorio.

22/10/12: Informe da Dirección Xeral de Conservación da Natureza no que se indican toda unha serie de medidas a adoptar nos proxectos de execución.

29/11/12: Formulación pola Secretaría Xeral de Calidade e Avaliación Ambiental da Declaración de Impacto Ambiental que considera o proxecto ambientalmente viable.

30/01/13: Publicación no DOG da declaración de impacto ambiental.

En canto á prohibición do uso do cianuro en minería en Europa, hai que indicar o seguinte:

No ano 2010 presentouse unha proposta para prohibir o uso do cianuro en minería na Unión Europea. A proposta foi presentada polos eurodeputados membros do Grupo Popular Europeo, o húngaro János Áder e o romanés László Tőkés, os cales impulsaron a prohibición do cianuro na extracción de ouro en toda a UE.

Houbo varias razóns para esta iniciativa: tensións entre húngaros e romaneses, demandas de Hungría non satisfeitas para que Romanía o compensase polos danos do accidente de Baia Mare, medo a un novo accidente con consecuencias transfronteirizas, falta de confianza na industria mineira, falta de confianza nas autoridades romanesas e búlgaras.

Esta iniciativa tivo como resultado a prohibición do uso do cianuro en minas da República Checa (2000) e Hungría (decembro 2009), e unha exitosa alegación contra a autorización dunha planta de recuperación de ouro na mina Chelopech en Bulgaria (abril 2010). Non obstante, a República Checa continúa sendo un país fabricante de cianuro. Hungría non tiña ningunha mina de ouro ou proxecto de establecemento de beneficio con uso de cianuro, polo que a súa propia prohibición non lle afectaba. En

canto á mina Chelopech, os parlamentarios gregos tiñan medo a un novo accidente como o de Baia Mare, que puidese chegar aos ríos gregos.

Esas accións a nivel nacional foron acompañadas dun continuo fluxo de cuestións á Comisión Europea dende un grupo de parlamentarios liderados por gregos e húngaros.

En resumo, a iniciativa xurdiu nos países do leste da Unión Europea pola súa desconfianza mutua. Os países que prohibiron o uso do cianuro foron:

- República Checa, a pesar de que o segue fabricando.
- Hungría.

Como resultado de tal iniciativa, o Parlamento Europeo emitiu unha resolución o 5 de maio de 2010 para unha prohibición xeral do uso de tecnoloxías mineiras a base de cianuro.

Hai que ter en conta que unha resolución do Parlamento Europeo non é un documento que obrigue legalmente.

Finalmente, baseándose nos informes técnicos recompilados de distintos organismos e países, a Comisión Europea rexeitou tal resolución demostrando que xa hai leis que regulan e controlan o uso do cianuro en minería e que o único que teñen que facer os estados é controlar que se cumpran as leis.

O Comisionado Europeo para o Medio, Sr. Potočník, en nome da Comisión Europea, emitiu un comunicado de data 23 de xuño de 2010, que di:

‘Despois dunha análise en profundidade da cuestión, a Comisión considera que unha prohibición xeral do cianuro na actividade mineira non se xustifica dende os puntos de vista do medio e a saúde. A lexislación existente sobre todo na xestión dos residuos da industria extractiva (Directiva 2006/21/CE) inclúe requisitos precisos e estritos para garantir un nivel axeitado de seguridade nas instalacións de residuos mineiros. Os valores límite de almacenamento de cianuro tal como se definen na Directiva son os máis estritos posibles e na práctica implican un paso de destrución do cianuro utilizado antes do seu almacenamento.



Debido á falta dunha mellor (no sentido de causar un menor impacto sobre o medio) tecnoloxía alternativa, unha prohibición xeral do uso do cianuro implicaría o peche das minas existentes que operan en condicións de seguridade. Isto sería prexudicial para o emprego, sen valor engadido adicional para o medio e a saúde. ‘

Non só non está prohibido o uso do cianuro en Europa, senón que existe un documento BREF (Best available techniques reference document-documento de referencia en mellores técnicas dispoñibles), derivados da Directiva 96/61/CE, relativa á prevención e o control integrado da contaminación (IPPC), que inclúe o seu uso. É o:

Reference Document on Best Available Techniques for Management of Tailings and Waste-Rock in Mining Activities, de xaneiro de 2009.

Neste documento recóllese o uso do cianuro en minería. Actualmente non hai outra MTD (mellor técnica dispoñible) para a lixiviación do ouro.

Cianuro en Europa - Principais países con minería de ouro

Os principais países produtores de ouro son Turquía, Suecia e Finlandia.

Minas de ouro en Suecia:

- Svartliden (ceo aberto e planta de tratamento)
- Fäboliden (ceo aberto, interior e planta de tratamento)
- Biorkdal (ceo aberto e interior, planta de tratamento-gravimetría e flotación)

Minas de ouro en Finlandia:


- Kittila (ceo aberto e interior e planta de tratamento)
- Orivesi (interior)

- Jokisivu (ceo aberto e interior)
- Vammala (planta de tratamento)."

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela, 1 de febreiro de 2013

O director xeral de ~~Relacións~~ Institucionais
e Parlamentarias

A handwritten signature in black ink is written over a circular official stamp. The signature is fluid and cursive. The stamp is partially obscured by the signature and the text below it.

Gonzalo José Ordoñez Puime

Excma. Sra. Presidenta do Parlamento de Galicia



XUNTA DE GALICIA

CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA,
ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS
E XUSTIZA

Dirección Xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias


galicia

RS/mc

PARLAMENTO DE GALICIA
DIRECCIÓN XERAL ENTRADA

FEB. 2013

3132



En relación coa pregunta con resposta oral en Comisión **número: 1467**, formulada polo Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, a iniciativa de dona María do Carme Adán Villamarín, sobre **“a solución prevista para os terreos expropiados para o proxecto sectorial da plataforma loxística e industrial Salvaterra-As Neves, PLISAN, tras a súa anulación polo Tribunal Supremo, así como o plan industrial que vai desenvolver a Consellería de Economía e Industria ao respecto”**, (publicada no BOPG número 19, do 20 de decembro de 2012), convertida en **pregunta con resposta escrita** por finalización do período de sesións setembro-decembro de 2012 (BOPG número 30 do 14 de xaneiro de 2013), teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Economía e Industria**, que ten o seguinte contido:

“A Plataforma Loxística de Salvaterra – As Neves (PLISAN) é un proxecto conxunto da Zona Franca de Vigo, a Autoridade Portuaria de Vigo e o Instituto Galego da Vivenda e Solo (IGVS).

As decisións relativas á PLISAN tómanse de acordo entre as tres administracións, pero debe terse en conta que a participación do IGVS na mesma é a menor das tres.


O destino dos terreos aos que se refire a pregunta deberá ser determinado polos tres organismos actuantes, que, polo momento, non tomaron unha decisión ao respecto, estando en estudo as posibles opcións.

Esta plataforma loxística terá un papel primordial na estratexia de planificación industrial da Consellería de Economía e Industria que seguirá facendo un esforzo na súa potenciación, aprobando o Plan Director da Industria de Galicia, que conterá un Mapa industrial coas infraestruturas de apoio necesarias para o seu desenvolvemento onde plataformas loxísticas como a PLISAN destacarán tanto como nodos intermodais fundamentais como pola súa capacidade acolledora de empresas.”

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela, 31 de xaneiro de 2013

O director xeral de Relacións Institucionais
e Parlamentarias

A handwritten signature in black ink is written over a circular stamp. The stamp contains a small, dark, rectangular mark in the center, possibly a seal or logo. The signature is fluid and extends across the right side of the stamp.

Gonzalo José Ordóñez Puime

Excma. Sra. Presidenta do Parlamento de Galicia



XUNTA DE GALICIA

CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA,
ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS
E XUSTIZA

Dirección Xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

galicia

RS/ms

5 FEB. 2013

3148

PRESENCIA E CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA, ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS E XUSTIZA DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS
- 4 FEB. 2013
SAIDA
Num. 118

En relación coa pregunta con resposta oral en Comisión **núm.: 647**, formulada polo Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, a iniciativa de dona María Tereixa Paz Franco e don Cosme Eladio Pombo Rodríguez, sobre **“os datos do Goberno galego respecto da situación da empresa Alimentos Lácteos, S.A., na súa factoría de Outeiro de Rei, as xestións realizadas e as actuacións previstas para garantir o mantemento da actividade empresarial e os postos de traballo nela”**, (publicada no BOPG núm.: 5, do 28 de novembro de 2012), convertida en **pregunta con resposta escrita** por finalización do período de sesións setembro-décembro de 2012 (BOPG núm. 30, do 14 xaneiro de 2013), teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Economía e Industria**, que ten o seguinte contido:

“A Xunta de Galicia é plenamente consciente da importancia de que Galicia dispoña de industrias lácteas con potencial para transformar o leite galego e procurar que o seu valor engadido quede en Galicia.

As dificultades de Alimentos Lácteos para dispoñer do circulante necesario para consolidar as súas marcas de calidade no mercado teñen derivado en tensións económicas internas e en dificultades para dispoñer do produto necesario para a súa transformación e distribución.

Como puxo de manifesto co apoio comprometido a través de Xesgalicia e Igape, a Xunta de Galicia confía en que a empresa poida superar as dificultades financeiras e poida acceder á liquidez necesaria para desenvolver os seus plans a medio e longo prazo, garantindo o emprego asociado e a viabilidade das cooperativas e das explotacións gandeiras que dependen da factoría.

Este esforzo debe ser compartido polas cooperativas, que son tamén accionistas e que deben apostar por esa vía, entregando o leite, para que a empresa poida desenvolver o seu plan de

negocio e consolidar no mercado as súas marcas de referencia –Deleite e Muuu–, de calidade recoñecida.


A preocupación e o esforzo da Xunta de Galicia están enfocados cara á recollida de leite aos gandeiros e ao mantemento dos postos de traballo, facendo posible que o valor engadido da súa produción permaneza en Galicia.

Nesta liña, a Consellería de Economía e Industria, a través do Igape e Xesgalicia, está a avaliar diversas alternativas para asegurar o futuro de Alimentos Lácteos, en defensa dos intereses dos gandeiros, das cooperativas e dos recursos públicos comprometidos pola Xunta de Galicia.”

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela, 31 de xaneiro de 2013

O director xeral de Relacións Institucionais
e Parlamentarias



A handwritten signature in black ink, appearing to be 'G. Ordóñez', is written over a faint, circular official stamp. The signature is fluid and cursive.

Gonzalo José Ordóñez Puime

Excma. Sra. Presidenta do Parlamento de Galicia



RS/mc



En relación coa pregunta con resposta oral en Comisión **número: 669**, formulada polo Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, a iniciativa de dona María Tereixa Paz Francos, sobre **“os motivos e obxectivos do Goberno galego para modificar o nivel de cofinanciamento do Fondo Europeo Agrícola de Desenvolvemento Rural, Feader, no Plan de desenvolvemento rural de Galicia 2007-2013, e os datos referidos ao seu impacto para os grupos de desenvolvemento rural, así como na xeración de actividade económica e emprego nese medio”**, (publicada no BOPG número 5, do 28 de novembro de 2012), convertida en **pregunta con resposta escrita** por finalización do período de sesións setembro-decembro de 2012 (BOPG número 30 do 14 de xaneiro de 2013), teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería do Medio Rural e do Mar**, que ten o seguinte contido:

“No pasado mes de outubro de 2012, o Comité de Seguimento do Programa de Desenvolvemento Rural (PDR) de Galicia aprobou, polo procedemento escrito de consulta, unha proposta de modificación do programa consistente en elevar a contribución FEADER fixada inicialmente nun 57,56% a un 75% para todos os eixes.

Esta proposta foi remitida a Bruxelas xa que debe ser aprobada mediante decisión da Comisión Europea.

A proposta do Goberno Galego de modificar o nivel de cofinanciación de FEADER no PDR de Galicia ven motivada pola actual conxuntura económica e a necesidade de reducir o déficit público, para contribuír ao obxectivo de estabilidade orzamentaria, e os crecentes problemas de acceso ao crédito dos potenciais beneficiarios que deben realizar unha achega privada.


A situación económica actual, totalmente distinta á prevista no momento da elaboración dos programas do período 2007-2013, dificulta extraordinariamente a execución dos PDR en toda Europa e aconsellou acoutar os obxectivos previstos para adaptalos á realidade actual evitando a liberación automática dos compromisarios comunitarios por incumprimento da regra n+2.

A reprogramación efectuada no PDR permite cubrir na súa totalidade os compromisos financeiros adquiridos con todos os grupos de desenvolvemento rural nos convenios asinados no 2009 para financiar os programas LEADER por eles xestionados. Do 2009 ata o 2013 o goberno da Xunta sempre tivo a disposición dos grupos a totalidade das cantidades consignadas nos convenios.”

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela, 12 de febreiro de 2013

O director xeral de Relacións Institucionais
e Parlamentarias



A circular stamp of the Xunta de Galicia is visible, partially overlapping with a handwritten signature. The stamp contains the text "XUNTA DE GALICIA" and "SECRETARÍA XERAL DE RELACIONES INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS". The signature is in black ink and appears to be "Gonzalo José Ordóñez Puime".

Gonzalo José Ordóñez Puime

Excma. Sra. Presidenta do Parlamento de Galicia



RS/mc



En relación coa pregunta con resposta oral en Comisión **número: 681**, formulada polo Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, a iniciativa de dona María Tereixa Paz Francos, sobre **“os motivos e obxectivos do Goberno galego para modificar o nivel de cofinanciamento do Fondo Europeo Agrícola de Desenvolvemento Rural, FEADER, no Plan de desenvolvemento rural de Galicia 2007-2013, así como o seu impacto”**, (publicada no BOPG número 6, do 29 de novembro de 2012), convertida en **pregunta con resposta escrita** por finalización do período de sesións setembro-decembro de 2012 (BOPG número 30 do 14 de xaneiro de 2013), teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería do Medio Rural e do Mar**, que ten o seguinte contido:

“No pasado mes de outubro de 2012, o Comité de Seguimento do Programa de Desenvolvemento Rural (PDR) de Galicia aprobou, polo procedemento escrito de consulta, unha proposta de modificación do programa consistente en elevar a contribución FEADER fixada inicialmente nun 57,56% a un 75% para todos os eixes.

Esta proposta foi remitida a Bruxelas xa que debe ser aprobada mediante decisión da Comisión Europea.

A proposta do Goberno Galego de modificar o nivel de cofinanciación de FEADER no PDR de Galicia ven motivada pola actual conxuntura económica e a necesidade de reducir o déficit público, para contribuír ao obxectivo de estabilidade orzamentaria, e os crecentes problemas de acceso ao crédito dos potenciais beneficiarios que deben realizar unha achega privada.

A situación económica actual, totalmente distinta á prevista no momento da elaboración dos programas do período 2007-2013, dificulta extraordinariamente a

execución dos PDR en toda Europa e aconsellou acoutar os obxectivos previstos para adaptalos á realidade actual evitando a liberación automática dos compromisarios comunitarios por incumprimento da regra n+2.

Porén, con esta modificación proposta trátase de evitar fundamentalmente un descompromiso dos fondos europeos, por incumprimento da regra n+2, e este é un risco que se agudiza cada ano por mor, fundamentalmente, das dificultades de acceso ao crédito dos beneficiarios que teñen que realizar unha achega privada. Neste senso, debe terse en conta que estas dificultades supuxeron unha perda de aproximadamente 67 millóns de euros do fondo FEADER nos programas españois na anualidade 2012, non afectando esta perda ao PDR galego.

Como consecuencia desta modificación da taxa de contribución FEADER se produce unha variación no importe de gasto público total en cada unha das medidas do PDR de Galicia 2007-2013. Esta variación é diferente en cada unha delas en función dos importes xa certificados ata a data, o que nos leva a que, a medida que a execución coa taxa do 57,56% sexa maior, a variación no gasto público será menor.

Esta proposta de modificación diríxese a unha optimización dos recursos dispoñibles polo que, aínda conlevando una diminución do gasto público total a longo prazo, previsiblemente implicará un aumento deste, reflectido nas dispoñibilidades orzamentarias, para os exercicios futuros inmediatos, o que redundará sen dúbida nunha axilidade na execución do programa.

Por último, dicir que consideramos compatible esta proposta co noso compromiso e apoio ao medio rural, xa que os impactos perseguidos a través desta proposta de modificación son fundamentalmente o logro dunha mellora no ritmo de execución do fondo provocada pola elevación da taxa de cofinanciación FEADER do 57,56% ao 75% e a adecuación dos recursos dispoñibles nunhas medidas que nesta fase do programa decláranse como insuficientemente dotadas no PDR."



XUNTA DE GALICIA

CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA,
ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS
E XUSTIZA

Dirección Xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

galicia

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela, 12 de febreiro de 2013

O director xeral de Relacións Institucionais
e Parlamentarias



Gonzalo José Ordóñez Puime



Excm. Sra. Presidenta do Parlamento de Galicia



XUNTA DE GALICIA

CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA,
ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS
E XUSTIZA

Dirección Xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias



RS/ms

En relación coa pregunta con resposta oral en Comisión **número: 708**, formulada polo Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, a iniciativa de don Carlos Ignacio Aymerich Cano e dona María Tereixa Paz Franco, sobre **“o prazo previsto polo Goberno galego para estender a acta de reorganización da propiedade da concentración parcelaria da zona de Cereixo-Carnés, no concello de Vimianzo, así como para o inicio do proceso nas parroquias de Castrelo, Carantoña e Berdoias dese municipio”**, (publicada no BOPG nº 6, do 29 de novembro de 2012), convertida en **pregunta con resposta escrita** por finalización do período de sesións setembro-décembro de 2012 (BOPG núm. 30, do 14 xaneiro de 2013), teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería do Medio Rural e do Mar**, que ten o seguinte contido:

“O proceso de reorganización da propiedade da concentración parcelaria de Cereixo-Carnés atópase na fase de Acordo, fase que supón a determinación das fincas de reemplazo coa proposta de reparto aos novos titulares, coa superficie resultante da reorganización da propiedade. Estenderase a acta de reorganización unha vez se remate a tramitación das modificacións propostas polos particulares ao Acordo.

En canto ás parroquias de Castrelo, Carantoña e Berdoias, tamén no concello de Vimianzo, a Xunta iniciará as concentracións parcelarias cando, de acordo co seu potencial agrario no contexto galego, se estimen viable a súa disposición e execución.”

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela, 12 de febreiro de 2013

O director xeral de Relacións Institucionais
e Parlamentarias

Gonzalo José Ordóñez Puime

Sra. Presidenta do Parlamento de Galicia

11414

Á Mesa do Parlamento

Partido dos
Socialistas
de Galicia

Pablo García García, Raúl Fernández Fernández e José Ramón Val Alonso, deputados pertencentes ao Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, ao abeiro do disposto no artigo 156.3 do Regulamento da Cámara, solicita a esa Mesa se proceda á recualificación a seguinte iniciativa e sexa incluída na orde do día da próxima comisión competente, ante a falta de resposta da Xunta de Galicia no prazo establecido regulamentariamente:

Doc. núm. 928, sobre as medidas adoptadas e previstas pola Xunta de Galicia en relación cos prezos do leite e as prácticas fraudulentas e abusos na cadea de produción, así como a negociación entre produtores e industrias, e a base territorial das explotacións galegas.

Pazo do Parlamento, 15 de febreiro de 2013

Asdo.: Pablo García García
Raúl Fernández Fernández
José Ramón Val Alonso
Deputados do G.P. dos Socialistas de Galicia

Asinado dixitalmente por:

Pablo García García na data 19/02/2013 12:11:44

Raúl Fernández Fernández na data 19/02/2013 12:11:51

José Ramón Val Alonso na data 19/02/2013 12:11:57



XUNTA DE GALICIA

CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA,
ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS
E XUSTIZA

Dirección Xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias



RS/mc

8 FEB 2013

3460

En relación coa pregunta con resposta oral en Comisión **número: 944**, formulada polo Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, a iniciativa de dona María Tereixa Paz Franco e dona Ana B. Pontón Mondelo, sobre **“o estado de tramitación e o prazo previsto polo Goberno galego para a probación do Plan de ordenación dos recursos naturais do Lugar de Interese Comunitario e da Zona de Especial Protección para as Aves de Pena Trevinca, así como as actuacións levadas a cabo ou que vai desenvolver para evitar e reparar a destrución dos seus valores”**, (publicada no BOPG número 15, do 13 de decembro de 2012), convertida en **pregunta con resposta escrita** por finalización do período de sesións setembro-decembro de 2012 (BOPG número 30 do 14 de xaneiro de 2013), teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Infraestruturas**, que ten o seguinte contido:

“A información que demanda esta iniciativa foi ofrecida a través da resposta á pregunta escrita número 943, á que nos remitimos.”

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela, 5 de febreiro de 2013

O director xeral de Relacións Institucionais
e Parlamentarias

Gonzalo José Ordóñez Puime

Excma. Sra. Presidenta do Parlamento de Galicia

11416



XUNTA DE GALICIA

CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA,
ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS
E XUSTIZA

Dirección Xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

RS/mc

3398

galicia

VICEPRESIDENCIA E CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA, ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS E XUSTIZA DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS
- 8 FEB. 2013
SAIDA
Num. 198

En relación coa pregunta con resposta oral en Comisión **número: 1043**, formulada polo Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, a iniciativa de dona María do Carme Adán Villamarín e dona María Tereixa Paz Franco, sobre “**o estado de tramitación do expediente da solicitude de concesión da explotación dun aproveitamento mineiro nos concellos de Xinzo de Limia e Trasmiras e a valoración do Goberno galego do seu posible impacto, nomeadamente, na zona de especial protección para as aves e na actividade agraria da comarca, así como as previsións ao respecto**”, (publicada no BOPG número 15, do 13 de decembro de 2012), convertida en **pregunta con resposta escrita** por finalización do período de sesións setembro-decembro de 2012 (BOPG número 30 do 14 de xaneiro de 2013), teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería do Medio Rural e do Mar**, que ten o seguinte contido:

“A concesión de explotación, derivada de permiso de investigación Faramontaos nº 5089.1 atópase no trámite de información pública, anunciado no DOG o 17 de xaneiro de 2013. Simultaneamente, solicitáronse informes ás distintas administracións públicas para que se manifesten respecto ao proxecto presentado no ámbito das súas competencias. Entre outros organismos, solicitáronse informes aos concellos afectados e ás Direccións Xerais de Conservación da Natureza e de Producción Agraria.

O prazo aberto correspóndese co previsto na lei polo que, cabe supoñer, que o lexislador ponderou adecuadamente a amplitude do devandito prazo e a efectividade do proceso de participación pretendido, en relación cun período de tramitación dos expedientes que non debe de ser innecesariamente prolongado. Máis cando, hoxe en día, toda a información, establecida na lei, está a disposición dos cidadáns, non só nas dependencias administrativas da Consellería, senón tamén a través do portal da mesma, onde os cidadáns poden consultar e descargar a documentación. Polo tanto, non se aprecian evidencias para supoñer que as persoas afectadas non dispoñen dos datos, da información suficiente e do tempo necesario para poder realizar as aportacións que consideren oportunas.

Sobre a valoración que fai o Goberno Galego dos efectos da eventual autorización de unha actividade destas características neste lugar, e a falta dos informes sectoriais que permitan unha manifestación rigorosa ao respecto, non é outra que a dun proxecto mineiro de similares características a outros que se veñen desenvolvendo no val da Limia e que se enmarcan na declaración de impacto ambiental marco e plan director de restauración para explotacións a ceo aberto na lagoa de Antela de febreiro de 2001.

En relación coa zona ZEPA, e a falta do informe sectorial (que, á vista da documentación presentada pola empresa, debería confirmar que as zonas de explotación propostas non se sitúan na zona de Rede Natura, nin declarada como LIC ou ZEPA), debe sinalarse que diversos estudos científicos (Lagos et al, 2009; Villarino et al, 2001) puxeron de manifesto que a actividade mineira que se ven desenvolvendo na Limia permitiu a recuperación deste lugar como lugar de invernada dunha serie de especies de aves acuáticas, que desapareceran trala desecación da lagoa de Antela.

Sinalar que a Consellería do Medio Rural e do Mar a través da Dirección Xeral de Producción Agropecuaria está a elaborar o informe que se incorporará ó expediente de avaliación do impacto na actividade agraria da explotación dun dereito mineiro na comarca da Limia.

Non podemos considerar, polo tanto a priori, que resultaría negativo para esta comarca, pero cabe dicir ó respecto que o estudo de impacto ambiental valora a perda de superficie de cultivo polo cambio de uso do solo que supón a explotación, cifrándoa en 0.008% do total de superficie de cultivos do termo municipal aínda que, a falta do correspondente informe sectorial, non é conveniente emitir unha valoración ao respecto.

En canto a que se deberíamos ter como elemento principal a protección e preservación da actividade agraria, tamén se deben considerar que as actividades a desenvolver nesta comarca da Limia, xerarían beneficios económicos para a zona e nesta tesitura debemos valorar aquelas actividades que permitan aproveitar o territorio dunha maneira sostible en todo o seu potencial.

Por último, sinalar que a Consellería de Economía e Industria, como é a súa obriga, ten previsto resolver a solicitude de autorización de actividade mineira. O sentido, favorable ou desfavorable, de tal resolución, dependerá do contido dos informes sectoriais e demais achegas que se incorporen ao expediente.” 11418



O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela, 6 de febreiro de 2013

O director xeral de Relacións Institucionais
e Parlamentarias

Gonzalo José Ordóñez Puime




XUNTA DE GALICIA

CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA,
ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS
E XUSTIZA

Dirección Xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

RS/mc



En relación coa pregunta con resposta oral en Comisión **número: 1492**, formulada polo Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, a iniciativa de dona María Tereixa Paz Francos, sobre “**as xestións realizadas e as actuacións previstas polo Goberno galego respecto dos requirimentos que están a recibir diversas explotacións lácteas para o pagamento de diferentes cantidades por sobreproducción de cota na campaña 1996-1997**”, (publicada no BOPG número 19, do 20 de decembro de 2012), convertida en **pregunta con resposta escrita** por finalización do período de sesións setembro-decembro de 2012 (BOPG número 30 do 14 de xaneiro de 2013), teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería do Medio Rural e do Mar**, que ten o seguinte contido:

“A produción de leite na UE, como é coñecido, está acoutada e cando un estado membro supera en entregas as cantidades de referencia dispoñibles, incorre en sobreproducción e, polo tanto, en **supertaxa**.

O concepto está regulado no R (CEE) 3950/ 92, e para o período 96/97 a norma nacional vixente era o R.D. 324/1994 do 28 de febreiro.

O organismo competente na materia e o FEGA, co que mantemos contactos continuos por estes e outros asuntos relacionados co sector agrario. Neste caso a reclamación prodúcese esgotados os recursos administrativos e xudiciais por parte das empresas compradoras. Esta circunstancia xa foi posta en coñecemento dos produtores o día 12 de decembro de 2012, sendo tamén informados da veracidade da débeda.

A Administración podería cometer unha grave ilegalidade se decide axudar aos produtores que se sobrepasaron nas súas entregas e que teñen que facer fronte ao pagamento da taxa láctea. Ademais, entendemos que esta tese sería inxusta para con o resto de produtores aos que non se lles imputou a taxa láctea.”

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela, 12 de febreiro de 2013

O director xeral de ~~Relacións~~ Institucionais
e Parlamentarias



Gonzalo José Ordóñez Puime

Excma. Sra. Presidenta do Parlamento de Galicia





XUNTA DE GALICIA

CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA,
ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS
E XUSTIZA

Dirección Xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

galicia

RS/ms



En relación coa pregunta con resposta oral en Comisión **número: 826**, formulada polo Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, a iniciativa de dona María Monserrat Prado Cores, sobre **“a avaliación da situación na que se atopa, así como as medidas adoptadas e previstas polo Goberno galego para defender os intereses da frota galega afectada pola non renovación do acordo pesqueiro con Mauritania, e a información que posúe respecto dos recursos deste caladoiro, así como a política do Goberno central en relación ao acceso ás axudas polo amarre forzoso”**, (publicada no BOPG nº 10, do 5 de decembro de 2012), convertida en **pregunta con resposta escrita** por finalización do período de sesións setembro-decembro de 2012 (BOPG núm. 30, do 14 xaneiro de 2013), teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería do Medio Rural e do Mar**, que ten o seguinte contido:

“A Xunta e o Goberno Central levan traballando xuntos dende o primeiro momento para renegociar un novo acordo que faga viable e rendible a actividade pesqueira da frota galega en Mauritania. Ambos organismos manifestaron o seu rexeitamento a este protocolo e seguen a manter contacto cos eurodeputados para facer presión en Bruxelas e evitar que este preacordo sexa aprobado definitivamente.

Cabe destacar que foi o anterior Goberno do Estado o que participou na maioría das negociacións deste acordo no que queda expulsada a frota cefalopodeira, pois recordemos que 5 das 7 roldas negociadoras tiveron lugar durante a etapa de Goberno anterior que aceptou a práctica totalidade das propostas finais. Por tanto, xa estaban negociadas cando tomou posesión o actual Goberno.


En relación ás axudas, os atrasos obedeceron a unha problemática nos trámites burocráticos que corresponde solventar ao Goberno Central e ao Instituto Social da Marina –ISM-.

Neste senso, adoptouse unha medida compensatoria para os mariñeiros e armadores afectados por esta parada á que se destinan 8,1 millóns de euros. Inicialmente estaba contemplado que os armadores cobraran 4 meses da parada e igualouse o período compensatorio aos 6 meses para todos os afectados sen excepción. As axudas son iguais para todos os afectados pola parada.”

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela, 15 de febreiro de 2013



O director xeral de Relacións Institucionais
e Parlamentarias

A circular stamp of the Xunta de Galicia is visible on the left, partially overlapping with a large, stylized handwritten signature that extends across the middle of the page. The stamp contains the text 'XUNTA DE GALICIA' and 'GOBERNADOR XERAL DE RELACIONES INSTITUCIONALES Y PARLAMENTARIAS'.

Gonzalo José Ordóñez Puime



RS/ms



En relación coa pregunta con resposta oral en Comisión **número: 858**, formulada polo Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, a iniciativa de dona María Monserrat Prado Cores, sobre **“a proposta aprobada no Parlamento europeo pola que se elimina a obrigatoriedade de incluír na súa etiquetaxe a orixe dos produtos procedentes do mar, e a súa incidencia para o sector extractivo galego”**, (publicada no BOPG nº 10, do 5 de decembro de 2012), convertida en **pregunta con resposta escrita** por finalización do período de sesións setembro-decembro de 2012 (BOPG núm. 30, do 14 xaneiro de 2013), teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería do Medio Rural e do Mar**, que ten o seguinte contido:

“A Xunta de Galicia defende e defenderá sempre ante a Unión Europea a diferenciación dos produtos galegos, tal e como recolle a postura consensuada no ditame do Consello Galego de Pesca sobre a reforma da Política Pesqueira Común.


No que atinxe ao etiquetado dos produtos pesqueiros, o ditame recolle que é necesario afianzar os avances na necesaria identificación e diferenciación dos produtos do mar, precisándose a igualdade de esixencias de etiquetado para todos os produtos e a posibilidade de incorporar datos complementarios por parte dos Estados Membros co obxectivos de garantir a súa trazabilidade.

O documento indica tamén que é importante avanzar na promoción e recoñecemento das fórmulas de identificación das denominacións de orixe e ferramentas semellantes, así como na mellora da información dos consumidores, con maior concreción no relativo á zona de captura ou produción, evitando confusións sobre a súa procedencia e nome comercial a fin de garantir a diferenciación no mercado.”

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela, 15 de febreiro de 2013

O director xeral de Relacións Institucionais
e Parlamentarias

A circular stamp of the Xunta de Galicia is visible, partially overlapping with a handwritten signature. The stamp contains the text "XUNTA DE GALICIA" and "RELACIONES INSTITUCIONALES Y PARLAMENTARIAS". The signature is written in dark ink and appears to be "Gonzalo José Ordóñez Puime".

Gonzalo José Ordóñez Puime

Sra. Presidenta do Parlamento de Galicia



XUNTA DE GALICIA

CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA,
ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS
E XUSTIZA


Dirección Xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

galicia

RS/ms

5 FEB. 2013

3177



En relación coa pregunta con resposta oral en Comisión **núm.: 816**, formulada polo Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, a iniciativa de doa Ana Belén Pontón Mondelo e dona María Monserrat Prado Cores, sobre **“as razóns polas que non se retransmitiu en directo pola CRTVG a valoración dos portavoces parlamentarios da sesión de investidura do presidente da Xunta de Galicia”**, (publicada no BOPG núm.: 10, do 5 de decembro de 2012), convertida en **pregunta con resposta escrita** por finalización do período de sesións setembro-decembro de 2012 (BOPG núm. 30, do 14 xaneiro de 2013), teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Compañía de Radio-Televisión de Galicia**, que ten o seguinte contido:

“Aplicáronse criterios exclusivamente de programación. As declaracións dos voceiros de todos os partidos políticos con presenza no Parlamento, en relación aos debates de investidura de Feijoo, recolléronse integramente e se emitiron en respectivos programas de resumo pola noite na TVG, tanto o día 27 coma o 29 de novembro.


A CRTVG sí considera que este proceder responde aos criterios que deben rexer a súa programación e que están establecidos por lei xa que se optou por esta fórmula baixo un punto de vista estritamente de programación.

A CRTVG non considera que este tipo de prácticas danan a credibilidade e valoración social deste medio público xa que a CRTVG toma este tipo de decisións tendo sempre como referente a misión de servizo público dos medios públicos galegos.”

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela, 1 de febreiro de 2013

O director xeral de Relacións Institucionais
e Parlamentarias

A handwritten signature in black ink, appearing to be 'G. Ordóñez', is written over a faint, circular official stamp. The signature is fluid and cursive.

Gonzalo José Ordóñez Puime


Excma. Sra. Presidenta do Parlamento de Galicia




XUNTA DE GALICIA

CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA,
ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS
E XUSTIZA
Dirección Xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

RS/mc



galicia



En relación coa pregunta con resposta oral en Comisión **número: 938**, formulada polo Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, a iniciativa de don José M. Gallego Lomba e varios/as deputados/as máis, sobre **“as liñas de actuación que se van incluír no Plan estratéxico da náutica recreativa 2012/2020 e a súa incidencia nos investimentos previstos na actualidade polo ente público Portos de Galicia, así como os datos referidos ao seu financiamento”**, (publicada no BOPG número 15, do 13 de decembro de 2012), convertida en **pregunta con resposta escrita** por finalización do período de sesións setembro-decembro de 2012 (BOPG número 30 do 14 de xaneiro de 2013), teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería do Medio Rural e do Mar**, que ten o seguinte contido:

“O ente público Portos de Galicia presentou o pasado mes de xullo de 2012 o documento base do Plan Estratéxico da Náutica Recreativa (PENR) co obxectivo de definir a folla de ruta para o mellor aproveitamento e distribución dos recursos que se destinan á náutica recreativa e a máxima rendibilidade dun sector, que dende a Xunta de Galicia cremos que debe ser un motor para a xeración de riqueza e emprego e a reactivación económica da nosa comunidade. Tras un traballo de campo realizado en colaboración cos axentes e colectivos do sector e doutros adxacentes, consensuouse establecer no PENR catro eixos de traballo xerais: a mellora da xestión, a planificación ordenada das infraestruturas, o incremento da responsabilidade social corporativa e o aproveitamento turístico e económico do sector da náutica recreativa.

O Plan Estratéxico é un documento reitor, unha folla de ruta sobre as estratexias necesarias para a optimización do potencial e os recursos do sector, non unha listaxe de actuacións a executar. Por este motivo contempla obxectivos a acadar e liñas de traballo, non ornamentos nin previsións de investimentos, polo que en modo algún esta ferramenta recorta investimentos. Respecto a estes, Portos de Galicia manterá a


mesma liña de traballo que se veu seguindo na pasada lexislatura: o ente público priorizará calquera actuación destinada a mellorar as condicións de traballo e cubrir as necesidades do sector profesional marítimo, mentres que na ámbito da náutica recreativa impulsará e dará trámite coa maior celeridade posible a todos aqueles proxectos de construción ou ampliación de instalacións náutico recreativos que veñan avalados pola iniciativa empresarial privada.

Portos de Galicia xa ten elaborado o PENR, para o que contou co traballo do persoal técnico propio da Administración pública e en concreto do ente público. Como xa se explicou, o Plan Estratéxico non é un relatorio de actuacións construtivas, senón unha folla de ruta para o conxunto do sector, que recompila accións estratéxicas para o seu óptimo desenvolvemento. Ao non tratarse dun plan de obras non é preciso financiamento específico. No que respecta ás infraestruturas manterase a liña de actuación xa citada.”

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela, 12 de febreiro de 2013

O director xeral de Relacións Institucionais
e Parlamentarias



Gonzalo José Ordóñez Puime

Excma. Sra. Presidenta do Parlamento de Galicia




XUNTA DE GALICIA

CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA,
ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS
E XUSTIZA

Dirección Xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

RS/mc



En relación coa pregunta con resposta oral en Comisión **número: 1011**, formulada polo Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, a iniciativa de don José Ramón Val Alonso e varios/as deputados/as máis, sobre **“as actuacións levadas a cabo e as medidas previstas pola Xunta de Galicia en relación co recente acordo de pesca entre a Unión Europea e Mauritania e a súa incidencia na frota cefalopodeira galega”**, (publicada no BOPG número 15, do 13 de decembro de 2012), convertida en **pregunta con resposta escrita** por finalización do período de sesións setembro-decembro de 2012 (BOPG número 30 do 14 de xaneiro de 2013), teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería do Medio Rural e do Mar**, que ten o seguinte contido:

“A Xunta e o Goberno Central levan traballando xuntos dende o primeiro momento para renegociar un novo acordo que faga viable e rendible a actividade pesqueira da frota galega en Mauritania. Ambos organismos manifestaron o seu rexeitamento a este protocolo e seguen a manter contacto cos eurodeputados para facer presión en Bruxelas e evitar que este preacordo sexa aprobado definitivamente.

Cabe destacar que foi o anterior Goberno do Estado o que participou na maioría das negociacións deste acordo no que queda expulsada a frota cefalopodeira, pois recordemos que 5 das 7 roldas negociadoras tiveron lugar durante a etapa de Goberno anterior que aceptou a práctica totalidade das propostas finais. Por tanto, xa estaban negociadas cando tomou posesión o actual Goberno.

En relación ás axudas, os atrasos obedeceron a unha problemática nos trámites burocráticos que corresponde solventar ao Goberno Central e ao Instituto Social da Marina –ISM-.

Neste senso, adoptouse unha medida compensatoria para os mariñeiros e armadores afectados por esta parada á que se destinan 8,1 millóns de euros. Inicialmente estaba contemplado que os armadores cobrasen 4 meses da parada e igualouse o período compensatorio aos 6 meses para todos os afectados sen excepción. As axudas son iguais para todos os afectados pola parada.”

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela, 14 de febreiro de 2013

O director xeral de Relacións Institucionais
e Parlamentarias

A circular stamp of the Parlamento de Galicia is visible, featuring the Galician coat of arms and the text "PARLAMENTO DE GALICIA" and "XERAR DE RELACIONS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS". A handwritten signature in black ink is written over the stamp.


Gonzalo José Ordóñez Puime




XUNTA DE GALICIA

CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA,
ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS
E XUSTIZA

Dirección Xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias



galicia



RS/ms

En relación coa pregunta con resposta oral en Comisión **número.: 1016**, formulada polo Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, a iniciativa de don José Ramón Val Alonso e varios/as deputados/as máis, sobre **“os motivos da demora da execución da dragaxe da ría de Foz, a existencia dalgunha partida orzamentaria para ese fin e a situación na que se atopa o estudo para solucionar os seus problemas de calado, de xeito definitivo, así como as previsións do ente público Portos de Galicia respecto da ampliación do número de amarres e de servizos nas dársenas”**, (publicada no BOPG núm.: 15, do 13 de decembro de 2012), convertida en **pregunta con resposta escrita** por finalización do período de sesións setembro-decembro de 2012 (BOPG número 31 do 15 de xaneiro de 2013) teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería do Medio Rural e do Mar**, que ten o seguinte contido:

“O ente público Portos de Galicia tivo que afrontar no caso da actuación de dragaxe do porto de Foz unha tramitación ambiental especialmente complexa e rigorosa dado que no estuario focense converxen tres catalogacións ambientais europeas: Lugar de Interese Comunitario (LIC), Zona de Especial Protección Ambiental (ZEPA) e Rede Natura.

Por tanto, as pertinentes precaucións requiridas por unha actuación neste contexto alongaron o proceso de tramitación previo ao inicio das obras. Así mesmo, a vontade de consenso de Portos de Galicia coa comunidade portuaria de Foz, principais beneficiarios e solicitantes desta dragaxe, derivou nunha proposta de variación do punto de vertido dos sedimentos a unha zona diferente á inicialmente elixida.

Portos de Galicia propuxo inicialmente realizar o vertido na zona de Arealonga, pero ante a solicitude dos usuarios do porto e nomeadamente o colectivo profesional, estudio a posibilidade de modificar a súa proposta para levar os sedimentos a Fondás, co propósito de que servisen para a rexeneración dos fondos. Sen embargo, a tramitación ambiental desta opción revelou que non era viable, polo que se volveu á proposta inicial de punto de vertido en Arealonga, que é a zona na que finalmente se realizará.

Os estudos ambientais para avaliar ambas posibilidades supuxeron tamén unha dilatación no tempo da tramitación da obra; dilatación que Portos de Galicia asumiu en aras do consenso coa comunidade portuaria.

No que respecta á partida orzamentaria destinada a tal fin, Portos de Galicia dispón dos fondos necesarios para a execución desta obra, como evidencia o feito de que se atope en proceso de licitación, cun orzamento de preto de 250.000 euros. Este investimento sumarase ao realizado en 2011 con outra dragaxe do estuario. En total, ambas actuacións suporán unha achega de practicamente medio millón de euros para a mellora do calado na canle de acceso ao porto de Foz.


Como o presidente de Portos explicou recentemente ante a comunidade portuaria, os veciños e os medios de comunicación de Foz, dada a grande complexidade da dinámica mariña no estuario referido no estudio, os primeiros resultados do mesmo non foron concluíntes, polo que Portos de Galicia decidiu continuar co traballo de análise, para afondar no problema e definir unha solución.

Para concluír, Portos de Galicia non ten previsto neste momento a ampliación do número de amarres ou servizos da dársena de Foz. Actualmente Portos de Galicia ten o compromiso de axilizar e impulsar a construción ou ampliación de infraestruturas náutico recreativas sempre que veñan avaladas pola iniciativa empresarial privada. O ente público reserva os seus investimentos para o sector profesional, considerado prioritario no actual contexto económico.”

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.



Santiago de Compostela, 12 de febreiro de 2013

O director xeral de Relacións Institucionais
e Parlamentarias



Gonzalo José Ordóñez Puime

Excma. Sra. Presidenta do Parlamento de Galicia



RS/ms

En relación coa pregunta con resposta oral en Comisión **número.: 1188**, formulada polo Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, a iniciativa de don José Ramón Val Alonso e varios/as deputados/as máis, sobre **“a situación na que se atopan os mariñeiros galegos afectados polo remate do anterior acordo de pesca entre a Unión Europea e Mauritania, as xestións que está levar a cabo o Goberno galego para axilizar o pagamento das axudas pactadas, así como as medidas previstas para a súa extensión a todos eles”**, (publicada no BOPG núm.: 15, do 13 de decembro de 2012), convertida en **pregunta con resposta escrita** por finalización do período de sesións setembro-decembro de 2012 (BOPG número 31 do 15 de xaneiro de 2013) teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería do Medio Rural e do Mar** que ten o seguinte contido:

“A Xunta e o Goberno Central levan traballando xuntos dende o primeiro momento para renegociar un novo acordo que faga viable e rendible a actividade pesqueira da frota galega en Mauritania. Ambos organismos manifestaron o seu rexeitamento a este protocolo e seguen a manter contacto cos eurodeputados para facer presión en Bruxelas e evitar que este preacordo sexa aprobado definitivamente.

Cabe destacar que foi o anterior Goberno do Estado o que participou na maioría das negociacións deste acordo no que queda expulsada a frota cefalopodeira, pois recordemos que 5 das 7 roldas negociadoras tiveron lugar durante a etapa de Goberno anterior que aceptou a práctica totalidade das propostas finais. Por tanto, xa estaban negociadas cando tomou posesión o actual Goberno.


En relación ás axudas, os atrasos obedeceron a unha problemática nos trámites burocráticos que corresponde solventar ao Goberno Central e ao Instituto Social da Marina -ISM-.

Neste senso, adoptouse unha medida compensatoria para os mariñeiros e armadores afectados por esta parada á que se destinan 8,1 millóns de euros. Inicialmente estaba contemplado que os armadores cobraran 4 meses da parada e igualouse o período compensatorio aos 6 meses para todos os afectados sen excepción. As axudas son iguais para todos os afectados pola parada.”

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela, 12 de febreiro de 2013

O director xeral de Relacións Institucionais
e Parlamentarias

A large, stylized handwritten signature in black ink, consisting of several loops and a long horizontal stroke extending to the right.

Gonzalo José Ordóñez Puime

Excma. Sra. Presidenta do Parlamento de Galicia



XUNTA DE GALICIA

CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA,
ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS
E XUSTIZA


Dirección Xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS

5 FEB. 2013

RS/ms

3176



En relación coa pregunta con resposta oral en Comisión **número.: 1362**, formulada polo Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, a iniciativa de don José Luis Méndez Romeu e dona María Remedios Quintas Álvarez, sobre **“a valoración da CRTVG do concurso para a contratación do servizo de dobraxe en lingua galega e sonorización de diversos tipos de obras audiovisuais para TVG, S.A., adxudicado o 23 de marzo de 2012, así como o desenvolvemento en futuros concursos de criterios de compra pública innovadora”**, (publicada no BOPG núm.: 19, do 20 de decembro de 2012), convertida en **pregunta con resposta escrita** por finalización do período de sesións setembro-decembro de 2012 (BOPG número 31 do 15 de xaneiro de 2013) teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Compañía de Radio-Televisión de Galicia**, que ten o seguinte contido:

“TVG, S.A. realizou a contratación do servizo de dobraxe en lingua galega e sonorización de diversos tipos de obras audiovisuais para TVG, S.A. seguindo o establecido na lei de Contratos do Sector Público, respectado os trámites establecidos para os contratos non suxeitos á regulación harmonizada celebrados por poderes adxudicadores.

Esta licitación foi a primeira contratación deste tipo de servizo que se realizou ao amparo desta normativa.

A contratación, como todas as realizadas pola CRTVG e as súas sociedades, foi realizada axustándose aos principios de liberdade de acceso as licitacións, publicidade e transparencia dos procedementos, e non discriminación e igualdade de trato entre os candidatos, e de asegurar, en conexión co obxectivo de estabilidade orzamentaria e control de gasto, a salvagarda da libre competencia e a selección das ofertas economicamente máis vantaxosas.

Consideramos que poder contar con diversas empresas de dobraxe, e non cun único proveedor, serve para conseguir a través das nosas emisións unha maior promoción e ditusión da cultura galega e a conseguir un maior fomento da produción audiovisual.

Polos motivos anteriores, TVG, S.A. en vez de seleccionar a unha única empresa para que se prestase o servizo de dobraxe, optou por seleccionar a diversas empresas, establecendo no prego que serían un mínimo de catro (4) empresas e un máximo de nove (9). Coas empresas seleccionadas asináronse acordos marcos, adxudicándose os contratos segundo os termos establecidos nos citados pregos.

O recurso a esta técnica de contratación, regulado en España pola lei 30/2007 seguindo a Directiva 2004/18/CEE, non se pode efectuar de forma abusiva polas administracións xa que a forma habitual de adxudicar os contratos é mediante procedementos abertos, negociados ou restrinxidos.

Nestes procedementos de adxudicación a lei tan só permite seleccionar a un único proveedor, o que presente a oferta economicamente máis vantaxosa, pero TVG, S.A. para conseguir unha maior diversificación optou por seleccionar a diversos provedores a través da fórmula excepcional de sinatura de acordos marcos.

Tras a publicación do anuncio da licitación do servizo no perfil do contratante da Xunta de Galicia e na páxina web da CRTVG, sete empresas presentaron ofertas. Todas elas resultaron admitidas e prestan na actualidade as sete o servizo de dobraxe en lingua galega e sonorización de diversos tipos de obras audiovisuais para TVG, S.A.

Atendendo as concretas características de cada contratación e as peculiaridades da CRTVG e as súas sociedades como entidades de radiodifusión, o departamento de contratación da CRTVG ten presente o establecido na “Guía da compra pública innovadora” do Ministerio de Ciencia e Innovación, informada favorablemente o 28 de outubro de 2011 pola Xunta Consultiva de Contratación.”



XUNTA DE GALICIA

CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA,
ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS
E XUSTIZA

Dirección Xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

galicia

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela, 1 de febreiro de 2013

O director xeral de Relacións Institucionais
e Parlamentarias

Gonzalo José Ordóñez Puime

Excm. Sra. Presidenta do Parlamento de Galicia




XUNTA DE GALICIA

CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA,
ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS
E XUSTIZA

Dirección Xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

RS/mc



En relación coa pregunta con resposta oral en Pleno **número: 922**, formulada polo Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, a iniciativa de don Pablo García García e varios/as deputados/as máis, sobre **“as medidas que está a adoptar o Goberno galego para evitar o peche das explotacións no sector lácteo”**, (publicada no BOPG número 11, do 7 de decembro de 2012), convertida en **pregunta con resposta escrita** por finalización do período de sesións setembro-decembro de 2012 (BOPG número 31 do 15 de xaneiro de 2013), teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería do Medio Rural e do Mar**, que ten o seguinte contido:

“A Consellería do Medio Rural e do Mar é consciente de que os nosos gandeiros perciben algo menos polo leite que a media española, pero cómpre salientar que o diferencial reduciuse sensiblemente nos últimos tempos.

As xuntanzas que a Xunta de Galicia está a manter cos representantes do lácteo (gandeiros, distribución e industria) céntranse na mellora da cadea de valor do leite. Nestes encontros, a industria recoñeceu que os prezos de mercado non remuneraban os custes de produción dos gandeiros, e amosaron a súa disposición a traballar para modificar esta situación. Engadiron que este cambio pasa por construír os prezos ao longo da cadea de valor, pero isto ten que facerse cuns prazos de tempo razoables e prudentes.

A día de hoxe o prezo do leite en Galicia veu subindo de maneira continuada e a un ritmo maior que no resto de España, o que significa que se reduce o diferencial que existe co conxunto do Estado.


Dende a Consellería entendemos que a Lei de Transparencia na Cadea Agroalimentaria é unha ferramenta imprescindible, xunto cos contratos homologados, para alcanzar unha axeitada relación entre todas as partes do sector (produtores, distribuidores e industrias), na que se estableza así un réxime de recollida, prezo, cantidade e período de contrato e erradicando todas aquelas prácticas pouco oportunas que tenden a banalizar o leite como produto.

4. Intensificar os labores para coliderar e axilizar o Proxecto de Lei de medidas para mellorar o funcionamento da cadea alimentaria que está a elaborar o Ministerio, co fin de garantir que todas as partes de cadea obteñan un beneficio que cubra os seus custes de produción.”

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela, 12 de febreiro de 2013

O director xeral de Relacións Institucionais
e Parlamentarias

A circular stamp of the Xunta de Galicia is visible, featuring the Galician coat of arms and the text "XUNTA DE GALICIA" and "GOBERNADOR XERAL DE RELACIONES INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS". Overlaid on the stamp is a handwritten signature in dark ink.

Gonzalo José Ordóñez Puime

Excma. Sra. Presidenta do Parlamento de Galicia



Para mellorar a estrutura comercial, publicouse o Decreto que regula o procedemento de recoñecemento e rexistro das Organizacións de Produtores (OP) de leite en Galicia. Por último, púxose en marcha a marca 'Galega 100%', que avala a identificación do leite galego de calidade diferenciada.

O acordo asinado recentemente pola Xunta e os axentes do lácteo ratifica o compromiso para acadar os mecanismos que permitan unha distribución máis equilibrada do valor económico xerado na cadea de valor do leite. O obxecto desta suma de esforzos é permitir o desenvolvemento dun sector produtivo estratéxico para a economía galega.

Os principais puntos do acordo son os seguintes:



- A **industria** comprométese a impulsar as medidas que permitan valorizar axeitadamente o leite recollido aos produtores, de xeito que se poida acadar un prezo que cubra os custos de produción.
- A **distribución** alimentaria de Galicia anunciou a súa intención de reformular a política comercial en relación co leite, para evitar a banalización do produto.
- Os representantes do **sector produtor** comprométese a fortalecer a negociación utilizando as capacidades que lles ofrece o 'paquete lácteo', para o que contará co apoio da Xunta.
- A **Xunta** comprométese a:
 1. Intensificar a súa capacidade inspectora para evidenciar a situación de dependencia económica do sector produtor con respecto á industria de transformación.
 2. Promover medidas cara unha mellora da estrutura territorial das explotacións e favorecer así unha diminución dos custos de produción e unha mellora da súa competitividade.
 3. Dar apoio institucional coas entidades financeiras e estudar as fórmulas axeitadas para xerar liñas de bonificación de intereses para pequenos préstamos de circulante aos produtores, que palíen a situación actual.



XUNTA DE GALICIA

CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA,
ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS
E XUSTIZA

Dirección Xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias



RS/ms

En relación coa pregunta con resposta escrita **núm.: 2253**, formulada polo Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, a iniciativa de don Carlos Ignacio Aymerich Cano e dona Ana Belén Pontón Mondelo, sobre **“o destino da partida orzamentaria correspondente ao ano 2012 para a construción dun novo centro de saúde no concello de Melide”**, (publicada no BOPG núm.: 38, do 25 de xaneiro de 2013), teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Sanidade**, que ten o seguinte contido:

“O Centro de Saúde de Melide está priorizado, e está incluído nos fondos AGADER, polo que se continuarán os trámites para a súa construción.”

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela, 15 de febreiro de 2013

O director xeral de Relacións Institucionais
e Parlamentarias

Gonzalo José Ordóñez Puime

Excma. Sra. Presidenta do Parlamento de Galicia



XUNTA DE GALICIA

CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA,
ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS
E XUSTIZA

Dirección Xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

galicia

RS/ms

PARLAMENTO DE GALICIA
SECRETARÍA XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS

8 FEB 2013

3432

PRESEIDENCIA E CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA, ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS E XUSTIZA DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS
- 8 FEB. 2013
SAÍDA
Num.224

En relación coa pregunta con resposta escrita **núm.: 2255**, formulada polo Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, a iniciativa de dona María do Carme Adán Villamarín e dona Ana Belén Pontón Mondelo, sobre **“as razóns da Xunta de Galicia para non executar o orzamento existente para o ano 2012 na ampliación da residencia da terceira idade no concello de Melide, o seu destino e as previsións ao respecto para o ano 2013”**, (publicada no BOPG núm.: 38, do 25 de xaneiro de 2013), teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Traballo e Benestar**, que ten o seguinte contido:

“A Consellería de Traballo e Benestar puxo en funcionamento en setembro de 2009 o fogar residencial de Melide, de 16 prazas, completando así a oferta de atención xerontolóxica da localidade, que contaba cunha vivenda comunitaria e cun centro de día, de 24 e 39 prazas, respectivamente.

Está prevista a realización de obras de mellora que posibilitarán a ampliación da oferta de prazas residenciais.


Cara á realización desas obras de mellora, o Consorcio Galego de Servizos de Igualdade e Benestar contratou o pasado mes de decembro a redacción do respectivo proxecto.

A execución das obras planificarase cando remate a tramitación dos orzamentos.”

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela, 7 de febreiro de 2013

O director xeral de Relacións Institucionais
e Parlamentarias

A handwritten signature in black ink, consisting of several fluid, overlapping strokes that form a stylized representation of the name Gonzalo José Ordóñez Puime.

Gonzalo José Ordóñez Puime



XUNTA DE GALICIA

CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA,
ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS
E XUSTIZA

Dirección Xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

galicia

XUNTA DE GALICIA
DIRECCIÓN XERAL ENTRADA

5 FEB. 2013

3157

XUNTA DE GALICIA CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA, ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS E XUSTIZA DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS	
- 4 FEB. 2013	
S A Í D A	
Num.	127

RS/ms

En relación coa pregunta con resposta escrita **núm.: 2279**, formulada polo Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, a iniciativa de dona María Carmen Acuña do Campo e varios/as deputados/as máis, sobre **“as intencións da Consellería de Sanidade respecto da dotación dunha única praza de medicina de atención primaria e doutra de enfermaría a todos aqueles centros con menos de 12.000 tarxetas sanitarias individuais”**, (publicada no BOPG núm.: 38, do 25 de xaneiro de 2013), teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Sanidade**, que ten o seguinte contido:

“Existe consenso xeralizado coa ratio de 1500 pacientes por médico de familia. Ratio que, xunto coas características propias de cada poboación e lugar e a dispoñibilidade de recursos, serve para establecer os criterios de asignación de recursos.”

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela, 31 de xaneiro de 2013

O director xeral de Relacións Institucionais
e Parlamentarias

Gonzalo José Ordóñez Puime



Excma. Sra. Presidenta do Parlamento de Galicia



XUNTA DE GALICIA

CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA,
ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS
E XUSTIZA

Dirección Xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias



RS/ms

En relación coa pregunta con resposta escrita **núm.: 2281**, formulada polo Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, a iniciativa de dona María Carmen Acuña do Campo e varios/as deputados/as máis, sobre **“as previsións do Goberno galego respecto da supresión dunha das dúas prazas de facultativo existentes no centro de saúde do concello de Muíños, na provincia de Ourense, as razóns desta medida e as medidas levadas a cabo desde a alcaldía e a deputación provincial para defender este servizo”**, (publicada no BOPG núm.: 38, do 25 de xaneiro de 2013), teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Sanidade**, que ten o seguinte contido:

“No Concello de Muíños hai 1.132 tarxetas, e contan cun médico, un profesional de enfermería e un PSX, polo que as necesidades asistenciais están adecuadamente cubertas.”

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela, 15 de febreiro de 2013

O director xeral de Relacións Institucionais
e Parlamentarias



Gonzalo José Ordóñez Puime

Excma. Sra. Presidenta do Parlamento de Galicia



XUNTA DE GALICIA

CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA,
ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS
E XUSTIZA

Dirección Xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

PARLAMENTO DE GALICIA
MINISTERIO DE LA GENERALIDAD

13 FEB 2013

3693

galicia

REPRESIDENCIA E CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA, ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS E XUSTIZA DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS
13 FEB. 2013
SAÍDA
Num. 244

RS/ms

En relación coa pregunta con resposta escrita **núm.: 2287**, formulada polo Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, a iniciativa de dona Ana Belén Pontón Mondelo, sobre **“os datos referidos aos convenios asinados pola Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Infraestruturas co concello de Melide nos anos 2009, 2010, 2011 e 2012”**, (publicada no BOPG núm.: 38, do 25 de xaneiro de 2013), teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Infraestruturas**, que ten o seguinte contido:

“Entre os anos 2009 e 2012, a Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Infraestruturas e o concello de Melide subscribiron dous convenios de colaboración:

- En data 14 de xuño de 2010 un convenio para a xestión de residuos voluminosos, por importe de 5.724 euros.
- En data 23 de novembro de 2009 un convenio para sufragar os custos de almacenamento, transporte e tratamento, por xestores autorizados, de residuos voluminosos, por importe de 1.893 euros.”

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela, 12 de febreiro de 2013

O director xeral de Relacións Institucionais
e Parlamentarias

Gonzalo José Ordóñez Puime

Excma. Sra. Presidenta do Parlamento de Galicia


11447



XUNTA DE GALICIA

CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA,
ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS
E XUSTIZA

Dirección Xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias



RS/mc

En relación coa pregunta con resposta escrita **número: 2370**, formulada polo Grupo Parlamentario Alternativa Galega de Esquerda, a iniciativa de dona Eva Solla Fernández, sobre **“a incidencia que vai ter a redución que presenta, no Proxecto de lei de orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2013, a partida destinada á Escola Galega de Administración Sanitaria”**, (publicada no BOPG número 42, do 31 de xaneiro de 2013), teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Sanidade**, que ten o seguinte contido:


“O axuste orzamentario, tanto a nivel estatal como autonómico, tamén lle afecta á FEGAS. Por iso o esforzo de xestión eficiente, de optimización dos recursos e de coordinación coas distintas unidades é maior que nunca.

Por iso temos novos proxectos formativos a través da simulación médica avanzada, a teleformación, a formación multimedia, a divulgación das mellores prácticas, profesionalización directiva e formación presencial en todas as xerencias de xestión integrada.”

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela, 14 de febreiro de 2013

O director xeral de Relacións Institucionais
e Parlamentarias



Gonzalo José Ordóñez Puime

Excma. Sra. Presidenta do Parlamento de Galicia

11448





XUNTA DE GALICIA

CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA,
ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS
E XUSTIZA

Dirección Xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

galicia

RS/mc



En relación coa pregunta con resposta escrita **número: 2403**, formulada polo Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, a iniciativa de don Carlos Ignacio Aymerich Cano e don Francisco X. Jorquera Caselas, sobre **“a situación de saturación existente no Servizo de Urxencias do Complexo Hospitalario Universitario da Coruña o día 18 de xaneiro de 2013, as medidas previstas polo Goberno galego ao respecto e, en concreto, para o cumprimento das recomendacións realizadas no Informe do Consello de Contas de Galicia referido ao ano 2010”**, (publicada no BOPG número 42, do 31 de xaneiro de 2013), teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Sanidade**, que ten o seguinte contido:

“O Servizo de Urxencias do CHUAC tivo un repunte de afluencia de pacientes. Neste servizo non só se cubre o 100% do persoal, senón que se reforza en situacións como a dos días pasados.


Existe un problema de espazos, polo que se están realizando as obras de ampliación.

Dende a xerencia de xestión integrada estase levando a cabo unha labor de integración dos diferentes niveis asistenciais e poñendo en marcha programas de atención ao paciente crónico.”

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela, 14 de febreiro de 2013

O director xeral de Relacións Institucionais
e Parlamentarias

A circular official stamp of the Xunta de Galicia is visible, partially obscured by a handwritten signature. The stamp contains the text "XUNTA DE GALICIA" and "SECRETARÍA XERAL DE RELACIONES INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS". The signature is written in dark ink and appears to be "Gonzalo José Ordóñez Puime".

Gonzalo José Ordóñez Puime

Excma. Sra. Presidenta do Parlamento de Galicia



XUNTA DE GALICIA

CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA,
ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS
E XUSTIZA


Dirección Xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

RECEBIDO
DIRECCIÓN XERAL DE RELACIONES INSTITUCIONALES Y PARLAMENTARIAS

2013

RS/ms

3416



En relación coa pregunta con resposta escrita **núm.: 2486**, formulada polo Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, a iniciativa de dona María Tereixa Paz Franco, sobre **“as razóns para a declaración de incidencia supramunicipal do proxecto de explotación dunha canteira no concello de Castrelo de Miño, a valoración do Goberno galego desta instalación, así como a súa incidencia na actividade agraria, no tecido produtivo e económico do contorno e as previsións ao respecto na tramitación do expediente”**, (publicada no BOPG núm.: 42, do 31 de xaneiro de 2013), teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada polas **consellerías de Economía e Industria e a Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Infraestruturas**, que ten o seguinte contido:

“A referencia do Consello da Xunta de Galicia do pasado 20 de setembro de 2012, no que se acordou a declaración de supramunicipalidade do proxecto de explotación, recolle que se trata dun proxecto que podería beneficiar tanto ao municipio no que se asentará como a toda a bisbarra, ao estar prevista a creación de máis de 30 postos de traballo e un investimento para o primeiro ano de actividade próximo a 250.000 euros, deixando constancia do apoio do Goberno Galego ao desenvolvemento de proxectos mineiros innovadores, ambiental e economicamente sostibles, modernos e eficientes como este, sustentado nun plan industrial que, entre outras cuestións, pretende empregar maquinaria innovadora (ata agora non utilizada nas explotacións de granito galegas) e un método que permitirá reducir consumos enerxéticos e custos de produción, minimizando, ademais, a utilización de explosivos.

No marco de tramitación da concesión de explotación que se segue pola Consellería de Economía e Industria, na súa condición de órgano substantivo, tense coñecemento da oposición veciñal e do propio Concello de Castrelo de Miño ao proxecto polas numerosas alegacións recibidas e o informe emitido no procedemento que se está a levar a cabo, e que serán valorados na resolución que se adopte. Complementariamente, representantes da

Xunta de Galicia xa mantiveron contactos co Alcalde do Concello de Castrelo de Miño e varios veciños e veciñas.


Non obstante, a falta de completar todos os informes sectoriais para emitir un xuízo rigoroso, a valoración do Goberno Galego, á vista do informe do órgano con competencias agrarias, da escasa superficie a ocupar pola explotación e da obriga de acometer un plan de restauración, é a de apoiar proxectos que permitan compatibilizar os usos instaurados e existentes con outros que conduzan a diversificar a estrutura económica da zona en favor da creación de emprego.

En canto á compatibilidade da tipificación do solo no que se pretende abrir a canteira e a propia actividade cabe indicar que, tal e como queda recollida na normativa de aplicación, os instrumentos de ordenación do territorio (plans sectoriais e proxectos sectoriais) permiten levar a cabo actuacións como esta en solo rústico de especial protección de espazos naturais sempre que, a través dos devanditos instrumentos, quede garantida que non se produce a transformación da súa natureza rústica e a integridade dos valores obxecto de protección.”

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela, 7 de febreiro de 2013

O director xeral de Relacións Institucionais
e Parlamentarias



Gonzalo José Ordóñez Puime



Excma. Sra. Presidenta do Parlamento de Galicia



XUNTA DE GALICIA

CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA,
ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS
E XUSTIZA

Dirección Xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias



RS/mc

En relación coa pregunta con resposta escrita **número: 2560**, formulada polo Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, a iniciativa de don Carlos Ignacio Aymerich Cano, sobre **“as razóns e o impacto que van ter nas listas de espera, nomeadamente de Vigo e Ourense, os recortes orzamentarios previstos para o ano 2013 na actividade cirúrxica, de cardioloxía intervencionista e oncoloxía radioterápica, así como de diagnóstico por imaxe do Sergas.”**, (publicada no BOPG número 47, do 7 de febreiro de 2013), teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Sanidade**, que ten o seguinte contido:

“A actividade de Galaria axustarase ás necesidades asistenciais, igual que ocorreu coa cirurxía cardíaca no ano 2012, no que a actividade inicialmente prevista foi superada en arredor dun 15%, grazas ao excelente traballo dos profesionais e á xestión realizada.

Ademais, dende abril de 2012 a poboación correspondente a Pontevedra-Salnés está a ser derivada ao servizo de cirurxía cardíaca do CHUS.”

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela, 14 de febreiro de 2013

O director xeral de Relacións Institucionais
e Parlamentarias



Gonzalo José Ordóñez Puime

Excma. Sra. Presidenta do Parlamento de Galicia



11453



XUNTA DE GALICIA

CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA,
ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS
E XUSTIZA

Dirección Xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias



RS/mc

En relación coa pregunta con resposta escrita **número: 2584**, formulada polo Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, a iniciativa de don Carlos Ignacio Aymerich Cano e dona María Tereixa Paz Franco, sobre **“o despedimento e anuncio de non substitución de dous facultativos no Hospital Comarcal de Valdeorras, os motivos e as consecuencias desta decisión, así como as actuacións previstas en relación coas especialidades que perderon facultativos nos últimos meses e a execución do seu plan director”**, (publicada no BOPG número 47, do 7 de febreiro de 2013), teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Sanidade**, que ten o seguinte contido:

“No Hospital Comarcal de Valdeorras substituíronse 1 xinecólogo, 1 anestesista e 1 internista. Non houbo ningunha variación nos traumatólogos. O número de pediatras está adaptado ás necesidades asistenciais actuais. A plantilla de urxencias está adecuadamente dimensionada.”

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela, 14 de febreiro de 2013

O director xeral de Relacións Institucionais
e Parlamentarias

Gonzalo José Ordóñez Puime

Excma. Sra. Presidenta do Parlamento de Galicia





XUNTA DE GALICIA

CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA,
ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS
E XUSTIZA

Dirección Xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

galicia

RS/mc



En relación coa pregunta con resposta escrita **número: 2596**, formulada polo Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, a iniciativa de don Carlos Ignacio Aymerich Cano e dona María Tereixa Paz Franco, sobre **“as previsións do Goberno galego respecto do pechamento do punto de atención continuada de Trives, se é o caso os motivos desta decisión, e as súas repercusións para as persoas usuarias e a calidade dos servizos”**, (publicada no BOPG número 47, do 7 de febreiro de 2013), teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Sanidade**, que ten o seguinte contido:

“Neste momento non hai previsión algunha de realizar ningún cambio no PAC de Trives.”

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela, 14 de febreiro de 2013

O director xeral de Relacións Institucionais
e Parlamentarias

Gonzalo José Ordóñez Puime

Excma. Sra. Presidenta do Parlamento de Galicia





XUNTA DE GALICIA

CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA,
ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS
E XUSTIZA

Dirección Xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

galicia

RS/mc



En relación coa pregunta con resposta escrita **número: 2600**, formulada polo Grupo Parlamentario Alternativa Galega de Esquerda, a iniciativa de dona Eva Solla Fernández, sobre **“o recorte que presentan no Proxecto de lei de orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2013, os recursos destinados á construción do novo centro de saúde de Marín e as previsións do Goberno galego para a construción do proxecto inicial”**, (publicada no BOPG número 47, do 7 de febreiro de 2013), teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Sanidade**, que ten o seguinte contido:

“O custe exacto do centro coñecerase no momento da adxudicación da licitación para a súa construción.”

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela, 14 de febreiro de 2013

O director xeral de Relacións Institucionais
e Parlamentarias

Gonzalo José Ordóñez Puime

Excma. Sra. Presidenta do Parlamento de Galicia



OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.es
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 16/11/2012 13:57
Nº Rexistro: 506
Data envío: 16/11/2012 13:57:55.254

Á MESA DO PARLAMENTO

Carlos Aymerich Cano, deputado pertencente ao **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Pregunta** para a súa resposta **escrita**, relativa aos problemas que se están a producir na campaña de vacinación contra a gripe.

Por todo o país están a producirse retrasos na administración da vacina contra a gripe, coas molestias que tal supón especialmente para as persoas maiores e as que padecen doenzas crónicas que, alén de estaren sen vacinar no periodo de maior incidencia da enfermidade, vense obrigadas a acudir outro día ao seu centro de saúde cos gastos que o desprazamento lles significa.

Caso, e así llo transmiten os especialistas, é que non hai vacinas en cantidade suficiente. Sexa cal for a causa desta insuficiencia, o certo é que pon de manifesto unha grave imprevisión por parte da administración sanitaria ou, talvez, algo aínda peor: ir preparando o camiño para a exclusión das vacinas contra a gripe da carteira de servizos básicos.

Así as cousas, formúlanse as seguintes cuestións:

A que razón obedece esta falta de vacinas?

Que medidas vai adoptar o goberno para solucionala?

Santiago de Compostela, a 16 de Novembro de 2012



OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.es
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 16/11/2012 13:57
Nº Rexistro: 506
Data envío: 16/11/2012 13:57:55.254

Asdo.: Carlos Aymerich Cano

Deputado do G.P. do BNG.

Asinado dixitalmente por:

Carlos Ignacio Aymerich Cano na data 15/11/2012 19:06:53



OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.es
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 19/11/2012 10:00
Nº Rexistro: 515
Data envío: 19/11/2012 10:00:13.673

Á MESA DO PARLAMENTO

Carlos Aymerich Cano e Cosme Eladio Pombo Rodríguez, deputados pertencentes ao **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta** para a súa resposta **escrita**, relativa á situación no CEIP da Rabadeira (Oleiros).

A decisión do goberno do PP de incrementar de 325 a 326 as prazas no comedor no CEIP da Rabadeira a fin de dar cabida ao fillo dun alto cargo da Xunta que inicialmente fora excluído por presentar a súa solicitude fóra de prazo provocou a demisión da equipa directiva e do consello escolar do centro, en protesta pola actuación caciquil do executivo do PP. O BNG e a práctica totalidade das forzas políticas e sociais de Oleiros solidarizáronse coa equipa directiva e o consello escolar, ao tempo que denuncian que outros nenos e nenas - en lista de espera ou, como o agora admitido, con solicitudes presentadas fóra de prazo - seguen sen praza de comedor. Só o PP de Oleiros ousou defender publicamente a actuación da Xunta, sen dúbida por encontrala plenamente coherente co seu ideario clasista.

O anuncio da Xunta de incrementar en cinco prazas máis o comedor do centro, en contestación obrigada - e parcial - á alarma social levantada polo caso, non dá resposta ás necesidades das familias do alumnado que ficou sen praza de comedor.

Así as cousas, formúlanse as seguintes cuestións:



OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.es
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 19/11/2012 10:00
Nº Rexistro: 515
Data envío: 19/11/2012 10:00:13.673

Que medidas vai adoptar a Xunta de Galiza para asegurar o dereito de todas as familias de Oleiros a acceder ao servizo de comedor nos centros de ensino públicos do concello e, en concreto, no CEIP da Rabadeira?

Considera a Xunta xustificado crear ex profeso unha praza para o fillo dun alto cargo da Xunta que presentou a solicitude fóra de prazo entanto fican fóra os nenos e nenas que están en listaxe de espera e o resto dos que, como o agora admitido, presentaron a solicitude fóra de prazo?

O criterio antiformalista e flexíbel seguido para estimar o recurso presentado por este alto cargo da Xunta vai ser seguido con carácter xeral en relación con todo tipo de solicitudes de acceso a axudas e prestacións dependentes dela?

Santiago de Compostela, a 16 de Novembro de 2012

Asdo.: Carlos Aymerich Cano
Cosme Eladio Pombo Rodríguez
Deputados do G.P. do BNG.

Asinado dixitalmente por:

Carlos Ignacio Aymerich Cano na data 19/11/2012 09:57:09

Cosme Eladio Pombo Rodríguez na data 19/11/2012 09:57:35

20 NOV. 2012

Grupo Parlamentario

565



Á Mesa do Parlamento

José Luis Méndez Romeu e Abel Losada Álvarez, deputados pertencentes ao **Grupo Parlamentario Socialista**, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa a seguinte **pregunta** para a súa resposta **escrita**.

Partido dos
Socialistas
de Galicia

O colexio público da Rabadeira, no concello de Oleiros, conta con arredor de 600 alumnos, dos que 325 fan uso do servizo de comedor escolar. As prazas dese servizo son adxudicadas, consonte á lexislación vixente, polo consello escolar, órgano de participación da comunidade educativa.

Días pasados coñeceuse que a Consellería de Educación e Cultura outorgaba a razón a un recurso dun alumno que non fora admitido no servizo de comedor, unha circunstancia na que se atopaban en total 31 alumnos. Inmediatamente o equipo directivo presentaba a dimisión, así coma o consello escolar. As protestas, reflectidas nos medios de comunicación, alcanzaban ao concello que expresaba o rexeitamento do procedemento.

A devandita protesta trae causa das circunstancias que rodean a ese caso. O solicitante agora admitido fora excluído por terse presentado fóra de prazo, igual que outros 13 solicitantes, tamén excluídos. Ademais foran excluídos 18 solicitantes polo baremo acadado. Cómpre subliñar que os actuais usuarios non esgotan a capacidade máxima do servizo, fixada pola Xunta en 350 prazas. O consello escolar entendeu vulnerada a súa capacidade de adoptar decisións no marco xurídico e presentou a dimisión, que foi seguida polos cargos directivos do centro.

Doutra banda, coñeceuse que o solicitante ten como proxenitores a un alto cargo da Xunta, a secretaria xeral da Consellería de Traballo, e a un directivo dos servizos xurídicos do Sergas. Non parece que os outros 30 excluídos gocen dese acceso privilexiado ás instancias decisorias da Administración, nin que esta tivese a dilixencia de ofrecerlles a mesma solución a todos os afectados.

20 NOV. 2012



Grupo Parlamentario

Voto **SES**

Partido dos
Socialistas
de Galicia

Así, unha decisión singular nun caso xeral, abre unha fonda crise nun centro coñecido na súa contorna polo seu bo funcionamento. Agora os órganos directivos dimiten creando un baleiro organizativo que non mellorará as condicións de ensino. Doutra banda, hai que sinalar que o centro carece de asociación de nais e pais, como consecuencia dunha decisión xudicial. É dicir, non hai no momento actual ningunha canle de dirección e organización.

En consecuencia os deputados que asinan formulan as seguintes preguntas para a súa resposta escrita.

1.^a) Que razóns motivaron a resolución singular do devandito caso?

2.^a) Por que non foron considerados do mesmo xeito os dereitos dos outros 30 solicitantes que non acadaron praza de usuario?


3.^a) Pode garantir o Sr. conselleiro que non existiu trato de favor por tratarse dun alto cargo da Xunta de Galicia?

4.^a) Gozan todos os estudantes dos mesmos dereitos, ou para exercelos necesitan de valedores?

5.^a) Que razóns impiden a ampliación do servizo de comedor a todos os solicitantes?

6.^a) Como se restaurará a normalidade de funcionamento dos órganos directivos e de participación?

Pazo do Parlamento, 19 de novembro de 2012


Asdo: José Luis Méndez Romeu
Abel Losada Alvarez
Deputados do G.P. Socialista





BLOQUE NACIONALISTA GALEGO

OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.es
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

Ana Belén Pontón Mondelo, deputada pertencente ao **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Pregunta** para a súa resposta **escrita**, relativa á posición da Secretaría Xeral de Política Lingüística relativa ao xuízo do Presidente da Mesa pola Normalización Lingüística por defender a toponimia galega.

O vindeiro venres día 30, nos xulgados da Coruña, vai producirse un novo esperpento: un cidadán xulgado por defender a legalidade que ampara a lingua galega e recriminar o seu incumprimento.

Concretamente a orixe do proceso está nunha denuncia do decano dos xuíces coruñeses, Antonio Fraga Mandián, contra Carlos Callón Torres, presidente da Mesa pola Normalización Lingüística, por este último denunciar que o mencionado xuíz vulneraba a legalidade ao empregar en documentos oficiais “La Coruña”. Esta situación derívase dunha actuación da Mesa pola Normalización Lingüística en defensa dos dereitos dunha persoa que reclamou a documentación en galego durante un proceso xudicial, ao que o citado maxistrado lle puxera trabas e dificultades.

É realmente unha situación disparata que pon de manifesto as dificultades para a utilización do galego na xustiza; máis tamén, a existencia de persoas que claramente boicotean a lei e vulneran dereitos asentados e recoñecidos por lei. É grave, desde unha perspectiva democrática, que se procese xudicialmente a quen só defende o dereito de uso da lingua propia da nosa nación, mentres quen atacan o idioma e vulneran a legalidade vixente actúan con total impunidade. A



BLOQUE NACIONALISTA GALEGO

OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.es
15702 Santiago de Compostela
Galiza

situación roza o absurdo cando quen vulneran a lei son precisamente os encargados de velar polo seu cumprimento e impartir xustiza, como é o caso do xuíz decano da Coruña.

Polo dito, formulamos as seguintes preguntas para a súa resposta escrita:

Que avaliación realiza o Secretaria Xeral de Política Lingüística dos feitos descritos?

Ten prevista algunha actuación ante o poder xudicial para defender os dereitos lingüísticos de galegas e galegos?

Ten previsto realizar algunha actuación dirixida a velar polo cumprimento da legalidade en materia lingüística e toponímica ante o poder xudicial?

Ten previsto dirixirse ante o Consello Xeral do Poder Xudicial para denunciar esta situación e evitar que poda volver a producirse no futuro?

Ten realizado algunha xestión co propio denunciante para facelo desistir dunha actitude que claramente vulnera a legalidade e que ataca e dana ao idioma galego?

Santiago de Compostela, 28 de novembro de 2012.

Asdo.: Ana Belén Pontón Mondelo

Deputada do G.P. do BNG.



OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.es
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Asinado dixitalmente por:

Ana Belén Pontón Mondelo na data 28/11/2012 10:44:38



BLOQUE NACIONALISTA GALEGO

OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545

Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421

gp-bng@parlamentodegalicia.es

15702 Santiago de Compostela

Galiza

Á Mesa do Parlamento

Cosme Eladio Pombo Rodríguez, deputado do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Pregunta para a súa resposta escrita, relativa á recuperación do programa Preescolar na Casa**.

A Fundación Preescolar na Casa, entidade galega sen ánimo de lucro que desenvolvía a súa acción educativa en toda a Comunidade Galega, tiña como obxectivo enriquecer e no seu caso mellorar a acción educativa familiar acompañando ás familias na importante tarefa de educar aos seus fillos/as. Promovendo na sociedade unha cultura da infancia e fomentando a parentalidade positiva, aspecto este último, recollido na Recomendación REC(2006)19 do Consello de Europa sobre políticas de apoio ao exercicio positivo da parentalidade.

Desde o ano 1977 o respaldo e recoñecemento das distintas administracións, estatais e autonómicas, recollido en varias ocasións no Parlamento de Galicia, permitiu que:

1 Miles de familias con nenos e nenas de 0 a 6 anos, de toda a xeografía galega, participaron neste programa educativo.

2 Máis de douscentos profesionais do eido educativo (mestres/as, pedagogos/as, psicólogos/as...) traballaran cóbado con cóbado coas familias.

3 No 80% dos concellos de Galiza organizaranse e dinamizáranse múltiples actividades educativas para dar resposta as necesidades das familias e da infancia, reivindicando a súa presenza no ámbito socioeducativo e cultural.



BLOQUE NACIONALISTA GALEGO

OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.es
15702 Santiago de Compostela
Galiza

4 Se emitiran centos de programas na Televisión de Galiza e na radio, a través dos que se informaba e formaba as familia e, educadores e á sociedade en xeral e nos que participaron recoñecidos especialistas.

Nestes 35 anos de funcionamento de Preescolar na Casa, foron moitos os premios e os recoñecementos de institucións e personalidades galegas, e tamén estatais e internacionais convertíndoo nun referente en Europa no eido educativo infantil e familiar.

Todo este traballo ficou esquecido polo goberno actual, ao tempo que comezaba unha asfixia económica do proxecto Preescolar na Casa, que o levou á súa desaparición no pasado mes de xullo.

Estas son as razóns polas que o Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego, a través do deputado asinante formula a seguinte Pregunta para a súa resposta escrita.

1ª) Ten previsto o Goberno Galego realizar algunha actuación para recuperar o programa Preescolar na Casa?

2ª) De ser así, que actuacións ten previsto realizar?

3ª) No caso contrario, como ten previsto atender ás máis de 4.000 familias, que fundamentalmente no rural de Galiza, viñan disfrutando deste programa?

Santiago de Compostela, 28 de Novembro de 2012

Asdo. **Cosme E. Pombo Rodríguez**

Deputado do G.P. do BNG



OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.es
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Asinado dixitalmente por:

Cosme Eladio Pombo Rodríguez na data 28/11/2012 16:19:00



BLOQUE NACIONALISTA GALEGO

OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.es
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

Tereixa Paz Franco e Ana Belén Pontón Mondelo, deputadas do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para a súa resposta escrita**, relativa á actuación da Xunta de Galiza en relación coa protección do espazo natural de Pena Trevinca.

Diversas organizacións ecoloxistas teñen denunciado a calamitosa e preocupante situación do LIC e zona ZEPA de PENA TREVINCA das que se pode deducir o incumprimento dos plans de protección ambiental que tiña que executar a Xunta de Galiza.

A día de hoxe, e malia ter transcorridos máis de dez anos desde que se iniciou o procedemento de elaboración do Plan de Ordenación de Recursos Naturais de Pena Trevinca e máis de dous desde que rematase o prazo para a súa redacción, aínda non se aprobou dito plan e nin sequera se someteu ao proceso de información pública pertinente.

Durante todo este tempo producíronse actuacións no ámbito territorial deste espazo natural que alteraron sensibelmente e mesmo destruíron a súa realidade física ou biolóxica, sen que este grupo parlamentar coñeza ningunha actuación da Xunta de Galiza para evitar estas actuación e evitar as súas consecuencias.

O Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego considera que esta actuación é unha manifestación ben clara da política do goberno do Partido Popular en relación coa protección dos espazos naturais, consistente unicamente na delimitación de espazos mais sen que posteriormente se lle coñeza ningunha actuación concreta para preservar os valores que motivan dita declaración.



BLOQUE NACIONALISTA GALEGO

OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.es
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Só desde esta política de protección da natureza puramente “cosmética” se pode concibir un desleixo como o que se manifesta na Pena Trevinca.

Estas son as razóns polas que o Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista, a través das deputadas asinantes, formula a seguinte Pregunta para a súa resposta escrita:

1ª) Cal é o estado actual da tramitación do Plan de ordenación dos recursos naturais do LIC e da ZEPA de Pena Trevinca?

2ª) Que prazos prevé o seu departamento para a aprobación deste plan?

3ª) Que actuacións ten previsto realizar para evitar que as actividades, sobre todo as extractivas que se realizan en Pena Trevinca destrúan os valores de dito espazo natural?

4ª) Ten realizado ou previsto realizar algunha actuación para reparar a legalidade naquelas actuacións que a puideran ter vulnerado?

Santiago de Compostela, 29 de Novembro de 2012

Asdo. **Tereixa Paz Franco**

Ana Belén Pontón Mondelo

Deputadas do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

María Tareixa Paz Franco na data 29/11/2012 17:45:39



OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.es
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Ana Belén Pontón Mondelo na data 29/11/2012 17:45:50



BLOQUE NACIONALISTA GALEGO

OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.es
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

Ana Belén Pontón Mondelo, Francisco Xesús Jorquera Caselas e Carlos Aymerich Cano, deputada e deputados do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para a súa resposta escrita**, relativa ás actuacións que ten previsto realizar a Xunta de Galiza para garantir o estado de conservación do mural pintado por Urbano Lugrís nunha cafetería da cidade da Coruña.

A cafetería denominada Vecchio conta nas súas paredes cun mural pintado por Urbano Lugrís. Trátase un ben que non está catalogado nin protexido e que ten un futuro incerto, após coñecerse o inminente peche deste establecemento. O local no que se sitúa este mural é propiedade do Banco Etxcheverría que ten nas súas mans o destino e futuro desta obra do pintor galego.

Son múltiples as voces que reclaman unha protección para este ben, que non é o único que Lugrís pintou na Coruña e noutros puntos da xeografía galega. De feito, este tema foi abordado na cámara galega durante a pasada lexislatura chegando a un acordo unánime o pasado 16 de outubro de 2009. O Parlamento reclamou -a aquela altura- que a Xunta inventariara as pinturas de Urbano Lugrís, facendo especial fincapé na obra dispersa en edificios públicos e privados; que se levara a cabo un estudo do estado da obra no café Vecchio, no antigo restaurante



BLOQUE NACIONALISTA GALEGO

OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.es
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Fornos na Coruña, na Casa do Mar de Malpica e na Escola Igrexa de Vilaboa, procedendo á limpeza e á restauración que precisen estas obras.

Resulta obvio o incumprimento deste acordo e o desleixo da Xunta ante a situación do noso patrimonio cultural. Urxe pois que a Xunta de Galiza actúe coa finalidade de garantir que a obra de Urbano Lugrís perdure e se conserve en condicións dignas.

Polo dito formulamos as seguintes preguntas para a súa resposta escrita:

1ª) Como valora a Xunta de Galiza os feitos descritos na pregunta?

2ª) Ten catalogado a Xunta de Galiza o mural pintado por Urbano Lugrís e que se atopa na rúa real, 74 da cidade da Coruña?

3ª) Ten realizado a Xunta de Galiza un estudo sobre o estado de conservación deste mural?

4ª) Que actuacións ten previsto levar a adiante a Xunta de Galiza para garantir a conservación e protección do citado mural?

Santiago de Compostela, 3 de Decembro de 2012

Asdo. Ana Belén Pontón Mondelo

Francisco X. Jorquera Caselas

Carlos Aymerich Cano



OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.es
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Deputada e Deputados do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Ana Belén Pontón Mondelo na data 03/12/2012 13:47:42

Francisco Xesús Jorquera Caselas na data 03/12/2012 13:47:50

Carlos Ignacio Aymerich Cano na data 03/12/2012 13:47:57

Á Mesa do Parlamento

Marisol Soneira Tajés, deputada pertencente ao **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presenta ante esa Mesa a seguinte **Pregunta para a súa resposta escrita**.

A Xunta de Galicia ten iniciado as obras de actuación sobre a travesía de San Roque (Coristanco) dende fai meses. Esta obra contou coa oposición de varios veciños e veciñas afectados polas expropiacións e, tamén, desconformes co proxecto da mesma.

A pesar de que as obras teñen un prazo de execución de seis meses, segundo o manifestado pola propia Xunta de Galicia, as molestias que se ocasionan á cidadanía polo atraso que levan, é considerable.

Tampouco se tiveron en conta as alegacións feitas polos veciños e as veciñas afectados/as na modificación do proxecto, nalgúns dos seus tramos. Mais concretamente, na construción de rotondas que facilitasen a comunicación entre ámbalas dúas marxe da estrada C-552, ou na ocupación desproporcionada da marxe dereita no cruce coa estrada de Santa Comba.

Polo exposto, a deputada asinante, diante desta situación, demanda da Xunta de Galicia a resposta as seguintes preguntas:

- 1.^a) Cantas alegacións presentaron os veciños e as veciñas de Coristanco ao proxecto inicial de travesía que actualmente se está construíndo a Xunta de Galicia nesta localidade?
- 2.^a) Cantas delas foron admitidas?
- 3.^a) Que prazo de execución tiñan as obras mencionadas?
- 4.^a) Porqué non se están a cumprir eses prazos?
- 5.^a) Quen razóns técnicas, económicas, e de seguridade aconsellan que a rotonda do cruce de Santa Comba faga necesaria a ocupación de tanto terreo na marxe dereita da estrada C-552?

 Grupo Parlamentario

5.^a) Quedará, definitivamente, a rotonda do cruce de Santa Comba, co diámetro que actualmente fixan as sinais provisionais?

6.^a) Porqué, na execución das obras, existen distintos criterios á hora de facilitar o acceso ás fincas colindantes coas beirarrúas?

Pazo do Parlamento, 3 de decembro de 2012

Asinado dixitalmente por:

María Soledad Soneira Tajés na data 03/12/2012 18:05:21



BLOQUE NACIONALISTA GALEGO

OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545

Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421

gp-bng@parlamentodegalicia.es

15702 Santiago de Compostela

Galiza

Á Mesa do Parlamento

Carlos Aymerich Cano, deputado pertencente ao **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Pregunta** para a súa resposta **escrita**, relativa á melloría da seguranza viaria na PO-841 no acceso ao centro de saúde de Souto de Veá, no concello da Estrada.

En Xullo de 2011 a Comisión 2ª do Parlamento aprobou por unanimidade unha iniciativa do GP do BNG en virude da cal se instaba ao goberno a mellorar urxentemente a seguranza viaria na PO-841 ao seu paso por Souto de Veá a fin, entre outras cousas, de mellorar o acceso ao centro médico situado nesta localidade. A iniciativa aprobada establecía que as obras deberían estar concluídas no primeiro semestre de 2012.

Porén, até o momento, a única actuación realizada foi o anuncio de inicio dun expediente expropiatorio sen que o único propietario afectado tivese máis noticias do acaso.

O retraso pode ser consecuencia da proverbial ineficacia do goberno do PP, produto dos recortes ou talvez o primeiro paso para o desmantelamento do centro médico de Souto de Veá. Sexa como for, e diante deste incumprimento da proposición non de lei aprobada polo Parlamento en Xullo de 2011, formúlanse as seguintes cuestións:



OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.es
15702 Santiago de Compostela
Galiza

1.- Cando se van iniciar as obras de melloría da seguranza viaria na PO-841 en Souto de Veá?

2.- Cal é a razón do incumprimento da proposición aprobada en Xullo de 2011?

Santiago de Compostela, a 4 de Decembro de 2012

Asdo.: Carlos Aymerich Cano

Deputado do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Carlos Ignacio Aymerich Cano na data 04/12/2012 12:41:55



BLOQUE NACIONALISTA GALEGO

OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545

Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421

gp-bng@parlamentodegalicia.es

15702 Santiago de Compostela

Galiza

Á Mesa do Parlamento

Carlos Aymerich Cano, deputado pertencente ao **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Pregunta** para a súa resposta **escrita**, relativa á melloría da seguranza viaria na PO-841 no acceso ao centro de saúde de Souto de Veá, no concello da Estrada.

En Febreiro de 2011 a Comisión 2ª do Parlamento aprobou por unanimidade unha iniciativa do GP do BNG en virude da cal se instaba ao goberno a mellorar urxentemente a seguranza viaria na PO-841 ao seu paso por Souto de Veá a fin, entre outras cousas, de mellorar o acceso ao centro médico situado nesta localidade. A iniciativa aprobada establecía que as obras deberían estar concluídas no primeiro semestre de 2012.

Porén, até o momento, a única actuación realizada foi o anuncio de inicio dun expediente expropiatorio sen que o único propietario afectado tivese máis noticias do acaso.

O retraso pode ser consecuencia da proverbial ineficacia do goberno do PP, produto dos recortes ou talvez o primeiro paso para o desmantelamento do centro médico de Souto de Veá. Sexa como for, e diante deste incumprimento da proposición non de lei aprobada polo Parlamento en Febreiro de 2011, fórmulanse as seguintes cuestións:



BLOQUE NACIONALISTA GALEGO

OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.es
15702 Santiago de Compostela
Galiza

1.- Cando se van iniciar as obras de melloría da seguranza viaria na PO-841 en Souto de Veá?

2.- Cal é a razón do incumprimento da proposición aprobada en Febreiro de 2011?

Santiago de Compostela, a 4 de Decembro de 2012

Asdo.: Carlos Aymerich Cano

Deputado do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Carlos Ignacio Aymerich Cano na data 04/12/2012 13:49:03



BLOQUE NACIONALISTA GALEGO

OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.es
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

Tereixa Paz Franco e Ana Belén Pontón Mondelo, deputadas do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para a súa resposta escrita**, relativa ás consecuencias da sentenza en relación coa AG 53 e as actuacións da Xunta de Galiza en relación coa situación que esta provoca.

Recentemente tense feito pública a sentenza que atendendo a demanda formulada por veciñas e veciños de Santa Cruz de Arrabaldo afectados pola AG-53 declara “ilegal” o trazado finalmente executado e plenamente operativo de dito vial.

Desde logo a situación que xera esta sentenza obriga á Administración galega a unha actuación inmediata non só para determinar as consecuencias sociais e económicas que para o erario público podería ter unha eventual execución de dita sentenza así como avaliar as alternativas que o Goberno galego pode impulsar para dar unha saída legal, operativa e non lesiva para o interese xeral a esta situación.

Estas son as razóns polas que o Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego, a través das deputadas asinantes, formula a seguinte Pregunta para a súa resposta escrita:

1ª) Que avaliación realiza o seu departamento en relación coas consecuencias da sentenza ditada atendendo á demanda formulada contra o trazado da AG 53?



BLOQUE NACIONALISTA GALEGO

OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.es
15702 Santiago de Compostela
Galiza

2ª) Ten realizado algunha análise das consecuencias que esta sentenza ten para o erario público?

3ª) Ten iniciado algunha actuación de interlocución cos demandantes tendente a promover algún acordo para a execución da sentenza?

4ª) De ser así, que actuacións?

5ª) Que formulacións plantexa a Administración para nese ámbito procurar unha solución que cumprindo a legalidade que establece a sentenza satisfaga o dereito dos demandantes e o interese xeral?

6ª) Cal é a situación actual?

Santiago de Compostela, 4 de Decembro de 2012

Asdo. **Tereixa Paz Franco**

Ana Belén Pontón Mondelo

Deputadas do G.P. do BNG



OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.es
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Asinado dixitalmente por:

María Tareixa Paz Franco na data 04/12/2012 11:40:30

Ana Belén Pontón Mondelo na data 04/12/2012 11:40:39

Á Mesa do Parlamento

José Luis Méndez Romeu, José Manuel Gallego Lomba e Beatriz Sestayo Doce, deputados e deputada pertencentes ao **Grupo Parlamentario Socialista**, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa a seguinte **pregunta** para a súa resposta **escrita**.

Partido dos
Socialistas
de Galicia

A política de transportes da Xunta non ten abordado ata hoxe unha solución eficaz das necesidades das áreas metropolitanas. Así, as demandas de acceso doado entre a cidade central, provedores de servizos, os lugares residenciais e os polígonos empresariais, non están resoltas. As razóns son varias: a estrutura das concesións administrativas que segrega liñas urbanas das liñas interurbanas, a ausencia dun marco administrativo común que evite a duplicidade competencial actual, a ausencia dos sectores empresariais e laborais no deseño das estratexias políticas, etc.

Para os cidadáns metropolitanos a situación é totalmente incomprensible. O que fan a cotío: residir nun concello, traballar noutro, mercar nun terceiro. Ese esquema vital non ten solucións axeitadas no transporte público. A única opción é a utilización para cada traxecto de dúas ou máis liñas de transporte, sen conexións inmediatas, con custos importantes e con consumo de tempo inaceptable. Cando os horarios laborais son extremos, a dificultade para utilizar medios públicos de transporte, medra ata facelo imposible.

Na pasada lexislatura a Xunta no foi quen a enfrontar este problema. Como se o traballo fose unha aldraxe, as necesidades dos traballadores non están presentes na política de transportes: rutas, frecuencias, horarios, tarifas. A única iniciativa proposta, un plan de aparcamentos disuasorios, pouco elaborado e aínda sen desenvolver. Aínda que si se coñece que será un plan de explotación privado que encarecerá o transporte.

En consecuencia, faise necesario recabar a colaboración dos concellos e das empresas para deseñar solucións axeitadas ás necesidades dos grandes núcleos empresariais, sexan comerciais ou

Grupo Parlamentario

industriais, que permitan o acceso dos traballadores ao posto de traballo en transporte colectivo.

En consecuencia, os deputados e a deputada que asinan formulan as seguintes preguntas para a súa resposta escrita.

Partido dos
Socialistas
de Galicia

1.^a) Ten previsto o Goberno galego desenvolver iniciativas de transporte colectivo aos polígonos empresariais galegos dende os núcleos de poboación do seu contorno, e no seu caso en que prazo?

2.^a) Que obstáculos impiden o seu desenvolvemento?

3.^a) Cal será o orzamento previsto?

4.^a) Serán integrais as liñas urbanas e interurbanas?

5.^a) En que estado se atopa o Plan de aparcamentos disuasorios?

Pazo do Parlamento, 3 de decembro de 2012

Asinado dixitalmente por:

José Luís Méndez Romeu na data 04/12/2012 18:29:42

José Manuel Gallego Lomba na data 04/12/2012 18:30:05

Beatriz Sestayo Doce na data 04/12/2012 18:30:20



BLOQUE NACIONALISTA GALEGO

OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545

Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421

gp-bng@parlamentodegalicia.es

15702 Santiago de Compostela

Galiza

Á Mesa do Parlamento

Carlos Aymerich Cano e **Cosme Pombo Rodríguez**, deputados pertencentes ao **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta** para a súa resposta **escrita**, relativa ao inicio inmediato das obras de ampliación do CEIP “Sada e os seus contornos”.

O pasado mes de Xullo, nun anuncio de claro sabor pre-electoral, dábase a coñecer o acordo entre o Concello de Sada e a Xunta para a ampliación do CEIP “Sada e os seus contornos” construindo cinco novas aulas debaixo do patio do centro, sen necesidade de expropriar ningunha parcela e integrando un terreno colindante de titularidade municipal que xa foi cedido á administración autonómica. Non foi sen tempo. Despois de moitas voltas – explicábeis, sen dúbida, polos recortes en educación pública e o sectarismo do goberno de Feijoo – os gobernos do PP en Sada e en Galiza facían súa unha vella proposta do anterior goberno municipal sadense do BNG: que Sada non precisa un novo centro nas Brañas, que a solución ás prementes carencias do ensino público en Sada poden e deben solucionarse ampliando o CEIP “Sada e os seus contornos”.

Semella, porén, que todo ficou en foguetaría propagandística. Cinco meses despois a Xunta non investiu aínda nin só euro na ampliación do centro e a comunidade educativa teme que, de non se producir un inmediato cambio de actitude na Xunta do PP, as obras non estexan rematadas antes do inicio do próximo curso 2013-2014.



BLOQUE NACIONALISTA GALEGO

OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.es
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Así as cousas, formúlase a seguinte cuestión:

Van estar as obras de ampliación do CEIP “Sada e os seus contornos” rematadas antes do inicio do curso 2013-2014?

Santiago de Compostela, a 5 de Decembro de 2012

Asdo.: Carlos Aymerich Cano

Deputado do G.P. do BNG

Cosme Pombo Rodríguez

Deputado do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Carlos Ignacio Aymerich Cano na data 05/12/2012 13:08:54

Cosme Eladio Pombo Rodríguez na data 05/12/2012 13:09:08

Á Mesa do Parlamento

Partido dos
Socialistas
de Galicia

José Luis Méndez Romeu, Francisco Caamaño Domínguez e Carmen Acuña do Campo, deputados e deputada pertencentes ao **Grupo Parlamentario Socialista**, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa a seguinte **pregunta** para a súa resposta **escrita**.

O concello de Parada do Sil, na Ribeira Sacra, ocupa parte dun dos máis fermosos lugares de Galicia, o Cañón do Sil. A súa poboación apenas sobarda os 700 habitantes e non hai actividade económica sostible. Agás a derivada da posta en valor da paisaxe e a riqueza monumental. Nese senso o concello, coa axuda doutras institucións e con fondos europeos, está levando adiante a recuperación e posta en valor de lugares como a Fábrica da Luz, as tumbas antropomorfas de San Víctor, máis de corenta e o Mosteiro de Santa Cristina de Ribas de Sil.

Ese esforzo feito por unha institución de recursos modestos como é o Concello, está permitindo que agrome un nivel de visitantes importante. Así o mosteiro rexistrou neste ano 11.000 visitas.

Pero existen problemas que necesitan da colaboración activa da Administración galega. Así, o devandito mosteiro, Ben de Interese Cultural e recentemente restaurado, non conta con subministro de enerxía nin de auga. En consecuencia no é posible dotalo de aseos e a Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria. non ten autorizado a radicación provisoria de instalacións químicas.

A Fábrica da Luz, en curiosa contradición, non ten enerxía e o custe da instalación é de 50.000 euros. Curiosamente a empresa subministradora é a mesma adxudicataria de máis de 300 MWH no último concurso eólico. Ademais sería necesario poñer en marcha un centro de interpretación, para o que xa está redactado o estudo. As tumbas antropomórficas necesitarían ser musealizadas.

Grupo Parlamentario

Existe pois o potencial para dinamizar a actividade económica do concello, tense adiantado moito na posta en valor do patrimonio, pero urxe a cooperación da Xunta na resolución dos problemas devanditos.

Partido dos
Socialistas
de Galicia

En consecuencia, os deputados que asinan formulan as seguintes preguntas para a súa resposta escrita.

1.^a) Que previsións ten o Goberno galego para a posta en valor do Mosteiro de Santa Cristina de Ribas de Sil e das tumbas antropomorfas de San Víctor?

2.^a) En que prazos e cal será o investimento?

3.^a) Crearase un centro de interpretación?

Pazo do Parlamento, 5 de decembro de 2012

Asinado dixitalmente por:

José Luís Méndez Romeu na data 10/12/2012 17:00:50

Francisco Manuel Caamaño Domínguez na data 10/12/2012 17:01:59

María Carmen Acuña do Campo na data 10/12/2012 17:02:12



BLOQUE NACIONALISTA GALEGO

OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545

Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421

gp-bng@parlamentodegalicia.es

15702 Santiago de Compostela

Galiza

Á Mesa do Parlamento

Ana Belén Pontón Mondelo, deputada pertencente ao **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Pregunta** para a súa resposta **escrita**, relativa as campañas de publicidade e propaganda da Consellaría de Medio Ambiente, Territorio e Infraestruturas no ano 2012.

Coa finalidade de coñecer os gastos en publicidade e propaganda da Consellaría de Medio Ambiente, Territorio e Infraestruturas durante o ano 2012 formulamos as seguintes preguntas para a súa resposta escrita:

-Que cantidade global destinou a Consellaría de Medio Ambiente, territorio e Infraestruturas e os seus organismos adscritos durante o ano 2012 a gasto en propaganda e publicidade?

-Cal é o custe desglosado por cada unha das campañas?

-Cales foron os sorportes e medios de comunicación no que se inseriron estas campañas e a cantidade que recibiron por estes insertos publicitarios?

-Realizou a Consellaría de Medio Ambiente, territorio e Infraestruturas e os seus organismos adscritos convenios con medios de comunicación públicos ou privados?

-En caso afirmativo, cal foi o obxecto deses convenios e o importe de cada un dos mesmos?

Santiago de Compostela, 12 de decembro de 2012

Asdo: **Ana Belén Pontón Mondelo**



BLOQUE NACIONALISTA GALEGO

OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.es
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Deputada do GP. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Ana Belén Pontón Mondelo na data 12/12/2012 18:15:40



BLOQUE NACIONALISTA GALEGO

OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545

Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421

gp-bng@parlamentodegalicia.es

15702 Santiago de Compostela

Galiza

Á Mesa do Parlamento

Ana Belén Pontón Mondelo, deputada pertencente ao **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Pregunta** para a súa resposta **escrita**, relativa á colaboración da Xunta de Galiza con Gas Natural Fenosa e a difusión de campañas que exclúen a lingua galega.

Na factura da luz que chega aos e ás consumidoras galegas no presente mes adxúntase un folleto informativo da Xunta de Galiza, que polo reverso fai publicidade do Museo do Gas co que conta a Fundación GasNatural Fenosa na cidade de Barcelona.

Sobre este folleto hai varias cousas que chaman poderosamente a atención:

1º- Que se empregue o logotipo da Xunta para para difundir unhas instalacións privadas e ubicadas fóra do territorio galego.

3º- Que a Campaña da Xunta de Galiza, emprego en exclusiva o castelán e exclúa o uso do galego. Esta actitude é expresiva da continúa exclusión do noso idioma que vén practicando o Goberno Galego e que o sitúa fóra do cumprimento da legalidade.

A fin de esixir información e responsabilidades sobre este asunto formulamos as seguintes preguntas para a súa resposta escrita:

-Que razóns levaron á Xunta de Galiza a difundir a campaña “Disfruta del agua con responsabilidad” a través da factura da luz da empresa Gas Natural Fenosa?

-Cal foi o custe desta campaña para as arcas públicas galegas?



BLOQUE NACIONALISTA GALEGO

OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.es
15702 Santiago de Compostela
Galiza

-Cal foi a fórmula de contratación desta campaña?

-Que razóns levaron á Xunta de Galiza a excluír a lingua galega da mesma?

-É consciente a Xunta de Galiza que esta actitude de exclusión da lingua galega colisiona coa obriga legal de protexer, amparar e promocionar a lingua propia de Galiza?

-Era coñecedora a Xunta de Galiza que no reverso deste folleto a Fundación gas Natural Fenosa ía promocionar unhas instalacións privadas?

-Ten previsto á Xunta de Galiza rectificar a súa posición de exclusión da lingua galega nas súas campañas publicitarias?

Santiago de Compostela, 12 de decembro de 2012

Asdo: **Ana Belén Pontón Mondelo**

Deputada do GP. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Ana Belén Pontón Mondelo na data 12/12/2012 18:17:46



BLOQUE NACIONALISTA GALEGO

OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.es
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

María do Carme Adán Villamarín e Ana Belén Pontón Mondelo, deputadas do Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG), ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta** para a súa resposta **escrita**, relativa ao mantemento do museo MARCO de Vigo.

Toda a actividade e o traballo cultural que o museo MARCO de Vigo ven desenvolvendo desde 2002 corre un serio perigo de desaparecer. O MARCO, un dos museos máis novos de Galiza, foi quen de converterse nun referente na cidade de Vigo, en Galiza e tamén fora das nosas fronteiras no eido da arte contemporánea. Cun número de visitantes máis que satisfactorio -máis de 110.000 visitas no 2011- conseguiu a difícil tarefa de fomentar hábitos de consumo cultural. Como podemos ler na súa propia páxina: “A liña de programación do MARCO céntrase en exposicións temporais, ata agora temáticas e colectivas, e que a partir do ano 2009 se completa cunha nova liña de exposicións individuais. O programa educativo -visitas e talleres para escolares, actividades para familias, obradoiros infantís de verán, cursos de adultos, visitas guiadas, talleres de artista- e o conxunto de actividades paralelas e complementarias das exposicións -xornadas, seminarios, conferencias, concertos, ciclos de cinema...- ademais dos servizos da Biblioteca-Centro de Documentación e das actividades da Agrupación de Amigos, son outros compoñentes esenciais na oferta do MARCO aos seus visitantes.”

No 2012 o museo MARCO tivo un duro camiño por diante debido á falta de compromiso orzamentario por parte dos integrantes da Fundación Marco. A Fundación Marco é unha fundación de interese galego que, baixo a tutela do



BLOQUE NACIONALISTA GALEGO

OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galicia

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.es
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Servizo de Fundacións da Xunta de Galicia, xestiona as actividades do Museo. Foi creada o 22 de outubro de 2002 cos representantes do Concello de Vigo, Caixanova, a Xunta de Galicia e a Deputación provincial de Pontevedra. O 11 de xaneiro do ano 2006, o Ministerio de Cultura entrou a formar parte do padroado desta fundación. Na actualidade, tanto Caixanova como a Deputación de Pontevedra teñen expresado a súa renuncia expresa a formar parte do padroado da Fundación Marco. Isto implica, por unha banda, unha redución de ingresos considerábel por parte da Fundación e, por outra, o abandono premeditado da Deputación de Pontevedra e de NovaGalicia Banco da promoción cultural e artística na cidade de Vigo.

O goberno galego durante os últimos tres anos puxo grandes trabas ao desenvolvemento cultural do país empregando a crise económica como coartada. Os escasos fondos que manexaba a Consellaría de Cultura son enterrados no mantemento da Cidade da Cultura, que lonxe de todos expectativas non consegue dinamizar o tecido turístico nin cultural do país e moito menos o da cidade de Vigo. No ano 2012, a Fundación Cidade da Cultura tivo como previsión uns orzamentos que superan os 17 millóns de euros, unha cifra similar a todo o que gasta o goberno galego en Galiza en atender os arquivos, bibliotecas, museos e equipamentos culturais ou a dotación para a protección e promoción do patrimonio histórico, artístico e cultural. De feito, os gastos do Gaiás cuatriplican o que se destina a intervencións no patrimonio cultural -4,1 millóns de euros-ou multiplican por once a cifra destinada a adquirir novidades para as bibliotecas públicas galegas -1,5 millóns de euros-. Estas cifras ilustran a desproporción de fondos e a grave situación que se albisca para o futuro da cultura.

A situación do MARCO para o 2013 é moi incerta, xa que ao desleixo do PP na Deputación e a Xunta de Galiza agora súmase os recortes do Concello de



BLOQUE NACIONALISTA GALEGO

OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.es
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Vigo para o vindeiro exercicio. A Plataforma de Apoio e a Agrupación de Amigos acaban de iniciar unha campaña co obxectivo de sensibilizar a cidadanía e políticos/as para que o MARCO poida continuar co seu importante labor. O Parlamento galego non pode ser alleo a este problema e debe mostrar o seu apoio ao proxecto cultural do MARCO de Vigo.

Por todo isto, formulamos as seguintes preguntas para a súa resposta escrita:

- 1.- Que plan de traballo ten a Secretaría xeral de Cultura para garantir a viabilidade do museo Marco de Vigo?
- 2.- Que fondos vai provisionar a Secretaria xeral de Cultura nos orzamentos de 2013 para garantir a viabilidade do proxecto?

Santiago de Compostela, 17 de decembro de 2012

Asdo.: **Maria do Carme Adán Villamarín**

Ana Belén Pontón Mondelo

Deputadas do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:



OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.es
15702 Santiago de Compostela
Galiza

María do Carme Adán Villamarín na data 17/12/2012 16:23:13

Ana Belén Pontón Mondelo na data 17/12/2012 16:23:23

Grupo Parlamentario

Á Mesa do Parlamento

Ricardo Vicente Docasar Docasar, Concepción Burgo López e Francisco Caamaño Domínguez, deputados e deputada pertencentes ao **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa a seguinte **pregunta oral en Pleno**.

O Grupo Parlamentario Socialista considera que a implicación do profesorado é totalmente imprescindible para o bo funcionamento do sistema educativo. Nos últimos tempos, o Goberno do PP vén atacando aos profesionais da educación coa posta en marcha das seguintes medidas: recortes de medios humanos e materiais, aumento do número de alumnos por aula, ampliación da súa xornada laboral, recorte dos seus salarios, obrigatoriedade de impartir materias afíns para as que non se atopan preparados, eliminación de apoios e reforzos para alumnos con dificultades de aprendizaxe, non pagarlles se se poñen enfermos, e mesmo desacreditalos en público ante o conxunto da sociedade.... Por se iso fora pouco, agora o Goberno do Estado propón implantar unha nova lei educativa (LOMCE) profundamente ideolóxica e de partido, sen o lóxico consenso da comunidade educativa.

Polo exposto, os deputados e deputada asinantes formulan a seguinte pregunta:

Como pensan vostedes conseguir nestas circunstancias a implicación do profesorado?

Pazo do Parlamento, a 7 de Decembro de 2012

Asinado dixitalmente por:

Ricardo Vicente Docasar Docasar na data 07/12/2012 14:08:14

María Concepción Burgo López na data 07/12/2012 14:08:32



Grupo Parlamentario

Francisco Manuel Caamaño Domínguez na data 07/12/2012 14:08:43

Partido dos
Socialistas
de Galicia

Á Mesa do Parlamento

Partido dos
Socialistas
de Galicia

Carmen Gallego Calvar, Raúl Fernández Fernández, Patricia Vilán Lorenzo e José Antonio Sánchez Bugallo, deputadas e deputados pertencentes ao **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa a seguinte **pregunta** para a súa resposta **oral en Pleno**.

O corredor de O Morrazo leva xa 11 persoas falecidas dende que entrou en funcionamento no ano 2005.

A necesidade imperiosa do desdoblamento deste vial para paliar as graves deficiencias que presenta en materia de seguridade viaria choca coa impasividade do Goberno de Alberto Núñez Feijóo.

As familias das vítimas están indignadas e os veciños e veciñas de O Morrazo son solidarios na súa dor e na súa indignación.

O desdoblamento do corredor de O Morrazo debería estar rematado neste ano 2012 si o Goberno de Núñez Feijóo fixera con dilixencia o seu traballo.

A paralización do procedemento administrativo para levar a cabo o proxecto de desdoblamento e das vías de circunvalación de Cangas e Moaña iniciado no ano 2008 polo Goberno presidido por Emilio Pérez Touriño foi unha constante dende que Núñez Feijóo chegou ao Goberno da Xunta de Galicia.

A pesares das múltiples escusas e mentiras pergeñadas dende o Goberno galego nestes case catro anos de lexislatura pasada para conseguir o favor electoral dos veciños e veciñas de O Morrazo, nos procesos de eleccións municipais, xerais e autonómicas, a realidade teimuda é de que se perderon catro valiosos anos para desdobrar este vial e rematar as conexións internas da comarca de O Morrazo.

No pasado verán, nun último intento de manipulación da opinión pública e incumprindo unha vez máis os prazos dados polo propio Goberno Feijóo, publícase no DOG para a súa exposición pública o Plan de mobilidade viaria da península de O Morrazo, rimbombante nome para esconder unha vez máis o adiamento dos compromisos adquiridos con esta comarca.

Grupo Parlamentario

Ese Plan de mobilidade xa coñecemos hoxe que non conta coa aceptación dunha parte importante da cidadanía nin dos grupos políticos presentes nos gobernos e na oposición dos concellos afectados, o que provocou unha ampliación do prazo de exposición pública e varias alegacións ao seu contido.

Partido dos
Socialistas
de Galicia

Diante desta situación e cun grave balance de vítimas mortais no corredor que amosan como ineficaces as medidas de seguridade viaria implantadas pola Xunta de Galicia, extremo do que xa advertimos dende o PSdeG -PSOE en varias ocasións, as deputadas e os deputados que asinan formulan a seguinte pregunta para o seu debate en Pleno:

Ata cantas vítimas máis soportará o Goberno galego no corredor de O Morrazo antes de que o presidente Feijóo cumpra co compromiso do seu desdobramento?

Pazo do Parlamento, 10 de decembro de 2012

Asdo.: Carmen Gallego Calvar
Raúl Fernández Fernández
Patricia Vilán Lorenzo
José Antonio Sánchez Bugallo
Deputadas e deputados do G.P.dos Socialistas de Galicia

Asinado dixitalmente por:

María Carmen Gallego Calvar na data 10/12/2012 13:10:33

Raúl Fernández Fernández na data 10/12/2012 13:10:40

Patricia Vilán Lorenzo na data 10/12/2012 13:10:51

José Antonio Sánchez Bugallo na data 10/12/2012 13:10:58

Á Mesa do Parlamento

José Luis Méndez Romeu, José Manuel Gallego Lomba e Beatriz Sestayo Doce, deputados e deputada, pertencentes ao **Grupo Parlamentario Socialista**, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa a seguinte **pregunta** para a súa resposta **oral en Pleno**.

Partido dos
Socialistas
de Galicia

“Non me consta que ESTELA EÓLICA cumpra co seu plan industrial”, dicía publicamente o presidente da Xunta hai uns días. Unha mensaxe repetida dúas veces na mesma intervención pública, outorgando así transcendencia a unha evidencia. O proxecto para a construción dunha segunda planta de incineración no Sur de Galicia, como contrapartida á concesión de máis de 3.300 megavatios no concurso eólico non será desenvolvido.

Pero o presidente Núñez Feijoo elude comentar as causas desa evidencia. A primeira, a inviabilidade xeral dos plans industriais asociados ao concurso eólico, así como do propio desenvolvemento da enerxía eólica. O Real decreto lei 1/2012, que suspende as primas ás novas instalacións e pecha o rexistro de preasignacións, fai inviable todas as propostas aprobadas no concurso galego. Ademais a irrealidade dos proxectos industriais queda de manifesto pouco a pouco. ESTELA EÓLICA condicionaba todo o proceso de construción dunha planta incineradora, ás subvencións da Xunta, algo que estaba excluído das bases do concurso pero que foi tolerado. Ademais presentaba niveis de endebedamento financeiro que no contexto actual da crise económica, son irrealis.

Estamos así diante dun dos fracasos máis clamorosos do Goberno. Nin unha instalación industrial nova derivada do concurso, nin un megavatio máis en funcionamento. Logo de paralizar o concurso do anterior Goberno, o actual revelase como incapaz de levar adiante un novo concurso. Vontade revisionista pero ningunha capacidade para construír o futuro. Unha lexislatura perdida en materia enerxética.

Grupo Parlamentario

Así, o único proxecto ambicioso do Goberno, morre antes de desenvolverse. Nin a Lei de política industrial ten producido ningún investimento, nin foron confirmados os sucesivos anuncios de grandes investimentos estranxeiros en distintos puntos de Galicia. O fracaso da política industrial da Xunta actual, é absoluto.

Partido dos
Socialistas
de Galicia

Pero tamén cómpre preguntarse polo estado concreto dos demais proxectos industriais anunciados polo Goberno. É por iso que os deputados e a deputada que asinan formulan a seguinte pregunta para a súa resposta oral en Pleno.

Que valoración fai o Goberno galego do estado dos proxectos industriais asociados ao Plan eólico?

Pazo do Parlamento, 12 de decembro de 2012

Asinado dixitalmente por:

José Luís Méndez Romeu na data 12/12/2012 12:56:29

José Manuel Gallego Lomba na data 12/12/2012 12:56:39

Beatriz Sestayo Doce na data 12/12/2012 12:56:54

Á Mesa do Parlamento

Partido dos
Socialistas
de Galicia

Beatriz Sestayo Doce, José Luis Méndez Romeu e José Manuel Gallego Lomba, deputada e deputados pertencentes ao **Grupo Parlamentario Socialista**, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa a seguinte **pregunta** para a súa resposta **oral** en **Comisión**..

O Plan Ferrol, aprobado no seu día polo Goberno socialista presidido por José Luis Rodríguez Zapatero, e que atopou por aquel entón a colaboración e o impulso fundamental no Goberno presidido por Emilio Pérez Touriño foi sufrindo dende a toma de posesión dos executivos do PP un deterioro tantas veces denunciado como tantas veces non escoitado. A lexislatura anterior foi unha mostra de deterioro, elaboración de documentos propagandísticos esperpénticos e falla absoluta de vontade política para traballar nun plan que se deixaba esmorecer.

A falla de folla de ruta crible, a falla de rigor, a arbitrariedade por parte da Xunta nas prioridades, a descapitalización, a falla de diálogo fixo do Plan Ferrol unha feble sombra do que tiña sido e do obxecto co que naceu. Mentres Ferrolterra desángrase na perda de postos de traballo e de poboación, a Xunta de Galicia de Feijoo deixou morrer todos os instrumentos para impulsar a economía e o emprego nesta zona.

A realidade é que os sindicatos denuncian a falla de vontade política da dereita galega para defender o Plan Ferrol, as empresas quéixanse das dificultades que atopan para desenvolver proxectos que serían estratéxicos para a comarca así como as dificultades impostas polo PP para a concesión de axudas que se teñen convertido en opacas

En virtude do exposto, a deputada e os deputados que asinan formulan a seguinte pregunta para a súa resposta oral en Comisión:

Cal vai ser a política a seguir polo actual Goberno da Xunta respecto ao Plan Ferrol?

Pazo do Parlamento, 3 de decembro de 2012

Asinado dixitalmente por:

Beatriz Sestayo Doce na data 03/12/2012 17:23:25

José Luís Méndez Romeu na data 03/12/2012 17:23:41



PSG
PSOE



 Grupo Parlamentario

José Manuel Gallego Lomba na data 03/12/2012 17:26:09

Partido dos
Socialistas
de Galicia

Grupo Parlamentario

Á Mesa do Parlamento

Ricardo Vicente Docasar Docasar, Concepción Burgo López e Francisco Caamaño Domínguez, deputados e deputada pertencentes ao **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa a seguinte **pregunta oral en Comisión**.

O Grupo Parlamentario Socialista considera que a implicación do profesorado é totalmente imprescindible para o bo funcionamento do sistema educativo. Nos últimos tempos, o Goberno do PP vén atacando aos profesionais da educación coa posta en marcha das seguintes medidas: recortes de medios humanos e materiais, aumento do número de alumnos por aula, ampliación da súa xornada laboral, recorte dos seus salarios, obrigatoriedade de impartir materias afíns para as que non se atopan preparados, eliminación de apoios e reforzos para alumnos con dificultades de aprendizaxe, non pagarlles se se poñen enfermos, e mesmo desacreditalos en público ante o conxunto da sociedade.... Por se iso fora pouco, agora o Goberno do Estado propón implantar unha nova lei educativa (LOMCE) profundamente ideolóxica e de partido, sen o lóxico consenso da comunidade educativa.

Polo exposto, os deputados e deputada asinantes formulan a seguinte pregunta:

Como pensan vostedes conseguir nestas circunstancias a implicación do profesorado?

Pazo do Parlamento, a 7 de Decembro de 2012

Asinado dixitalmente por:

Ricardo Vicente Docasar Docasar na data 07/12/2012 14:15:34

María Concepción Burgo López na data 07/12/2012 14:15:44



 Grupo Parlamentario

Francisco Manuel Caamaño Domínguez na data 07/12/2012 14:15:51

Partido dos
Socialistas
de Galicia



OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.es
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

Ana Belén Pontón Mondelo e Carlos Aymerich Cano, deputada e deputado do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para a súa resposta escrita**:

- 1ª) Entre os anos 2009-2012, cantos convenios asinou a Consellaría de Sanidade co Concello de Melide (A Coruña?
- 2ª) Cales foron os motivos ou xustificación de cada un dos convenios?
- 3ª) Cal foi a achega económica da Consellaría a cada un dos convenios?

Santiago de Compostela, 17 de xaneiro de 2013

Asdo.: Ana Belén Pontón Mondelo

Carlos Aymerich Cano

Deputada e deputado do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Ana Belén Pontón Mondelo na data 17/01/2013 11:19:27



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 17/01/2013 11:20
Nº Rexistro: 2277
Data envío: 17/01/2013 11:20:00.336



BLOQUE NACIONALISTA GALEGO

OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.es
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Carlos Ignacio Aymerich Cano na data 17/01/2013 11:19:34



BOLETÍN OFICIAL DO PARLAMENTO DE GALICIA

Edición e subscricións: Servizo de Publicacións do Parlamento de Galicia.
Hórreo, 63. 15702. Santiago de Compostela. Telf. 981 55 13 00. Fax. 981 55 14 25

Dep. Leg. C-155-1982. ISSN 1133-2727